

clandestina de persoas desde, en tránsito ou con destino a España, ou con destino a outro país da Unión Europea, será castigado coa pena de catro a oito anos de prisión.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Un. Modifícase a letra f) do número 2 do artigo 86 ter, coa seguinte redacción:

«f) Dos procedementos de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e o seu dereito derivado, así como os procedementos de aplicación dos artigos que determine a Lei de defensa da competencia.»

Dous. Engádese un novo número 3 ao artigo 86 ter, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Os xulgados do mercantil terán competencia para o recoñecemento e execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais e arbitrais estranxeiras, cando estas versen sobre materias da súa competencia, a non ser que, conforme o acordado nos tratados e Noutras normas internacionais, corresponda o seu coñecemento a outro xulgado ou tribunal.»

Tres. Modifícase o número 5 do artigo 447, coa seguinte redacción:

«5. Os secretarios substitutos non profesionais percibirán as retribucións correspondentes ao posto de traballo desempeñado.

Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados que terán efectos retributivos conforme o establecido na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado. Este recoñecemento efectuarase logo de solicitude do interesado.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 489, coa seguinte redacción:

«2. Os nomeados deberán reunir os requisitos e titulación necesarios para o ingreso no corpo; tomarán posesión no prazo que regulamentariamente se estableza e terán os mesmos dereitos e deberes que os funcionarios, agás a fixeza no posto de traballo e as mesmas retribucións básicas e complementarias.

Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados que terán efectos retributivos conforme o establecido na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado. Este recoñecemento efectuarase logo de solicitude do interesado.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 509, coa seguinte redacción:

«2. Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a tres anos, os funcionarios para atender o coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta Lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 19 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

19880 *LEI 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.* («BOE» 278, do 20-11-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

As grandes transformacións políticas e sociais que viviu España nos últimos trinta anos, ben como o cambio da súa posición no escenario internacional dun mundo en rápida evolución, tiveron reflexo nas normas que establecen o marco xurídico da defensa e, en consecuencia, nun dos seus recursos clave: o persoal militar.

A Lei orgánica 6/1980, do 1 de xullo, reguladora dos criterios básicos da defensa nacional e a organización militar, iniciou o proceso de adaptación de nosas Forzas Armadas ao sistema político establecido pola Constitución de 1978. Esta lei orgánica facía referencia a que unha serie de aspectos esenciais do réxime de persoal, tales como o ensino militar, as escalas, o réxime de ascensos e recompensas, os sistemas de ingreso e retiro e os empregos dos membros das Forzas Armadas, se regularían por lei seguindo os criterios unificadores que establecía.

Tal exixencia materializouse na Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, que supuxo un fito na racionalización e fixación de criterios homoxéneos na política de persoal militar. Previamente, o Real decreto lei 1/1988, do 22 de febreiro, dera paso á incorporación da muller ás Forzas Armadas en consonancia cos cambios sociais acaecidos en España.

Ao longo da década dos anos noventa, coincidindo co proceso de aplicación e desenvolvemento da Lei 17/1989, do 19 de xullo, cambiou profundamente o contexto estratéxico. A un tempo que ía desaparecendo a política de bloques da guerra fría, xurdían novas misións fóra do territorio nacional e evidenciábase a necesidade de contar cunhas Forzas Armadas cun elevado nivel de preparación, un alto grao de dispoñibilidade e unha notable capacidade de reacción.

Estes criterios, unidos ás demandas da sociedade, propiciaron a constitución dunha Comisión Mixta Congreso dos Deputados-Senado, que determinou en 1998 os principios xerais dun novo modelo de Forzas Armadas plenamente profesionais. De conformidade co ditame da Comisión promulgouse a Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, que supuxo a suspensión do servizo militar obrigatorio.

Posteriormente, a presenza dun número significativo de cidadáns doutros países en España fixo aconsellable permitir o seu acceso á condición de militar profesional

de tropa e mariñeiría por medio da Lei 32/2002, do 5 de xullo, modificadora da Lei 17/1999, do 18 de maio.

II

A Directiva de defensa nacional do 30 de decembro de 2004, despois de realizar unha análise dos novos riscos e ameazas nos inicios deste século XXI, refírese á necesidade de transformación constante das Forzas Armadas, prestando grande atención aos recursos humanos que as sustentan e desenvolvendo un novo modelo realista de profesionalización, baseado na calidade e na capacidade de atraer os cidadáns ao exercicio profesional nas Forzas Armadas.

No ámbito lexislativo o referido proceso de transformación iníciase coa Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional. Promulgada esta, o seguinte paso era desenvolver ese modelo de profesionalización e reformar a carreira militar. Aínda que tal obxectivo se podería ter alcanzado mediante unha soa norma que substituíse a vixente Lei 17/1999, do 18 de maio, dada a ambición dun proceso que requiría tempo suficiente de maduración e resultando perentorio consolidar a plena profesionalización das Forzas Armadas, elaborouse e promulgouse a Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, na cal tamén se insta a actualización do réxime do persoal militar.

En consecuencia, esta lei procede a regular os aspectos do réxime de persoal, conxunto sistemático de regras relativas ao goberno e ordenación dos recursos humanos, para que as Forzas Armadas estean nas mellores condicións de cumprir as misións definidas na Constitución e na Lei orgánica da defensa nacional.

Trátase de asegurar a calidade do persoal nunhas Forzas Armadas modernas e altamente tecnificadas, onde os recursos humanos constitúen un factor esencial e determinante. Por conseguinte, a política de persoal non só debe pretender cubrir as necesidades cuantitativas dos exércitos, senón atinxir a excelencia, tanto na etapa formativa como na selección dos máis cualificados para o ascenso e dos máis idóneos para o desempeño dos distintos destinos.

Con isto darase cumprimento a unha das directrices da Directiva de defensa nacional no sentido de reformar a carreira militar adoptando unha estrutura de corpos e escalas renovada, con sistemas de ascenso e promoción que incentiven a dedicación e o esforzo profesional. Esta directriz constitúe a mellor síntese do que se pretende con esta lei; de aí o seu título e a importancia que se lle dá á definición, descrición e desenvolvemento da carreira militar; carreira militar a que se accede despois de cursar o ensino de formación nun sistema específico das Forzas Armadas, cada vez máis integrado no sistema educativo xeral, e que queda definida pola ocupación de diferentes destinos, polo ascenso aos sucesivos empregos e pola progresiva capacitación para postos de maior responsabilidade, combinando preparación e experiencia profesional; carreira militar que, partindo dun modelo semellante para todos os militares profesionais, se debe desenvolver nunha estrutura renovada de corpos e escalas.

III

Esta lei ten moi en conta que quen se incorpora ás Forzas Armadas adquire condición militar e queda suxeito a un réxime específico. O obxectivo é, partindo dun bo cidadán, acrecentar os seus valores como tal durante a súa permanencia nas Forzas Armadas, convertelo nun excelente servidor público e facelo militar, é dicir, depositario da forza e capacitado e preparado para usala adecuadamente. Aquel a quen se confía o uso da forza debe adquirir o compromiso de empregala na forma e coa intensidade que a Nación, a través das Cortes Xerais e do

Goberno, ordene facelo de acordo coa Constitución e o resto do ordenamento militar, que tamén debe estar en disposición de afrontar as misións das Forzas Armadas en situacións de crise ou emerxencias.

Por todo isto, desde o momento do seu ingreso nas Forzas Armadas debe cumprir unhas regras de comportamento que se adquiren cun método continuado de formación e exixencia persoal. Ao incluílas nesta lei destácase a súa importancia no exercicio da función militar e dáse cumprimento á exixencia da Lei orgánica da defensa nacional de establecer, mediante lei e de acordo coa Constitución, as regras esenciais que definen o comportamento dos militares, en especial, a disciplina, a xerarquía, os límites da obediencia e o exercicio do mando militar. Estas regras esenciais deberán ser desenvolvidas, mediante real decreto, polas reais ordenanzas para as Forzas Armadas que, ademais, recollerán e actualizarán outras procedentes da tradición militar.

Tanto nas reais ordenanzas como nas regulacións regulamentarias do réxime do persoal militar profesional reincorporaranse os principios e normas de aplicación xeral ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, establecidos de acordo coa Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, coas adaptacións debidas á condición militar.

A igualdade efectiva de mulleres e homes en todo o relacionado co acceso ás Forzas Armadas, a súa formación e carreira militar é outro dos obxectivos da lei para responder ás novas realidades dos exércitos, onde a muller xa está presente nunha proporción progresivamente en aumento. Así mesmo, preténdese conxugar a dispoñibilidade permanente para o servizo, específica dos militares, coa conciliación da vida profesional, persoal e familiar.

IV

As necesidades de militares profesionais das Forzas Armadas son cubertas por militares de carreira, militares de tropa e mariñeiría e, en determinados supostos, por militares de complemento. Os de carreira, oficiais e suboficiais, manteñen unha relación de servizos de carácter permanente; os de tropa e mariñeiría, cuxo réxime esta regulado na citada Lei 8/2006, do 24 de abril, poderán adquirir a condición de militares de carreira cando accedan a unha relación de servizos de carácter permanente.

Consérvase a figura do militar de complemento, reforzando o seu carácter temporal con compromisos limitados até un máximo de oito anos, e permítese o acceso de estranxeiros ao Corpo Militar de Sanidade na especialidade de medicina.

Para os militares de complemento suxeitos á Lei 17/1999, do 18 de maio, establécese un réxime que lles permita, da mesma maneira que aos de tropa e mariñeiría, manter un compromiso de longa duración até os corenta e cinco anos, durante o cal poderán adquirir a condición de militares de carreira da forma que se regula especificamente para eles e a cuxa finalización pasarán a ser reservistas de especial dispoñibilidade.

Os militares profesionais intégranse no caso dos de carreira, ou adscribíense os de complemento, en corpos e escalas. Esta lei conserva a estrutura xeral de corpos sen máis cambio substancial que a supresión dos corpos de especialistas cuxos cometidos son asumidos polos corpos xerais, aínda que cun catálogo máis amplo de especialidades.

No que respecta ás escalas, as actuais escala superior de oficiais e escala de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña serán substituídas por unha nova e única escala de oficiais en cada corpo, co propósito de superar as disfuncións do modelo actual, acomodarse ao proceso de conformación do espazo europeo de edu-

cación superior e potenciar o papel dos suboficiais. Esta medida ten en conta, ademais, a experiencia de exércitos doutros países da nosa contorna.

A creación de escalas de tropa e mariñeira nos corpos xerais e de infantaría de mariña responde á concepción das Forzas Armadas como un conxunto harmónico onde o persoal profesional debe quedar integrado en escalas, o cal permite dar un tratamento adecuado á progresión destes militares para aumentar a súa identificación coa organización.

En relación cos membros dos corpos de enxeñeiros, a lei remite a unha nova regulación do seu réxime e funcións cando, segundo as titulacións de grao e posgrao de enxeñeiros, se actualicen as súas atribucións profesionais e se adecue a súa integración nos grupos de clasificación dos funcionarios ao servizo das administracións públicas, reforma que tamén haberá que abordar no Corpo Militar de Sanidade.

Na lei procédese a unha caracterización de cada unha das categorías militares. Salienta a alta dirección dos oficiais xenerais; as accións directivas, especialmente de mando, dos oficiais; o elo fundamental que para a organización constitúen os suboficiais; e a profesionalidade e dedicación dos militares de tropa e mariñeira, das cales depende en gran medida a eficacia da organización.

Desde o punto de vista das competencias, a lei é coherente coa Lei orgánica da defensa nacional. Neste sentido, refórzanse as que corresponden ao xefe de Estado Maior da Defensa, quen asesorará e informará o ministro de Defensa sobre o réxime do persoal militar, trasladará ao subsecretario de Defensa os requirimentos que, en materia de persoal militar, afecten a operatividade das Forzas Armadas e establecerá directrices para orientar a preparación da Forza de cada un dos exércitos con obxecto de asegurar a eficacia operativa das Forzas Armadas.

Asígnase aos órganos da Subsecretaría de Defensa unha responsabilidade maior no planeamento, a un tempo que, coa súa inclusión na lei, se destaca o mando ou xefatura de persoal de cada exército, o cal, baixo a dependencia do xefe de Estado Maior respectivo, vén configurarse como elemento esencial na aplicación e control daqueles asuntos que condicionan a carreira militar dos membros do seu respectivo exército, asumindo a función de os orientar profesionalmente.

Canto ao número de efectivos, fíxase nunha marxe entre 130.000 e 140.000, resultado de compaxinar as necesidades do planeamento militar coa realidade demográfica e social de noso país, ben como do adecuado equilibrio orzamentario. Establécese o número global máximo de oficiais e suboficiais e concrétese o de oficiais xenerais e o de coroneis.

V

O ensino militar experimenta unha importante reforma afondando no proceso iniciado pola Lei 17/1989, do 19 de xullo, onde a formación que permitía o acceso ás escalas de oficiais e suboficiais, obtida nos centros docentes militares, era equivalente a titulacións do sistema educativo xeral.

O ensino de oficiais e suboficiais manterá a exigencia dunha excelente formación militar, pois que é obxectivo imprescindible proporcionar aos membros das Forzas Armadas a requirida para o exercicio profesional nos diferentes corpos, escalas e especialidades e, así, poder atender as necesidades derivadas da organización e preparación das unidades e do seu emprego nas operacións.

Xunto a esa formación militar, será requisito para acceder ás escalas de oficiais obter un título de grao uni-

versitario e para as escalas de suboficiais unha titulación de formación profesional de grao superior.

A formación para o acceso ás escalas de oficiais realízase en academias militares, que impartirán o ensino de formación militar, encadrarán os alumnos e dirixirán e xestionarán o seu réxime de vida. As ensinanzas conducentes á obtención de títulos de grao universitario do sistema educativo xeral impartiranse nun innovador sistema de centros universitarios da Defensa adscritos a universidades públicas e situados nas citadas academias militares.

En lóxica coherencia con ese proceso de formación, establécese como criterio de ingreso nos centros docentes militares de formación de oficiais e nos centros universitarios da Defensa, que será simultáneo, ter cumprido os requisitos exixidos para o acceso ao ensino universitario, ademais das probas necesarias para ingresar nas academias militares. A selección continuará ao longo do proceso de formación; como consecuencia, nas provisións anuais de prazas ofertarase para o ingreso un número superior de prazas que o que se fíxe para o acceso posterior ás escalas de oficiais correspondentes. Con este sistema de ingreso e formación preténdese aumentar o número de aspirantes á carreira militar, mellorar a selección e formación e facilitar a mobilidade social.

Os suboficiais recibirán a formación militar e técnica necesaria para obter en centros docentes militares o título de formación profesional correspondente. O ensino dos militares de tropa e mariñeira pretende facerlles máis atractiva a pertenza ás Forzas Armadas; por isto, xunto ao obxectivo da capacitación para o desempeño profesional, tentárase que ao longo da súa permanencia nesa categoría obteñan o título de técnico de formación profesional de grao medio.

Polo que respecta ao ensino de perfeccionamento, non se tratará soamente de actualizar coñecementos senón de adquirir os títulos e as especializacións necesarias para adaptar ou reorientar os perfís profesionais, unha exigencia que a lei prevé a partir de determinados empregos militares.

Así mesmo, inclúense os altos estudos da defensa nacional, orientados tanto aos membros das Forzas Armadas como a concorrentes que proveñan da sociedade civil e dos diversos ámbitos das administracións públicas.

VI

A carreira militar, entendida como o acceso gradual e progresivo aos diferentes empregos que facultan para desempeñar as funcións nos destinos da estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas, comeza coa superación do ensino de formación e a incorporación a unha das escalas en que se agrupan os militares profesionais. Supón conxugar o seu desenvolvemento profesional, ligado a unha maior asunción de responsabilidades e melloras retributivas, coas necesidades da organización.

Nos dous primeiros empregos de cada escala ocuparanse preferentemente postos operativos; posteriormente producirase unha reorientación ou unha adaptación da carreira. O ensino de perfeccionamento dotará os militares dunha nova especialidade ou permitiralles adquirir coñecementos máis específicos; en ambos os casos, prepararaos para desempeñar postos distintos en áreas diferentes.

Na carreira militar a regulación dos mecanismos de ascenso é esencial. Partindo dos criterios das leis de persoal militar de 1989 e de 1999, amplíanse os supostos en que se utilizarán sistemas de ascenso máis exixentes de elección e clasificación, en prexuízo da mera aplicación

da antigüidade, que só se utilizará para o primeiro ascenso dos oficiais e suboficiais.

Outro elemento clave é a ocupación de diferentes destinos, que se proverán mediante os sistemas de libre designación, concurso de méritos e provisión por antigüidade. Coa potenciación do mérito e a capacidade, a utilización do sistema de antigüidade irá diminuíndo progresivamente.

Canto ás situacións administrativas, adáptanse no posible ao Estatuto básico do empregado público, aínda que se mantén a reserva como situación específica. Esta constitúe un mecanismo esencial para configurar, de acordo cos criterios de planeamento, unha pirámide de efectivos por empregos e dispor en todos de persoal coas idades adecuadas para o exercicio profesional nas Forzas Armadas. Complemento imprescindible desta situación, que supón o abandono do servizo activo anos antes da idade en que corresponde pasar ao retiro, é unha regulación adecuada das súas retribucións.

VII

A Lei 17/1999, do 18 de maio, ao suspender a prestación do servizo militar obrigatorio, estableceu un sistema de recrutamento en que o persoal se vinculaba voluntariamente ás Forzas Armadas cunha relación de servizos profesionais. Ao mesmo tempo regulou a achega de recursos humanos cando a defensa de España o exixir, consonte as obrigacións militares que sinala o artigo 30.2 da Constitución. Dese modo asegurábase a participación de todos os cidadáns, impondo só as obrigacións imprescindibles. No desenvolvemento e aplicación daquela lei adquiriu grande importancia a figura do reservista voluntario, que nesta se mantén e reforza favorecendo unha maior implicación da sociedade coas Forzas Armadas.

Por outro lado, a creación da figura do reservista de especial dispoñibilidade na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, e a súa extensión nesta aos militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, fan innecesario manter a figura do reservista temporal.

O proceso de incorporación de reservistas ás Forzas Armadas porase en marcha naquelas situacións de crise en que as necesidades da defensa nacional non poidan ser atendidas polos efectivos de militares profesionais. En tales circunstancias, o Consello de Ministros poderá adoptar as medidas necesarias para a incorporación ás Forzas Armadas, en primeiro termo, de reservistas voluntarios e de reservistas de especial dispoñibilidade e posteriormente, só se for preciso, solicitará ao Congreso dos Deputados autorización para a declaración xeral de reservistas obrigatorios, aos cales se recoñecerá o seu dereito á obxección de conciencia.

O ministro de Defensa tamén poderá autorizar a incorporación de reservistas, con carácter voluntario, para misións no estranxeiro ou cando as Forzas Armadas colaboren coas institucións do Estado e as administracións públicas para preservar a seguranza e benestar dos cidadáns ou para prestar servizo nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa.

VIII

Por medio dunha serie de disposicións adicionais defínense as recompensas militares, dáse o carácter de axente da autoridade aos membros das Forzas Armadas no exercicio de determinadas funcións; regúlase o emprego do idioma oficial; sinálanse as competencias específicas da sanidade militar; descríbese o sistema de acción social, con especial mención aos militares de tropa e mariñeiría; establécese o réxime do persoal do Servizo de Asistencia Relixiosa das Forzas Armadas; fórmase criterios para a racionalización e simplificación

dos procedementos administrativos e danse normas para a reordenación de escalafóns das escalas auxiliares do Exército de Terra.

A lei inclúe unha serie de disposicións transitorias para aplicar as súas previsións nun prazo razoable, especialmente no referente a cadros de persoal, ascensos, ensino, constitución das novas escalas e situacións administrativas, tendo en conta as expectativas dos actuais membros das Forzas Armadas e as necesidades da organización.

Derrógase a Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, salvo os artigos que se refiren a dereitos e deberes, ben como a Lei 32/2002, do 5 de xullo, que a modificou para permitir o acceso de estranxeiros. Da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas derróganse os artigos que se ven afectados por esta lei; mantéñense os que se refiren a dereitos fundamentais e liberdades públicas e dáse rango de real decreto aos demais.

Mediante disposicións derradeiras actualízanse determinados supostos do réxime de seguridade social das Forzas Armadas, coa reforma do seu texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño; modifícase a Lei, do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil; adáptanse os grupos de clasificación para efectos retributivos ao establecido no Estatuto do empregado público; refórmase a Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría para axustala a esta lei; faise referencia ao Estatuto do persoal do Centro Nacional de Intelixencia e exprésase o recoñecemento a todos os españois que cumpriron o servizo militar, ben como aos que, destacados no territorio de Ifni-Sahara, participaron na campaña dos anos 1957 ao 1959.

IX

A actualización do réxime do persoal militar completárase por medio dunha lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, na cal se regulará o exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, conforme o establecido na Constitución e as súas disposicións de desenvolvemento e tendo en conta as exixencias da condición militar. Nela incluírase, segundo as previsións da Lei orgánica da defensa nacional, a creación do Observatorio da Vida Militar.

Co obxectivo de afondar na definición dos dereitos e deberes dos militares e darlles un tratamento coherente, queda reservada a esa lei a regulación dos de carácter profesional e de protección social, ben como as vías de participación.

X

O réxime do persoal do Corpo da Garda Civil réxese polo previsto na Lei 42/1999, do 25 de novembro, cuxa elaboración se baseou na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza e, tendo en conta a natureza militar dese instituto armado e a condición militar dos seus membros, na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas. Ao modifícase esta última, cunha nova regulación da carreira militar, e manterse sen cambios os principios de referencia, deberase proceder á debida adecuación da mencionada Lei 42/1999, do 25 de novembro.

Dada a relación da formación de oficiais da Garda Civil coa das Forzas Armadas, nesta lei recóllese medidas para implantar nese corpo as ensinanzas conducentes á obtención de titulacións de grao universitario do sistema educativo xeral. Tamén, pola súa importancia, se estende aos seus membros, no que lles resulte aplicable conforme o disposto na súa normativa específica, o cumprimento das regras esenciais que definen o comportamento do militar.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta lei ten por obxecto regular o réxime do persoal militar profesional e, especificamente, a carreira militar e todos aqueles aspectos que a conforman. Así mesmo regula a achega adicional de recursos humanos ás Forzas Armadas, todo isto coa finalidade de que estean en condicións de cumprir as misións definidas na Constitución e na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

2. É de aplicación a todos os membros das Forzas Armadas que adquiren condición militar desde a súa incorporación a elas e que, co xuramento ou promesa ante a bandeira, asumen a obrigaçión de defender España e de contribuír a preservar a paz e a seguranza.

3. O réxime do persoal do Corpo da Garda Civil rexeráse pola súa lei específica, que se deberá basear na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza e, dada a natureza militar dese instituto armado e a condición militar dos seus membros, nesta lei.

Artigo 2. *Empregos militares do Rei e do Príncipe de Asturias.*

1. O Rei ten o emprego militar de capitán xeneral do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, máximo rango militar que lle corresponde en exclusiva como mando supremo das Forzas Armadas.

2. O Príncipe de Asturias poderá desenvolver a carreira militar e ter os empregos militares que, mediante real decreto, determine o Goberno, que queda facultado para establecer un réxime propio e diferenciado tendo en conta as exixencias da súa alta representación e a súa condición de herdeiro da Coroa de España.

Artigo 3. *Vinculación coas Forzas Armadas.*

1. Os españois poderanse vincular profesionalmente ás Forzas Armadas como militares de carreira, como militares de tropa e mariñeiría, e tamén como militares de complemento.

2. Son militares de carreira os que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter permanente. Correspóndelles asegurar a continuidade e estabilidade da estrutura, o funcionamento e os valores esenciais das Forzas Armadas no marco constitucional.

3. Os militares de complemento son oficiais que establecen a súa relación de servizos profesionais mediante compromisos de carácter temporal para atender necesidades específicas das Forzas Armadas.

4. Os militares de tropa e mariñeiría, que constitúen a base das Forzas Armadas, establecen a súa relación de servizos profesionais mediante compromisos de carácter temporal e poderán acceder á condición de militar de carreira na forma que se especifica nesta lei.

5. Os estranxeiros en situación de residencia legal poderanse vincular ás Forzas Armadas cunha relación de servizos profesionais mediante compromisos de carácter temporal como militares de tropa e mariñeiría nos casos e polos procedementos regulados na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría e como militares de complemento de acordo co previsto nesta lei.

6. A relación xurídico-pública dos militares profesionais réxese por esta lei e establécese con carácter permanente coa adquisición da condición de militar de carreira e con carácter temporal mediante a sinatura de compromisos.

7. Tamén adquiren condición militar, sen que a súa vinculación sexa unha relación de servizos profesionais,

os que ingresen como alumnos en centros docentes militares, conforme o disposto no título IV, e os reservistas cando se incorporen ás Forzas Armadas, segundo o previsto no título VI.

Artigo 4. *Regras de comportamento do militar.*

1. As regras esenciais que definen o comportamento do militar son as seguintes:

Primeira.—A disposición permanente para defender España, mesmo coa entrega da vida cando for necesario, constitúe o seu primeiro e máis fundamental deber, que debe ter a súa diaria expresión no máis exacto cumprimento dos preceptos contidos na Constitución, na Lei orgánica da defensa nacional e nesta lei.

Segunda.—Cando actúe en misións para contribuír militarmente ao mantemento da paz, estabilidade e seguranza e apoiar a axuda humanitaria, farao como instrumento da nación española ao servizo de tales fins, en estreita colaboración con exércitos de países aliados e no marco das organizacións internacionais de que España forme parte.

Terceira.—Porá todo o seu empeño en preservar a seguranza e benestar dos cidadáns durante a actuación das Forzas Armadas en supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas.

Cuarta.—Estará preparado para afrontar, con valor, abnegación e espírito de servizo, situacións de combate, calquera que for a misión das Forzas Armadas en que desempeñe as súas tarefas e exerza as súas funcións.

Quinta.—Axustará a súa conduta ao respecto das persoas, ao ben común e ao dereito internacional aplicable en conflitos armados. A dignidade e os dereitos inviolables da persoa son valores que ten obrigaçión de respectar e dereito a exixir. En ningún caso os militares estarán sometidos, nin someterán outros, a medidas que supoñan menoscabo da dignidade persoal ou limitación indebida dos seus dereitos.

Sexta.—No emprego lexítimo da forza, fará un uso gradual e proporcionado dela, de acordo coas regras de enfrontamento establecidas para as operacións en que participe.

Sétima.—A disciplina, factor de cohesión que obriga a mandar con responsabilidade e a obedecer o mandado, será practicada e exixida nas Forzas Armadas como norma de actuación. Ten a súa expresión colectiva no acatamento da Constitución e a súa manifestación individual no cumprimento das ordes recibidas.

Oitava.—Desempeñará as súas funcións con estrito respecto á orde xerárquica militar na estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas, que define a situación relativa entre os seus membros en canto concirne a mando, subordinación e responsabilidade.

Novena.—A responsabilidade no exercicio do mando militar non é renunciabile nin pode ser compartida. Os que exerzan mando tentarán inculcar unha disciplina baseada no convencemento. Todo mando ten o deber de exixir obediencia aos seus subordinados e o dereito a que se respecte a súa autoridade, pero non poderá ordenar actos contrarios ás leis ou que constitúan delito.

Décima.—Obedecerá as ordes que son os mandados relativos ao servizo que un militar dá a un subordinado, en forma adecuada e dentro das atribucións que lle correspondan, para que leve a cabo ou omita unha actuación concreta. Tamén deberá atender os requirimentos que reciba dun militar de emprego superior referentes ás disposicións e normas xerais de orde e comportamento.

Décimo primeira.—Se as ordes entrañan a execución de actos constitutivos de delito, en particular contra a Constitución e contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, o militar non estará obrigado a

obedecelas. En todo caso asumirá a grave responsabilidade da súa acción ou omisión.

Décimo segunda.—O que exerza mando reafirmará o seu liderado procurando conseguir o apoio e cooperación dos seus subordinados polo prestixio adquirido co seu exemplo, preparación e capacidade de decisión.

Décimo terceira.—Comportarase en todo momento con lealdade e compañeirismo, como expresión da vontade de asumir solidariamente cos demais membros das Forzas Armadas o cumprimento das súas misións.

Décimo cuarta.—Prepararase para alcanzar o máis alto nivel de competencia profesional, especialmente nos ámbitos operativo, técnico e de xestión de recursos, e para desenvolver a capacidade de se adaptar a diferentes misións e escenarios.

Décimo quinta.—Cumprirá con exactitude os seus deberes e obrigacións impulsado polo sentimento da honra, inspirado nas regras definidas neste artigo.

2. As regras esenciais que definen o comportamento do militar establecidas no número anterior serano tamén para os membros do Corpo da Garda Civil no que resulten aplicables consonte o disposto na súa propia normativa.

3. As reais ordenanzas para as Forzas Armadas desenvolverán regulamentariamente as regras de comportamento do militar consonte o previsto na Lei orgánica da defensa nacional e nesta lei e recollerá, coas adaptacións debidas á condición militar, o código de conduta dos empregados públicos.

Artigo 5. *Adaptación das normas do emprego público.*

Os principios e normas de aplicación xeral ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, establecidos de acordo coa Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público incorporaranse ao réxime do persoal militar profesional, sempre que non contradigan a súa lexislación específica, por medio de normas regulamentarias en que se efectuarán as adaptacións debidas á condición militar.

Artigo 6. *Igualdade de xénero e conciliación da vida profesional, persoal e familiar.*

1. A igualdade de trato e de oportunidades é un principio que nas Forzas Armadas se aplicará de conformidade co previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e que estará especialmente presente no desenvolvemento e aplicación desta lei no relacionado co acceso, a formación e a carreira militar.

2. As normas e criterios relativos á igualdade, á prevención da violencia de xénero e á conciliación da vida profesional, persoal e familiar establecidos para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado serán aplicables aos militares profesionais coas adaptacións e desenvolvementos que sexan necesarios. Nas normas correspondentes incluíranse tamén as medidas que sexan de aplicación específica no ámbito das Forzas Armadas.

Artigo 7. *Xuramento ou promesa ante a bandeira de España.*

1. Todo militar ten o deber de prestar ante a bandeira xuramento ou promesa de defender España. Este xuramento ou promesa efectuarase durante o ensino de formación de acordo co que se establece neste artigo e será requisito previo e indispensable á adquisición da condición de militar de carreira, de militar de complemento e de militar de tropa e mariñeiría.

2. O acto de xuramento ou promesa ante a bandeira de España será público, estará revestido da maior solemnidade e axustarase á seguinte secuencia:

O xefe da unidade militar que tome o xuramento ou promesa ante a bandeira pronunciará a seguinte fórmula: «Soldados! Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as vosas obrigacións militares, cumprir e facer cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado, obedecer e respectar o Rei e os vosos xefes, non abandonalos nunca e, se preciso for, entregar a vosa vida en defensa de España?».

Ao que os soldados responderán: «Si, facémolo!».

O xefe da unidade militar replicará:

«Se cumprides o voso xuramento ou promesa, España hávalo de agradecer e de premiar e, se non, hávalo demandar» e engadirá: «Soldados, Viva España!» e «Viva o Rei!», que serán contestados cos correspondentes «Viva!».

A seguir, os soldados bicarán un por un a bandeira e, posteriormente, como sinal de que España acepta o seu xuramento ou promesa, desfilarán baixo ela.

3. O termo «soldados» poderase substituír polo que conveña para a súa adecuación aos que vaian prestar o xuramento ou promesa.

TÍTULO I

Competencias en materia de persoal militar

Artigo 8. *Do Goberno.*

1. O Goberno exerce a función executiva e a potestade regulamentaria no que se refire ao réxime do persoal militar. En particular correspóndelle:

- Dirixir o planeamento da defensa, do cal se deducirán as necesidades de persoal militar.
- Aprobar a programación plurianual de provisión de prazas e as provisións anuais.
- Desenvolver os criterios xerais de promoción e ascenso establecidos nesta lei.
- Exercer as demais competencias que se lle atribúen nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

2. O Goberno poderá adoptar as medidas necesarias para a achega adicional de recursos humanos ás Forzas Armadas, consonte o previsto no título VI.

Artigo 9. *Do ministro de Defensa.*

O ministro de Defensa, como máximo responsable do departamento, dirixe a política de persoal e de ensino no ámbito das Forzas Armadas para posibilitar o cumprimento das misións que teñen encomendadas.

En particular, exerce as competencias que se lle asignan nesta lei en relación coa proposta ou aprobación de disposicións de carácter xeral e coa decisión sobre os aspectos básicos que configuran a carreira militar.

Artigo 10. *Do xefe de Estado Maior da Defensa.*

Ao xefe de Estado Maior da Defensa correspóndelle:

- Asesorar e informar o ministro de Defensa sobre o réxime do persoal militar no que afecte a operatividade das Forzas Armadas e a súa participación en organizacións internacionais, ben como sobre as necesidades de persoal e ensino militar no ámbito conxunto.

b) Trasladar ao subsecretario de Defensa os requirimentos nas materias de persoal indicadas no parágrafo anterior.

c) Establecer directrices en aspectos relacionados con esta lei para orientar a preparación da Forza, co obxecto de asegurar a eficacia operativa das Forzas Armadas.

d) Velar pola moral, motivación, disciplina e benestar do persoal en operacións e actividades baixo o seu mando.

Artigo 11. *Do subsecretario de Defensa.*

Ao subsecretario de Defensa, baixo a superior autoridade do ministro, correspóndelle a dirección, control e avaliación da política de persoal e ensino nas Forzas Armadas. Así mesmo, correspóndelle o planeamento, a execución e inspección en materia de persoal e ensino militar.

En particular correspóndelle ditar ou propor disposicións en materia de persoal e ensino, dirixir a xestión xeral do persoal militar e a específica dos que non se achen encadrados nalgún dos exércitos e elaborar, dentro do planeamento da defensa, as estimacións e plans directores de recursos humanos.

A inspección no referente ao réxime de persoal dos membros das Forzas Armadas, ben como das condicións de vida en buques, bases e acuartelamentos, exercerá directamente, por medio dos órganos de inspección da Subsecretaría de Defensa, que se configurarán na forma que regulamentariamente se determine, ou por medio do mando ou xefatura de persoal de cada exército.

Artigo 12. *Dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

1. Aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito do seu Exército, correspóndelles:

a) Asesorar e informar o ministro de Defensa sobre as necesidades en materia de persoal e de ensino.

b) Asesorar o xefe de Estado Maior da Defensa sobre os aspectos do réxime do persoal militar que afecten a operatividade.

c) Asesorar o subsecretario de Defensa no planeamento, dirección e inspección da política de persoal e ensino, colaborar con el no seu desenvolvemento e informalo da súa aplicación.

d) Planear e dirixir a instrución e adestramento.

e) Definir as capacidades e deseñar os perfís necesarios para o exercicio profesional a que debe atender o ensino e dirixir a formación militar xeral e específica.

f) Dirixir a xestión de persoal.

g) Velar pola moral, motivación, disciplina e benestar do persoal.

h) Decidir, propor ou informar conforme o previsto nesta lei, en relación cos aspectos básicos que configuran a carreira militar.

i) Velar polos intereses xerais do persoal, tutelando en particular o réxime de dereitos e liberdades.

j) Avaliar o réxime do persoal ben como as condicións de vida en buques, bases e acuartelamentos.

2. Na estrutura de cada exército existirá un mando ou xefatura de persoal que, baixo a dependencia orgánica do xefe de Estado Maior respectivo, participará no planeamento e programación da política de persoal militar e aplicará e controlará, especialmente no relativo a informes persoais, avaliacións, asignación de destinos, asistencia a cursos e cantos asuntos condicionan a carreira militar. Será da súa responsabilidade a orientación profesional a todos os membros do seu exército.

Artigo 13. *Nomeamentos, cesamentos e empregos militares do xefe de Estado Maior da Defensa e dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

1. O nomeamento e cesamento do xefe de Estado Maior da Defensa efectuarase por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do presidente do Goberno.

Os nomeamentos e cesamentos dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire efectuaranse por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa.

2. O nomeamento de xefe de Estado Maior da Defensa levará implícito o ascenso automático ao emprego de xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do aire, segundo o exército a que pertenza o designado. O xefe de Estado Maior da Defensa, durante o tempo que desempeñe o cargo, terá para todos os efectos a consideración de máis antigo no seu emprego.

Os nomeamentos de xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire levarán implícito o ascenso automático aos empregos de xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do aire, segundo corresponda. No caso de recaer a designación nun xeneral de división ou vicealmirante, previamente ascenderá a tenente xeneral ou almirante.

3. O xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire continuarán en servizo activo até o momento do seu cesamento no cargo, mesmo que cumpran a idade de retiro establecida nesta lei para os militares de carreira.

4. Os oficiais xenerais que cesen nos cargos citados no número 1, ben como no de xefe do Cuarto Militar da Casa de súa Maxestade El-Rei, e non sexan nomeados para algún deles ou en organizacións internacionais ou outros organismos no estranxeiro en que deban permanecer en servizo activo, pasarán á situación de reserva e serán nomeados por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, membros da Asemblea da Real e Militar Orde de Santo Hermenxildo. Poderán permanecer un máximo de seis anos, atrasando, nese caso, o retiro até o momento do seu cesamento.

Non obstante, cando se produza algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, os oficiais xenerais a que se refire continuarán en situación de servizo activo até o momento do seu cesamento.

Artigo 14. *Dos consellos superiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

1. Aos consellos superiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, como órganos colexiados asesores e consultivos do ministro de Defensa e do xefe de Estado Maior do Exército respectivo, correspóndelles:

a) Emitir informe sobre os asuntos que someta á súa consideración o ministro de Defensa e o xefe de Estado Maior do Exército correspondente.

b) Efectuar os informes que se indican nesta lei sobre os aspectos básicos que configuran a carreira militar.

c) Actuar como órgano de avaliación nos ascensos ao emprego de xeneral de brigada e nas demais avaliacións que afecten membros da categoría de oficiais xenerais.

d) Emitir informe sobre as avaliacións polos sistemas de elección e clasificación para o ascenso reguladas nesta lei.

e) Emitir informe na tramitación dos expedientes de ascensos honoríficos.

f) Ser oídos nos expedientes disciplinarios extraordinarios que afecten persoal do seu respectivo exército, de conformidade co preceptuado na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

2. Regulamentariamente determinarase a súa composición e demais competencias.

Artigo 15. Competencias en relación cos corpos comúns das Forzas Armadas.

1. As competencias que nesta lei se asignan aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación co réxime do persoal dos seus respectivos exércitos, corresponderán ao subsecretario de Defensa, no que afecten o persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas. No exercicio desas competencias considerará os requirimentos que lle traslade o xefe de Estado Maior da Defensa en relación coa operatividade das Forzas Armadas.

2. Na estrutura orgánica do Ministerio de Defensa determinarase que órganos directivos da Subsecretaría de Defensa exercerán as competencias referidas aos corpos comúns das Forzas Armadas que nesta lei se asignan ao mando ou xefatura de persoal de cada exército en relación cos seus membros.

3. As competencias que esta lei asigna en materia de persoal aos consellos superiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire corresponderán á xunta ou xuntas superiores dos corpos comúns das Forzas Armadas que regulamentariamente se constitúan.

TÍTULO II

Planeamento de efectivos

CAPÍTULO I

Efectivos e cadros de persoal

Artigo 16. Efectivos e cadros de persoal regulamentarios das Forzas Armadas.

1. O número máximo de militares profesionais en servizo activo fíxase entre 130.000 e 140.000 efectivos, nos cales están incluídos un máximo de 50.000 oficiais xenerais, oficiais e suboficiais. Nas leis de orzamentos xerais do Estado determinarase o obxectivo de militares de tropa e mariñeiría para cada exercicio.

2. O número máximo de oficiais xenerais será de 200. Comprenderá o cadro de persoal específico para dotar os postos asignados aos diferentes corpos militares e o cadro de persoal indistinto para dotar os postos nos órganos centrais, incluído o Estado Maior da Defensa, e nos demais organismos do Ministerio de Defensa, que non estean expresamente asignados a un corpo determinado. No cadro de persoal indistinto estarán incluídos os postos que se poidan ocupar na Presidencia do Goberno e, se se trata de postos orgánicos relacionados coa seguranza e defensa, noutros departamentos ministeriais.

Os oficiais xenerais que sexan nomeados para ocuparen postos na Casa de súa Maxestade El-Rei ou en organizacións internacionais ou outros organismos no estranxeiro non estarán incluídos nos 200 efectivos do cadro de persoal e o seu número será indeterminado.

O número máximo de coroneis será de 1.050.

3. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, fixará con vixencia para períodos cuatrienais os cadros de persoal regulamentarios de oficiais

xenerais, oficiais e suboficiais por corpos, escalas e empregos dos militares de carreira, excepto os correspondentes aos dous primeiros empregos, cuxos efectivos serán os que resulten das provisións de prazas e da aplicación do sistema de ascensos por antigüidade.

O Goberno informará as Cortes Xerais cada vez que aprobe un real decreto de desenvolvemento de cadros de persoal.

4. O ministro de Defensa fixará cuatrienalmente os cadros de persoal de militares de tropa e mariñeiría en servizo activo, diferenciando militares de carreira e os que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal, para os diferentes empregos de cada escala e, se for o caso, especialidades. Non figurará o emprego de soldado cuxos efectivos serán os que resulten do obxectivo que determine anualmente a Lei de orzamentos xerais do Estado e a correspondente provisión anual de prazas.

5. Os excedentes nos diferentes empregos e escalas amortizaranse non dando ao ascenso a primeira vacante que se produza de cada dúas nos empregos da categoría de oficiais xenerais e, nos restantes empregos, a primeira de cada tres.

Artigo 17. Cadros de persoal orgánicos e relacións de postos militares.

1. As unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa terán definido o seu cadro de persoal orgánico. Este cadro de persoal é a relación cuantitativa e cualitativa de postos da súa estrutura necesarios para estaren en condicións de cumprir os cometidos que teñan asignados.

2. A partir dos cadros de persoal orgánicos e os graos de cobertura que se determinen en función do planeamento de efectivos, estableceranse as relacións de postos militares en que se especificarán, en todo caso, a descrición de cada posto, a súa asignación por corpos e escalas, empregos e especialidades, as súas retribucións complementarias e as condicións e requisitos para a súa ocupación. Nestas relacións figurarán os que poidan ser cubertos por persoal en reserva.

3. Os militares profesionais terán acceso á información contida nas relacións de postos militares da forma que se determine por orde do ministro de Defensa.

CAPÍTULO II

Provisión de prazas

Artigo 18. Provisión de prazas das Forzas Armadas.

1. Para satisfacer as necesidades de militares profesionais derivadas do planeamento da defensa e tendo en conta os cadros de persoal regulamentarios establecerase a programación plurianual de provisión de prazas para o acceso aos corpos e escalas das Forzas Armadas e as que correspondan para o acceso a militar de complemento.

2. Anualmente aprobarase a provisión de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación, sobre a base da programación plurianual, dos créditos orzamentarios, da evolución real de efectivos e dos procesos de formación definidos nesta lei. Na provisión anual concretaranse cantas delas serán prazas de acceso aos corpos e escalas das Forzas Armadas unha vez finalizado o proceso de formación.

Nas prazas de militares de tropa e mariñeiría fixaranse as cotas máximas que se ofertarán para a categoría de militar de carreira e para o acceso de estranxeiros.

3. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, co informe favorable dos ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas,

aprobará a programación plurianual de provisión de prazas e as provisións anuais.

O Goberno informará as Cortes Xerais cada vez que aprobe un real decreto de programación plurianual de provisión de prazas.

TÍTULO III

Encadramento

CAPÍTULO I

Funcións

Artigo 19. *Funcións.*

1. O militar profesional exerce funcións operativas, técnicas, loxísticas e administrativas no desempeño dos seus cometidos para a preparación e emprego das unidades militares en cumprimento das misións encomendadas. Estas funcións desenvólvense por medio de accións directivas, que inclúen as de mando, e accións de xestión e executivas. O militar profesional tamén exerce funcións docentes conforme o previsto no título IV.

2. A acción directiva exerceuse mediante a definición de obxectivos e a determinación dos medios para conseguilos, establecendo os plans correspondentes e controlando a súa execución. Mediante accións de xestión aplícanse os medios postos á disposición para alcanzar uns obxectivos concretos da forma máis rendible e eficiente. Por medio de accións executivas pónense en práctica os plans establecidos actuando en cumprimento de ordes concretas ou seguindo procedementos preestablecidos.

3. A acción de mando, acción directiva específica nas Forzas Armadas, refírese ao exercicio da autoridade, coa seguinte responsabilidade, que corresponde ao militar en razón do seu cargo, destino ou servizo. Alcanza a súa máxima e especial responsabilidade cando se aplica á preparación e emprego da forza dos exércitos.

Para o exercicio da acción de mando poderase contar coa colaboración dos subordinados en tarefas de información, planeamento, asesoramento, coordinación e control, que constitúen o «apoio ao mando».

CAPÍTULO II

Categorías e empregos militares

Artigo 20. *Categorías militares.*

1. Os militares agrúpanse nas categorías seguintes: oficiais xenerais, oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría.

2. Os oficiais xenerais exercen a acción de mando na estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas e a alta dirección e xestión dos seus recursos humanos, materiais e financeiros. Accederán a esta categoría os oficiais que acreditasen na súa carreira militar de modo sobresaliente a súa competencia profesional e capacidade de liderado.

3. Os oficiais desenvolven accións directivas, especialmente de mando, e de xestión na estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas. Desempeñan tarefas de planeamento e control da execución das operacións militares e as relacionadas con funcións técnicas, loxísticas, administrativas e docentes. Caracterízanse polo nivel da súa formación e polo seu liderado, iniciativa, capacidade para asumiren responsabilidades e decisión para resolver.

4. Os suboficiais constitúen o elo fundamental na estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas. Exercen o mando e a iniciativa que lles corresponde para

transmitir, cumprir e facer cumprir, en todas as circunstancias e situacións, as ordes e instrucións recibidas e asegurar a execución das tarefas encomendadas na realización de funcións operativas, técnicas, loxísticas, administrativas e docentes. Pola súa formación e experiencia serán estreitos colaboradores dos oficiais e líderes para os seus subordinados, cos cales manterán un permanente contacto.

5. Os militares da categoría de tropa e mariñeiría, que constitúen a base da estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas, desempeñan traballos e funcións en aplicación de procedementos establecidos ou os que se lles encomenden por ordes concretas. Da súa profesionalidade, iniciativa e preparación depende en gran medida a eficacia da organización militar.

6. As funcións do militar e as correspondentes accións tamén se poderán exercer e desenvolver nos demais ámbitos do Ministerio de Defensa.

Artigo 21. *Empregos militares.*

1. Dentro das diferentes categorías os militares están ordenados por empregos, criterio esencial na organización xerarquizada das Forzas Armadas. Os diferentes postos da súa estrutura orgánica estarán asignados nas relacións de postos militares a un emprego ou indistintamente a varios. Esa asignación dependerá das facultades e capacidades profesionais requiridas para o desempeño dos cometidos que se deban desenvolver.

2. Dentro de cada categoría, os empregos militares, con indicación das súas denominacións básicas son os seguintes:

a) Oficiais xenerais:

Capitán xeneral.

Xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do aire.

Tenente xeneral ou almirante.

Xeneral de división ou vicealmirante.

Xeneral de brigada ou contraalmirante.

b) Oficiais:

Coronel ou capitán de navío.

Tenente coronel ou capitán de fragata.

Comandante ou capitán de corveta.

Capitán ou tenente de navío.

Tenente ou alférez de navío.

Alférez ou alférez de fragata.

c) Suboficiais:

Suboficial maior.

Subtenente.

Brigada.

Sarxento primeiro.

Sarxento.

d) Tropa e mariñeiría:

Cabo maior.

Cabo primeiro.

Cabo.

Soldado ou mariñeiro.

3. Cando nesta lei se utilice a primeira denominación básica dun emprego entenderase que comprende as específicas da Armada e do Exército do Aire e as que se detallan para os diferentes corpos e escalas neste título.

Artigo 22. *Empregos con carácter eventual.*

1. Cando por necesidades do servizo se designe un militar para ocupar un posto en organizacións internacionais ou noutros organismos no estranxeiro que

corresponda ao emprego superior ao seu, o ministro de Defensa, por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa, poderá conceder con carácter eventual ese emprego coas súas atribucións, retribucións e divisas.

Conservará o emprego eventual até ascender a ese emprego ou até o momento do seu cesamento no mencionado posto. A atribución dun emprego eventual non xerará dereito ao ascenso nin predeterminará, se for o caso, o resultado da correspondente avaliación.

2. Tamén se poderán conceder empregos con carácter eventual aos alumnos dos centros docentes militares de formación consonte o establecido no artigo 68.2.

Artigo 23. *Facultades e antigüidade no emprego militar.*

1. O emprego militar outorga os dereitos e atribúe os deberes establecidos nesta lei e no resto do ordenamento e faculta para desempeñar os cometidos nos diferentes niveis da estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas e, se for o caso, nos demais ámbitos do Ministerio de Defensa, exercendo a correspondente autoridade. Quen exerce o mando ou dirección dunha unidade, centro ou organismo recibe a denominación de xefe, comandante ou director. Nesta lei o termo xefe comprende todas elas.

2. A antigüidade é o tempo transcorrido no primeiro emprego dunha escala desde a data da súa concesión. Nos sucesivos empregos computarase desde a data da sinatura da resolución pola cal se concede o ascenso correspondente, salvo que nela se faga constar, para estes efectos, a data do día seguinte a aquel en que se produza a vacante que orixine o ascenso.

3. O escalafón é a ordenación por empregos e antigüidade dos militares profesionais pertencentes ou adscritos a unha escala. A súa orde só se poderá alterar en aplicación do previsto nesta lei e nas leis penais e disciplinarias militares, caso en que ao interesado se lle asignará a data de antigüidade no emprego que lle corresponda ou, se for o caso, a daquel que o preceda na nova posición.

4. A precedencia dos militares estará determinada polo cargo ou destino que se ocupe se está fixada en normas de carácter regulamentario; se non o está basearase no emprego; a igualdade de emprego, na súa antigüidade nel e a igualdade desta resolverase a favor do de maior idade.

Artigo 24. *Empregos con carácter honorífico.*

1. En atención a méritos excepcionais ou circunstancias especiais, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, poderá conceder, con carácter honorífico, o emprego inmediato superior aos militares que pasasen ao retiro. Os empregos con carácter honorífico tamén se poderán conceder a título póstumo.

2. A iniciativa para a concesión de empregos con carácter honorífico corresponderá ao xefe de Estado Maior da Defensa ou aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, motivando os méritos e circunstancias que concorran. Na tramitación dos expedientes figurará o informe do Consello Superior do Exército correspondente.

En todo caso, iniciarase expediente para a concesión do emprego superior con carácter honorífico aos militares falecidos en acto de servizo ou retirados por incapacidade permanente para o servizo, sempre que se produza en acto de servizo ou como consecuencia del.

3. En ningún caso os empregos concedidos con carácter honorífico levarán consigo beneficio económico de natureza ningunha nin serán considerados para efectos de dereitos pasivos.

CAPÍTULO III

Corpos e escalas

Artigo 25. *Corpos e escalas.*

1. Os militares de carreira e os militares de tropa e mariñeiría integraranse, e os militares de complemento adscribiranse, nos distintos corpos de acordo cos cometidos que deban desempeñar. Os corpos terán carácter específico segundo os requirimentos de cada un dos exércitos ou carácter común para dar resposta a necesidades xerais das Forzas Armadas.

Aos membros de cada corpo asignaráselles diferentes cometidos que levarán a cabo mediante o exercicio das funcións e o desenvolvemento das accións relacionadas no artigo 19, no ámbito do seu exército os dos corpos específicos e no das Forzas Armadas os dos corpos comúns e todos eles, tamén, nos demais ámbitos do Ministerio de Defensa.

2. Dentro de cada corpo os militares profesionais agrúpanse nunha ou varias escalas de oficiais, de conformidade e coas denominacións que se especifican neste capítulo, en escala de suboficiais e en escala de tropa ou de mariñeiría, en correspondencia coas diferentes categorías militares e segundo as facultades profesionais que teñan asignadas e os requisitos educativos exixidos para a súa incorporación a elas. As facultades profesionais en cada escala son consecuencia da preparación recibida e delimitan o nivel de responsabilidade no cumprimento das funcións asignadas nos diferentes destinos.

3. A creación, extinción ou integración de corpos e escalas efectuarase por lei.

Artigo 26. *Corpos militares.*

1. Os corpos específicos do Exército de Terra son os seguintes:

Corpo Xeral do Exército de Terra.
Corpo de Intendencia do Exército de Terra.
Corpo de Enxeñeiros Politécnicos do Exército de Terra.

2. Os corpos específicos da Armada son os seguintes:

Corpo Xeral da Armada.
Corpo de Infantaría de Mariña.
Corpo de Intendencia da Armada.
Corpo de Enxeñeiros da Armada.

3. Os corpos específicos do Exército do Aire son os seguintes:

Corpo Xeral do Exército do Aire.
Corpo de Intendencia do Exército do Aire.
Corpo de Enxeñeiros do Exército do Aire.

4. Os corpos comúns das Forzas Armadas son os seguintes:

Corpo Xurídico Militar.
Corpo Militar de Intervención.
Corpo Militar de Sanidade.
Corpo de Músicas Militares.

Artigo 27. *Corpo Xeral do Exército de Terra.*

1. Os membros do Corpo Xeral do Exército de Terra, agrupados en escala de oficiais, escala de suboficiais e escala de tropa, teñen como cometidos a preparación e emprego da forza e do apoio á forza do Exército de Terra.

2. Os empregos do Corpo Xeral do Exército de Terra son os de tenente a xeneral de exército na escala de oficiais, os de sarxento a suboficial maior na escala de sub-

oficiais e os de soldado a cabo maior na escala de tropa.

Artigo 28. *Corpo de intendencia do Exército de Terra.*

1. Os membros do Corpo de Intendencia do Exército de Terra, agrupados nunha escala de oficiais, teñen como funcións o planeamento e administración dos recursos económicos e o asesoramento en materia económico-financeira. Regulamentariamente determinaranse os de carácter loxístico que lles corresponden no ámbito do Exército de Terra.

2. Os empregos do Corpo de Intendencia do Exército de Terra son os de tenente a xeneral de división.

Artigo 29. *Corpo de Enxeñeiros Politécnicos do Exército de Terra.*

1. Os membros do Corpo de Enxeñeiros Politécnicos do Exército de Terra agrupados nunha escala de oficiais e nunha escala técnica, teñen como cometidos o asesoramento, aplicación, estudo e investigación en materias técnicas propias das súas especialidades e os de carácter técnico ou loxístico relacionados co mantemento propio das súas especialidades no ámbito do Exército de Terra.

2. Os empregos do Corpo de Enxeñeiros Politécnicos do Exército de Terra son os de tenente a xeneral de división na escala de oficiais e os de tenente a tenente coronel na escala técnica.

Artigo 30. *Corpo Xeral da Armada.*

1. Os membros do Corpo Xeral da Armada, agrupados en escala de oficiais, escala de suboficiais e escala de mariñeiría, teñen como funcións a preparación e emprego da Forza e do apoio á Forza da Armada.

2. Os empregos do Corpo Xeral da Armada son os de alférez de navío a almirante xeneral na escala de oficiais, os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais e os de mariñeiro a cabo maior na escala de mariñeiría.

Artigo 31. *Corpo de Infantaría de Mariña.*

1. Os membros do Corpo de Infantaría de Mariña, agrupados en escala de oficiais, escala de suboficiais e escala de tropa, teñen como funcións a preparación e emprego da Forza de infantaría de mariña e do apoio á Forza da Armada.

2. Os empregos do Corpo de Infantaría de Mariña son os de tenente a xeneral de división na escala de oficiais, os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais e os de soldado a cabo maior na escala de tropa.

Na escala de oficiais poderanse alcanzar os empregos superiores a xeneral de división nos supostos establecidos no artigo 97.2.

Artigo 32. *Corpo de Intendencia da Armada.*

1. Os membros do Corpo de Intendencia da Armada, agrupados nunha escala de oficiais, teñen como funcións o planeamento e administración dos recursos económicos e o asesoramento en materia económico-financeira. Regulamentariamente determinaranse as de carácter loxístico que lles corresponden no ámbito da Armada.

2. Os empregos do Corpo de Intendencia da Armada son os de tenente a xeneral de división.

Artigo 33. *Corpo de Enxeñeiros da Armada.*

1. Os membros do Corpo de Enxeñeiros da Armada, agrupados nunha escala de oficiais e nunha escala técnica, teñen como cometidos o asesoramento, aplicación, estudo e investigación en materias técnicas propias das súas especialidades e os de carácter técnico ou loxístico relacionados co mantemento propio das súas especialidades no ámbito da Armada.

2. Os empregos do Corpo de Enxeñeiros da Armada son os de alférez de navío a vicealmirante na escala de oficiais e os de alférez de navío a capitán de fragata na escala técnica.

Artigo 34. *Corpo Xeral do Exército do Aire.*

1. Os membros do Corpo Xeral do Exército do Aire, agrupados en escala de oficiais, escala de suboficiais e escala de tropa, teñen como cometidos a preparación e emprego da Forza e do apoio á Forza do Exército do Aire.

2. Os empregos do Corpo Xeral do Exército do Aire son os de tenente a xeneral do aire na escala de oficiais, os de sarxento a suboficial maior na escala de suboficiais e os de soldado a cabo maior na escala de tropa.

Artigo 35. *Corpo de Intendencia do Exército do Aire.*

1. Os membros do Corpo de Intendencia do Exército do Aire, agrupados nunha escala de oficiais, teñen como cometidos o planeamento e administración dos recursos económicos e o asesoramento en materia económico-financeira. Regulamentariamente determinaranse os de carácter loxístico que lles corresponden no ámbito do Exército do Aire.

2. Os empregos do Corpo de Intendencia do Exército do Aire son os de tenente a xeneral de división.

Artigo 36. *Corpo de Enxeñeiros do Exército do Aire.*

1. Os membros do Corpo de Enxeñeiros do Exército do Aire, agrupados nunha escala de oficiais e nunha escala técnica, teñen como cometidos o asesoramento, aplicación, estudo e investigación en materias técnicas propias das súas especialidades e os de carácter técnico ou loxístico relacionados co mantemento propio das súas especialidades no ámbito do Exército do Aire.

2. Os empregos do Corpo de Enxeñeiros do Exército do Aire son os de tenente a xeneral de división na escala de oficiais e os de tenente a tenente coronel na escala técnica.

Artigo 37. *Corpo Xurídico Militar.*

1. Os membros do Corpo Xurídico Militar, agrupados nunha escala de oficiais, teñen como cometidos os de asesoramento xurídico e os que conforme o ordenamento xurídico lles correspondan na xurisdición militar.

2. Os empregos do Corpo Xurídico Militar son os de tenente a coronel, coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «auditor», e os de xeneral de brigada e xeneral de división, coas denominacións de xeneral auditor e xeneral conselleiro togado, respectivamente.

Artigo 38. *Corpo Militar de Intervención.*

1. Os membros do Corpo Militar de Intervención, agrupados nunha escala de oficiais, teñen como cometidos o control interno da xestión económico-financeira, dependendo funcionalmente da Intervención Xeral da Administración do Estado, mediante o exercicio da función interventora, o control financeiro permanente e a auditoría pública, nos termos previstos pola Lei xeral

orzamentaria; o exercicio da notaría militar, na forma e condicións establecidas nas leis, e o asesoramento económico-fiscal.

2. Os empregos do Corpo Militar de Intervención son os de tenente a xeneral de división, coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «interventor».

Artigo 39. *Corpo Militar de Sanidade.*

1. Os membros do Corpo Militar de Sanidade, agrupados nunha escala de oficiais e nunha escala de oficiais enfermeiros, teñen como funcións a atención á saúde nos campos loxístico-operativo, asistencial e pericial e os relacionados coa psicoloxía, farmacia e veterinaria.

2. Os empregos do Corpo Militar de Sanidade son os de tenente a xeneral de división na escala de oficiais e de tenente a tenente coronel na escala de oficiais enfermeiros. Todos eles coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «médico», «farmacéutico», «veterinario», «odontólogo», «psicólogo» ou «enfermeiro», segundo corresponda.

Artigo 40. *Corpo de Músicas Militares.*

1. Os membros do Corpo de Músicas Militares, agrupados nunha escala de oficiais e nunha escala de suboficiais, teñen como cometido prestar os servizos de música, ben como a preparación e dirección das bandas militares.

2. Os empregos do Corpo de Músicas Militares son os de tenente a coronel na escala de oficiais e os de sargento a suboficial maior na escala de suboficiais, todos eles coas denominacións do emprego correspondente seguidas do termo «músico».

Na escala de oficiais poderase alcanzar o emprego de xeneral de brigada para ocupar os cargos ou postos a que se refire o número 2 do artigo 97 e coa regulación determinada nese artigo.

CAPÍTULO IV

Especialidades e capacidades profesionais

Artigo 41. *Especialidades.*

1. En cada escala existirán as especialidades fundamentais que se determinen regulamentariamente, cando os campos de actividade en que se desempeñan as funcións do seu corpo o requiran. Adquiriranse ao acceder á escala correspondente.

2. A partir de determinados empregos os membros de cada escala adaptarán ou reorientarán o seu perfil profesional conforme o que se establece no artigo 75, adquirindo unha nova especialidade.

3. Ademais das citadas nos números anteriores poderán existir outras especialidades e aptitudes para atender as necesidades da organización militar e o exercicio de actividades profesionais en determinados postos orgánicos, que serán fixadas polo ministro de Defensa, quen tamén establecerá os requisitos e condicións para o cambio de especialidade.

Artigo 42. *Capacidades profesionais.*

1. A capacidade profesional específica dos membros das Forzas Armadas para exercer as competencias correspondentes a cada posto orgánico determinarase polas funcións do seu corpo, polas facultades da súa escala e especialidades e polo seu emprego.

Esta capacidade habilita, conforme os títulos militares, académicos e profesionais que se posúan, os que se integran ou adscriben en cada corpo e escala para o

exercicio das súas competencias e o desempeño dos seus cometidos en todos aqueles destinos ou postos que poidan ocupar, sen que sexa necesario ningún outro requisito de colexiación profesional.

2. Ademais da súa capacidade profesional, os militares integrados nos corpos específicos dos exércitos teñen, en todo caso, a necesaria para desempeñar as funcións non atribuídas particularmente a un corpo concreto dentro do seu exército e para prestar os servizos e gardas que garantan o funcionamento e seguranza das unidades, centros e organismos.

3. Todos os militares realizarán os servizos, gardas e comisións que na súa categoría e emprego poidan corresponderlles na súa unidade, centro ou organismo, unidade superior da súa cadea orgánica ou, se for o caso, doutra no seu contorno xeográfico, sempre que non exista ningunha limitación legal ou regulamentaria.

TÍTULO IV

Ensino

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 43. *Ensino nas Forzas Armadas.*

1. A finalidade do ensino nas Forzas Armadas é proporcionar aos seus membros a formación requirida para o exercicio profesional nos diferentes corpos, escalas e especialidades, co obxecto de atender as necesidades derivadas da organización e preparación das unidades e do seu emprego nas operacións.

Comprende a formación integral, a capacitación específica do militar no seu ámbito profesional, a súa formación continuada e a permanente actualización dos seus coñecementos, encamiñadas ao correcto desempeño das súas misións e ao adecuado exercicio das súas funcións e facultades.

O ensino nas Forzas Armadas está integrado no sistema educativo xeral e, en consecuencia, inspírase nos principios e oriéntase á consecución dos fins dese sistema establecidos no ordenamento xurídico, coas adaptacións debidas á condición militar.

2. O ensino nas Forzas Armadas comprende o ensino de formación, o ensino de perfeccionamento e a de altos estudos da defensa nacional.

3. Co obxecto de mellorar a calidade do ensino mediante a súa validación con respecto ás súas finalidades, estará sometido a un proceso continuado de avaliación polos procedementos que regulamentariamente se determinen, que atenderán aos criterios definidos no sistema educativo xeral.

Artigo 44. *Ensino de formación de oficiais.*

1. A formación de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña ten como finalidade a preparación para o exercicio profesional e a capacitación para a incorporación ás súas respectivas escalas. Comprende, por unha parte, a formación militar xeral e específica e, por outra, a correspondente a un título de grao universitario do sistema educativo xeral.

Tamén comprende a formación para a adquisición das especialidades fundamentais que sexan necesarias para desempeñar as diferentes funcións de cada corpo.

2. O ensino para o acceso aos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e aos corpos comúns das Forzas Armadas proporcionará a formación militar xeral e específica

e completará a formación técnica acreditada cos títulos exixidos para o ingreso.

Artigo 45. *Ensino de formación de suboficiais.*

1. A formación de suboficiais ten como finalidade a preparación e capacitación para o exercicio profesional e a obtención das especialidades fundamentais que sexan necesarias. Comprenderá a formación militar xeral e específica e a formación técnica correspondente a un título de formación profesional de grao superior.

2. O ensino para o acceso ao Corpo de Músicas Militares proporcionará a formación militar xeral e específica e completará a formación técnica acreditada en función dos requisitos exixidos para o ingreso.

Artigo 46. *Ensino de formación de militares de complemento.*

A formación dos militares de complemento ten como finalidade a preparación e capacitación para o exercicio profesional para a adscrición ás escalas de oficiais correspondentes. Comprenderá a formación militar xeral e específica e a formación técnica que sexan necesarias. Cando a formación sexa homologable no sistema educativo xeral proporcionaráselles as titulacións correspondentes.

Artigo 47. *Ensino de formación de tropa e mariñeiría.*

1. A formación dos militares de tropa e mariñeiría ten como finalidade capacitalos militar e tecnicamente para desempeñaren os cometidos e exerceren as facultades da escala e, se for o caso, especialidade fundamental en que se integren.

2. Con esta formación iniciarase a preparación encamiñada a que os militares de tropa e mariñeiría obteñan o título de técnico de formación profesional de grao medio, ou o que corresponda no caso das especialidades de música, integrando de forma progresiva tanto ensinanzas teóricas como a experiencia durante o exercicio da profesión.

Artigo 48. *Ensino de perfeccionamento.*

O ensino de perfeccionamento ten como finalidades a de preparar o militar profesional para a obtención de especialidades, tanto as que complementan a formación inicial recibida como as que permitan adaptar ou reorientar a súa carreira, e a de actualizar ou ampliar os coñecementos para o desempeño dos seus cometidos e incluírá títulos do sistema educativo xeral e específicos militares. Existirá unha oferta de formación continuada que incluírá os procesos de preparación profesional progresiva.

Artigo 49. *Altos estudos da defensa nacional.*

1. Son altos estudos da defensa nacional os que se relacionan coa paz, a seguranza e a defensa e a política militar, orientados tanto aos profesionais das Forzas Armadas como a outros ámbitos das administracións públicas e da sociedade.

2. Tamén terán ese carácter os cursos específicos militares que regulamentariamente se determinen.

CAPÍTULO II

Estrutura

Artigo 50. *Centros docentes militares de formación.*

1. O ensino de formación dos oficiais impartirase na Academia Xeral Militar, a Escola Naval Militar, a Acade-

mía Xeral do Aire e nas demais academias militares que determine o Goberno, por proposta do ministro de Defensa. Estes centros serán responsables do ensino de formación militar xeral e específica e da formación técnica que corresponda.

2. O ensino de formación dos suboficiais impartirase na Academia Xeral Básica de Suboficiais, a Escola de Suboficiais da Armada, a Academia Básica do Aire e nas demais academias militares que se determinen por orde do ministro de Defensa, que tamén establecerá os centros de formación dos militares de tropa e mariñeiría.

3. A formación de especialidades fundamentais, ben como a dos militares de complemento, impartirase nos centros docentes militares determinados nos números anteriores e naquéloutros específicos que se determinen por orde do ministro de Defensa.

4. Os centros docentes militares de formación serán responsables do encadramento dos alumnos e de dirixir e xestionar o seu réxime de vida.

Artigo 51. *Sistema de centros universitarios da defensa.*

1. Coa finalidade de impartir as ensinanzas das titulacións universitarias de grao a que fai referencia o artigo 44.1, o Ministerio de Defensa promoverá a creación dun sistema de centros universitarios da defensa e a adscrición destes a unha ou varias universidades públicas conforme o previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Corresponderá ao Ministerio de Defensa a titularidade destes centros, que se exercerá a través da Subsecretaría de Defensa. Situaranse nos correspondentes centros docentes militares de formación de oficiais.

2. Os centros universitarios da defensa, adscritos a universidades públicas, rexeranse pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, por esta lei, pola normativa aplicable a cada universidade e polos correspondentes convenios de adscrición que terán en conta as peculiaridades da carreira militar.

3. Os títulos de grao universitario que se deben obter serán os que se acorden no marco do convenio de adscrición correspondente en función das necesidades da defensa nacional e as exixencias do exercicio profesional nas Forzas Armadas.

4. No sistema de centros universitarios da defensa poderanse impartir estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de posgrao, tanto de máster como de doutor, e definiranse e desenvolverán liñas de investigación consideradas de interese no ámbito das Forzas Armadas e da paz, a seguranza e a defensa, colaborando con outras entidades e organismos públicos de ensino e investigación.

5. Os centros universitarios da defensa contarán con orzamento propio financiado con cargo ao orzamento do Ministerio de Defensa.

Artigo 52. *Centros de altos estudos da defensa nacional.*

As ensinanzas a que se refire o artigo 49.1 serán impartidas polo Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (CESEDEN), que tamén desenvolverá tarefas de investigación e de fomento e difusión da cultura de defensa. A Escola Superior das Forzas Armadas (ESFAS) impartirá os cursos de actualización para o desempeño das funcións de oficial xeneral e para a obtención do diploma de estado maior. Ambos os centros impartirán estudos conducentes á obtención de títulos de posgrao e específicos militares.

Terán a estrutura orgánica, dependencia e competencias que se determinen regulamentariamente. Para o de

envolvemento dos seus cometidos e, especialmente, para impartir os estudos conducentes á obtención de títulos de posgrao, establecerán colaboracións coas universidades públicas, os centros universitarios da defensa e outras corporacións públicas e privadas, mediante os convenios pertinentes.

Artigo 53. Centros docentes militares de perfeccionamento.

Por orde do ministro de Defensa determinaranse os centros docentes militares de perfeccionamento que impartirán as ensinanzas necesarias para a obtención de especialidades e ampliar ou actualizar coñecementos, entre os cales poderán estar as academias militares e os demais centros docentes militares de formación.

Os centros docentes militares de perfeccionamento poderán impartir estudos conducentes á obtención de títulos de posgrao e outros do sistema educativo xeral, ben como de títulos específicos militares, establecendo, se for o caso, as colaboracións a que se refire o artigo 55.

Artigo 54. Réxime dos centros docentes militares.

1. As normas xerais que regulen a organización e funcións, o réxime interior e a programación dos centros docentes militares serán establecidas por orde do ministro de Defensa.

2. O mando, dirección e goberno dos centros docentes militares é exercido polo seu director, que é a máxima autoridade do centro, desempeña a representación deste e informa ou efectúa a proposta de designación de profesores. Ao director, que será militar de carreira, correspóndenlle as competencias de carácter xeral, militar e disciplinario asignadas aos xefes de unidade, centro ou organismo.

3. No réxime interior dos centros docentes militares determinaranse os órganos unipersoais e os órganos colexiados con facultades de asesoramento, tanto da súa estrutura docente como administrativa, e as funcións que lles correspondan.

Artigo 55. Colaboración con institucións e centros educativos.

1. O Ministerio de Defensa promoverá a colaboración con universidades, centros de formación profesional e institucións educativas, civís e militares, nacionais ou estranxeiras, para impartir determinadas ensinanzas ou cursos e para desenvolver programas de investigación, a través de concertos ou outro tipo de acordos.

2. Igualmente, o Ministerio de Defensa promoverá a colaboración da Administración xeral do Estado, das institucións autonómicas e locais e das entidades culturais, sociais e empresariais cos centros docentes militares.

3. O Ministerio de Defensa solicitará ao Ministerio de Educación e Ciencia a autorización para que nos centros docentes militares se impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais do sistema educativo xeral, que non sexan de grao universitario. Na concesión desa autorización especificarase a que centros públicos do ámbito de xestión do Ministerio de Educación e Ciencia quedarán adscritos, para os citados efectos.

Así mesmo, en tales casos, o Ministerio de Defensa poderá solicitar a homologación dos seus centros docentes para proporcionar títulos ou o seu recoñecemento para impartir ensinanzas validables á Administración pública competente de conformidade co previsto na normativa vixente.

CAPÍTULO III

Acceso

Artigo 56. Requisitos xerais para o ingreso nos centros docentes militares de formación.

1. O ingreso nos centros docentes militares de formación efectuarase mediante convocatoria pública a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libres, nos cales se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ben como os demais principios reitores para o acceso ao emprego público.

2. Os órganos de selección non poderán propor o ingreso nos centros docentes militares de formación dun número superior ao de prazas convocadas. Non obstante, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes do seu ingreso, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan os propostos para o seu posible nomeamento como alumnos. Alcanzada a data de ingreso nos centros docentes militares de formación, extinguese calquera outro dereito derivado do proceso selectivo.

3. Para optar ao ingreso nos centros docentes militares de formación será necesario posuír a nacionalidade española, non estar privado dos dereitos civís, carecer de antecedentes penais, non acharse procesado ou imputado nalgún procedemento xudicial por delito doloso, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas e ter cumpridos dezaioito anos.

As probas poderanse presentar tamén os que no ano da convocatoria vaian cumprir dezaioito anos de idade, aínda que o seu acceso ou adscrición a unha escala quedará supeditado a alcanzar esa idade.

Regulamentariamente estableceranse os límites de idade que non se poden superar e a titulación que hai que posuír ou estar en condicións de obter no prazo que se sinala na convocatoria.

4. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo do establecido para o acceso de estranxeiros nesta lei e na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeira.

5. Nos procesos de selección, as probas a superar serán adecuadas ao nivel e características do ensino que se vai cursar ou, se for o caso, ao desempeño das funcións profesionais correspondentes.

Tamén servirán para verificar as aptitudes psicofísicas necesarias para cursar os respectivos plans de estudos. As aptitudes físicas nos procesos de cambio de escala poderanse acreditar mediante as certificacións referidas ás probas periódicas que realizan os militares profesionais, da forma que regulamentariamente se determine.

6. Nos procesos de selección non poderán existir máis diferenzas por razón de xénero que as derivadas das distintas condicións físicas que, se for o caso, poidan considerarse no cadro de condicións exhibibles para o ingreso.

Regulamentariamente determinarase a forma en que as aspirantes realizarán as probas se están condicionadas por embarazo, parto ou posparto, asegurando, en todo caso, a súa protección.

7. Nos baremos que se establezan nos sistemas de concurso e concurso-oposición valorarase o tempo servido nas Forzas Armadas.

Artigo 57. *Requisitos específicos para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de oficiais.*

1. Para ingresar nos centros docentes militares de formación con obxecto de acceder ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña e o correspondente acceso aos centros universitarios da defensa será necesario, alén dos requisitos xerais do artigo anterior, os exixidos para o ensino universitario.

Tamén se poderá ingresar nas cotas de prazas que se determinen, coas titulacións de grao universitario que se establezan tendo en conta as exixencias técnicas e profesionais do corpo e especialidade fundamental a que se vaia acceder.

2. Para o ingreso nos centros docentes militares de formación con obxecto de acceder ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e dos corpos comúns das Forzas Armadas exixiranse títulos do sistema educativo xeral, tendo en conta as funcións e facultades do corpo e escala a que se vaia acceder, ben como calquera outro diploma ou título dese sistema que regulamentariamente se determine considerado necesario para o exercicio profesional.

Artigo 58. *Requisitos específicos para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de suboficiais.*

1. Para ingresar nos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña exixiranse as condicións requiridas no sistema educativo xeral para acceder aos centros de ensino en que se obtén o título de técnico superior.

Tamén se poderá ingresar nas cotas de prazas que se determinen, coas titulacións de formación profesional que regulamentariamente se establezan en función das exixencias técnicas e profesionais da escala a que se vaia acceder.

2. Para ingresar no centro docente militar para o acceso á escala de suboficiais do Corpo de Músicas Militares exixirase a formación, que se determine regulamentariamente, necesaria para o exercicio das súas funcións.

Artigo 59. *Acceso ás escalas de oficiais e suboficiais.*

Superados os plans de estudos e, se for o caso, as probas que se determinen regulamentariamente e cumpridos os requisitos de titulación de grao universitario no caso dos oficiais e nos suboficiais de formación profesional de grao superior, ou os que correspondan no caso do Corpo de Músicas Militares, accederase á escala correspondente, sen que se poida superar o número de prazas de acceso establecido na provisión do ano de ingreso.

Artigo 60. *Acceso a militar de complemento.*

As prazas existentes para o acceso a militar de complemento anunciaranse mediante convocatoria pública e serán cubertas polos sistemas de selección establecidos no artigo 56 cos requisitos de títulos de grao universitario que regulamentariamente se determinen para adecuarse ás características do ensino que se vai cursar e ao desempeño das funcións profesionais correspondentes.

Artigo 61. *Acceso a militar de tropa e mariñeiría.*

As prazas existentes para o acceso a militar de tropa e mariñeiría serán cubertas, con parámetros obxectivos de

selección, nun proceso continuo da forma que se determine regulamentariamente para manter o obxectivo de efectivos establecido. As probas selectivas poderanse realizar de forma individualizada ou colectiva.

Artigo 62. *Cambio de escala.*

1. O Ministerio de Defensa impulsará e facilitará os procesos de promoción que permitan o cambio de escala e, se for o caso, de corpo, dos militares profesionais que reúnan os requisitos exixidos. Neses procesos valoraranse os méritos, incluído o tempo de servizos, reservaranse prazas de ingreso e, se for o caso, daranse facilidades para a obtención de titulacións do sistema educativo xeral.

2. Para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña reservaranse unha porcentaxe das prazas aos suboficiais e aos militares de tropa e mariñeiría do respectivo exército, que será establecido polo Consello de Ministros na programación plurianual de provisión de prazas a que se refire o artigo 18.

Con obxecto de posibilitar a promoción de suboficiais do Corpo de Músicas Militares no seu acceso á escala de oficiais, nas especialidades de «dirección» ou de «instrumentista», reservaranse prazas de ingreso e daranse facilidades para a obtención das titulacións necesarias.

Para a promoción dos militares de tropa e mariñeiría ás escalas de suboficiais, aplicaráselles a reserva de prazas prevista na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

3. Regulamentariamente determinaranse os empregos, límites de idade, méritos valorables, procesos de selección e demais requisitos e condicións para o cambio de escala e, se for o caso, de corpo.

4. A incorporación a escalas do mesmo nivel de diferentes corpos farase conservando o emprego e o tempo de servizos cumprido na escala de orixe, establecéndose regulamentariamente os procedementos para determinar a orde de escalafón na nova escala.

5. Para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de oficiais con exixencia de titulación, segundo o previsto no segundo parágrafo do número 1 e no número 2 do artigo 57, poderase reservar unha porcentaxe das prazas aos militares de complemento que estean adscritos a esas escalas de oficiais e valorarase o tempo de servizos.

Artigo 63. *Alumnos dos cursos de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional.*

A selección dos alumnos para asistir aos cursos a que se refiren os artigos 48 e 49 farase mediante os sistemas de concurso ou concurso-oposición ou mediante avaliacións como as establecidas no artigo 92.2. Tamén se poderán designar asistentes de forma directa, atendendo ás necesidades da organización e tendo en conta as cualificacións do persoal. Para acceder a cursos que se correspondan con titulacións oficiais do sistema educativo xeral, deberanse cumprir os requisitos establecidos na normativa vixente ao respecto.

CAPÍTULO IV

Plans de estudos

Artigo 64. *Ensino de formación.*

1. O ensino de formación para a incorporación ou adscrición ás diferentes escalas comprenderá os plans de estudos de formación militar xeral e específica e, se for o caso, técnica e os plans de estudos das correspondentes titulacións do sistema educativo xeral. Os plans

de estudos, nos seus respectivos ámbitos, axustaranse aos seguintes criterios:

- a) Proporcionar a capacitación e especialización requiridas para a incorporación a cada corpo e escala.
- b) Facilitar a obtención de títulos do sistema educativo xeral.
- c) Garantir a completa formación humana e o pleno desenvolvemento da personalidade.
- d) Fomentar os principios e valores constitucionais, abrangendo a pluralidade cultural de España.
- e) Asegurar o coñecemento das misións das Forzas Armadas definidas na Constitución e na Lei orgánica da defensa nacional.
- f) Promover os valores e as regras de comportamento do militar.
- g) Desenvolver no alumno capacidades para asumir o proceso do coñecemento e adaptarse á súa evolución.

2. Os criterios do número anterior adaptaranse aos distintos niveis de ensino para o acceso ou adscrición a escalas de oficiais, escalas de suboficiais e escalas de tropa ou mariñeiría.

Anualmente o subsecretario de Defensa aprobará para cada centro o calendario de actividades que integre as ensinanzas correspondentes aos títulos que se imparten e á formación militar e facilite a coordinación na súa execución.

3. O ensino de formación dos estranxeiros, alén do sinalado no número 1, terá como unha das súas finalidades a de transmitir os coñecementos esenciais sobre a Constitución, historia e cultura de España.

Artigo 65. *Aprobación dos plans de estudos.*

1. Os plans de estudos da formación militar xeral e específica e, se for o caso, técnica axustaranse á definición de capacidades e deseño de perfís para o exercicio profesional establecidos tendo en conta o previsto no artigo 12.1.e). O ministro de Defensa determinará as directrices xerais dos plans e aprobará os correspondentes ao ensino de formación para o acceso ás escalas de oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría ou para a adscrición ás escalas dos militares de complemento.

2. Os plans de estudos para a obtención de títulos oficiais universitarios e de formación profesional aprobaranse e implantaranse conforme a normativa específica do sistema educativo xeral.

3. A duración da formación nos distintos procesos será consecuencia da integración dos plans de estudos de formación militar cos correspondentes ás titulacións de grao universitario, no caso dos oficiais, e de formación profesional, nos suboficiais, que haxa que obter. Nos casos de ingreso con titulación previa ou para cambiar de escala, a duración dos períodos de formación adaptaranse ás diversas procedencias e tendo en conta as titulacións ou validacións que sexan de aplicación.

Artigo 66. *Titulacións e validacións.*

1. Poderanse efectuar validacións entre as disciplinas ou grupo delas cursadas no sistema educativo xeral ou no ensino nas Forzas Armadas e aquelas que sexan similares en créditos e contido.

2. Aos militares profesionais seranlles expedidos os títulos do sistema educativo xeral que obtivesen e aqueles diplomas ou certificados que acrediten os cursos superados e as actividades desenvolvidas, as cualificacións profesionais e as especialidades adquiridas.

3. Os títulos do sistema educativo xeral serán de plena aplicación en todos os ámbitos. Os demais diplomas e certificacións poderán ser validados e homologados con títulos oficiais do sistema educativo xeral

mediante acordo entre o Ministerio de Defensa e o Ministerio de Educación e Ciencia ou outras administracións públicas que teñan atribuída competencia na materia.

CAPÍTULO V

Réxime do alumnado e do profesorado

Artigo 67. *Condición de alumno do ensino de formación.*

Ao facer a súa presentación, os que ingresen nos centros docentes militares de formación asinarán un documento de incorporación ás Forzas Armadas segundo o modelo aprobado polo ministro de Defensa, salvo aqueles que xa pertencen a estas, e serán nomeados alumnos. A partir dese momento terán condición militar, sen quedaren vinculados por unha relación de servizos profesionais, quedando suxeitos ao réxime de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

Artigo 68. *Réxime dos alumnos do ensino de formación.*

1. Os alumnos están suxeitos ao réxime dos centros docentes militares de formación en que cursen os seus estudos. Este réxime establecerase conforme o definido neste capítulo.

O réxime dos alumnos nos centros universitarios da defensa será o establecido nos correspondentes convenios de adscrición sen prexuízo, en todo caso, da súa condición militar.

2. Aos alumnos no ensino de formación poderáselles conceder con carácter eventual e para os efectos académicos, de prácticas e retributivos que se determinen regulamentariamente, os empregos de alférez, sargento e soldado, coas denominacións específicas que se establezan nas normas de réxime interior dos centros docentes militares de formación.

3. Os alumnos que previamente tivesen un emprego militar conservarán os dereitos administrativos inherentes a este, ben que estarán sometidos ao mesmo réxime que o resto dos alumnos. Ao ingresaren nos centros docentes militares de formación permanecerán ou pasarán á situación de servizo activo.

Ao accederen á nova escala causarán baixa na de orixe, coa conseguinte perda do emprego que tivesen na escala anterior, sen prexuízo do previsto no artigo 62 para o cambio de escala, pero mantendo os dereitos derivados do tempo de servizos que tivesen cumprido.

Artigo 69. *Réxime interior dos centros docentes militares.*

1. A regulación do réxime interior dos centros docentes militares de formación terá como obxectivo facilitar o desenvolvemento dos plans de estudos de tal forma que estes se axusten aos criterios sinalados no capítulo anterior, tendo en conta que se deben compatibilizar as exixencias da formación militar e a progresiva adaptación do alumno ao medio militar, coas requiridas para a obtención de titulacións do sistema educativo xeral.

2. As infraccións de carácter académico no ensino de formación non están incluídas no réxime disciplinario militar e serán sancionadas consonte o que se determine no réxime interior dos centros docentes en que cursen estudos.

3. As normas xerais de réxime interior dos centros docentes militares serán aprobadas polo ministro de Defensa.

Artigo 70. Réxime de avaliacións e cualificacións.

1. No proceso de formación verificaranse, con criterios obxectivos, os coñecementos adquiridos polos alumnos, o desenvolvemento da súa formación e o seu rendemento e efectuaranse as correspondentes avaliacións e cualificacións con criterios semellantes.

As avaliacións e cualificacións serven de base para orientar os alumnos sobre o seu rendemento escolar e aptitude para o servizo, valorar a súa capacidade e determinar se superan as probas previstas nos plans de estudos.

2. Esas cualificacións servirán para establecer a orde relativa para a incorporación ou adscrición ao escalafón correspondente. Regulamentariamente determinaranse os sistemas, baseados en criterios obxectivos, para integrar nunha única clasificación final os que de diversas procedencias se incorporen ou adscriban a unha escala no primeiro emprego.

Artigo 71. Perda da condición de alumno.

1. Os alumnos do ensino de formación poderán causar baixa por petición propia no centro docente militar correspondente. Neste caso, o ministro de Defensa determinará os supostos en que se deba resarcir economicamente o Estado e establecerá as cantidades tendo en conta o custo da formación recibida, sempre que esta sexa superior a dous anos.

2. Tamén se poderá acordar a baixa dun alumno por algún dos seguintes motivos:

- a) Insuficiencia de condicións psicofísicas.
- b) Non superar, dentro dos prazos establecidos, as probas previstas nos plans de estudos.
- c) Carencia das calidades en relación cos principios constitucionais e as regras de comportamento do militar a que se refire o artigo 64.1.d) e f) acreditada en expediente persoal extraordinario, mediante resolución motivada e precedendo audiencia do interesado.
- d) Imposición de sanción disciplinaria por falta grave de acordo co disposto na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.
- e) Sentenza firme condenatoria por delito doloso.
- f) Perda da nacionalidade española ou, no suposto de estranxeiros, a de orixe sen adquirir a española ou outra das que permitan o acceso á condición de militar de complemento ou de militar de tropa e mariñeiría.
- g) Incumprimento, en contra do declarado polo interesado, das condicións do artigo 56 para optar á convocatoria para o ingreso no correspondente centro docente militar de formación.

3. O ministro de Defensa determinará o cadro de condicións psicofísicas e os prazos para superar os plans de estudos da formación militar xeral e específica e para obter as titulacións para o acceso ás diferentes escalas. Estes prazos poderanse establecer para a superación de cada curso académico e de todo o proceso de formación.

4. A resolución do expediente disciplinario que acorde a baixa polo motivo expresado na alínea 2.d) poderá ser obxecto do recurso contencioso-disciplinario militar regulado na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, ante o Tribunal Militar Central. Nos demais supostos do número 2 observarase o disposto no artigo 141.

5. Ao causar baixa os alumnos perderán a súa condición militar, salvo que a tivesen antes de ser nomeados alumnos, e o emprego militar que tivesen podido alcanzar con carácter eventual e resolverase o compromiso inicial de quen o asinase. A baixa nos centros docentes militares dos que accedesen de conformidade

co artigo 57.1 carretará a baixa no centro universitario da defensa correspondente.

Artigo 72. Réxime dos alumnos de cursos de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional.

Os militares profesionais alumnos de cursos de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, durante a súa asistencia a eles, estarán en situación de servizo activo. A convocatoria do curso regulará se conservan ou causan baixa no destino de orixe, conforme as normas xerais de provisión de destinos.

As mulleres facilitaráselles, conforme o que se establece regulamentariamente, novas oportunidades de asistencia aos citados cursos cando por situacións de embarazo, parto ou posparto non poidan concorrer á convocatoria.

Artigo 73. Profesorado na estrutura docente do Ministerio de Defensa.

1. A formación militar xeral e específica nos centros docentes militares de formación de oficiais será impartida por profesorado militar que tamén desenvolverá tarefas de titoría e apoio en colaboración cos centros universitarios da Defensa.

2. Nos centros universitarios da Defensa o ensino de grao universitario será impartido por profesores que contén coa capacitación adecuada de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e os correspondentes convenios de adscrición.

3. Nos demais centros docentes militares nos cadros de profesores estará integrado o persoal das Forzas Armadas destinado neles. Poderán ser profesores os militares profesionais de calquera escala, que cumpran os requisitos e teñan a titulación requirida e, se for o caso, o persoal civil debidamente titulado e acreditado.

4. Para exercer como profesor é preciso o recoñecemento da súa competencia, baseada na titulación, preparación, experiencia profesional e aptitude pedagóxica.

5. O ministro de Defensa fixará os requisitos xerais do profesorado dos centros docentes militares, os específicos de cada área de coñecemento e as condicións do seu exercicio. No caso dos centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos do sistema educativo xeral, teranse en conta as exixencias deste sistema.

TÍTULO V**Carreira militar****CAPÍTULO I****Disposicións xerais****Artigo 74. Carreira militar.**

1. A carreira militar dos membros das Forzas Armadas queda definida pola ocupación de diferentes destinos, o ascenso aos sucesivos empregos e a progresiva capacitación para postos de maior responsabilidade, combinando preparación e experiencia profesional no desempeño das funcións do seu corpo e no exercicio das facultades da súa escala e, se for o caso, das especialidades que adquirise.

2. A traxectoria profesional dos militares de complemento axustarase ao compromiso que teñan adqui-

rido e ao desempeño das funcións do corpo a que estean adscritos.

Artigo 75. *Desenvolvemento da carreira.*

1. Para responder ás exigencias da organización militar nos dous primeiros empregos de cada escala os militares profesionais ocuparán preferentemente postos operativos correspondentes á especialidade fundamental adquirida no acceso á escala.

A partir de determinados empregos reorientarán o seu perfil profesional para o cumprimento de tarefas en distintos campos de actividade ou adaptaranos para perfeccionarse dentro dos que estivesen a exercer, adquirindo, se for o caso, unha nova especialidade.

A articulación das novas especialidades coas de orixe dará lugar a que se desenvolvan traxectorias diferenciadas para ocupar distintos destinos en función dos requirimentos destes, podéndose alcanzar os máximos empregos de cada escala.

2. Será requisito para o ascenso ao emprego de tenente coronel nas escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña a obtención das titulacións, que se determinen por orde do ministro de Defensa, para exercer, cunha maior especialización, tarefas nos ámbitos de estado maior, operacións, recursos humanos, intelixencia, relacións internacionais, loxística, comunicación social e en cantos sexan precisos para o mando, dirección e xestión das Forzas Armadas.

3. Para o ascenso a tenente coronel nos demais corpos será requisito obter as titulacións que se determinen por orde do ministro de Defensa para unha maior especialización nos campos de actividade correspondentes.

No caso dos corpos de intendencia potenciarase a súa capacidade na execución de funcións relativas á actividade financeira, orzamentaria e de contratación nos órganos superiores do Ministerio de Defensa e das Forzas Armadas, ben como no relacionado coa loxística de xestión.

Nos corpos de enxeñeiros esa maior especialización estará orientada a establecer especificacións de deseño, desenvolvemento e fabricación de sistemas de armas, na dirección de programas de investigación e desenvolvemento e en asegurar o seu control de calidade, especialmente nos órganos de adquisición ou, cando for o caso, o relacionado co planeamento e desenvolvemento das políticas de infraestruturas e ambiental, ben como a súa supervisión e dirección.

4. Os membros das escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de mariña deberán obter as especialidades necesarias para estaren en condicións de exercer, a partir do emprego de brigada, funcións loxísticas e administrativas.

5. A carreira militar dos membros das escalas de tropa e mariñeiría, segundo o disposto na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, comezará cun compromiso inicial, renovable até completar un máximo de seis anos, durante o cal se ocuparán os postos correspondentes á especialidade adquirida no acceso. Posteriormente, poderán subscribir un compromiso de longa duración, desde o cal se poderá acceder a unha relación de servizos de carácter permanente coa adquisición da condición de militar de carreira. A partir dos 45 anos de idade, os que teñan esta condición orientarán a súa traxectoria, preferentemente e de acordo coas necesidades dos exércitos, ao desempeño de funcións loxísticas e administrativas.

CAPÍTULO II

Condición e compromisos dos militares profesionais

Artigo 76. *Adquisición da condición de militar de carreira.*

1. A condición de militar de carreira adquirese ao incorporarse a unha escala de oficiais ou de suboficiais coa obtención do primeiro emprego militar, unha vez superado o plan de estudos correspondente e obtida a titulación exigida.

2. O primeiro emprego militar de cada escala de oficiais ou de suboficiais será conferido polo Rei e referendado polo ministro de Defensa.

3. Tamén adquiren a condición de militar de carreira os militares de tropa e mariñeiría cando, segundo o previsto na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, accedan a unha relación de servizos de carácter permanente.

Artigo 77. *Adquisición da condición e compromisos dos militares de complemento.*

1. A condición de militar de complemento adquirese ao adscribirse a unha escala e corpo mediante a superación do plan de estudos correspondente e asinado o compromiso inicial, co emprego de tenente conferido polo ministro de Defensa. O compromiso terá unha duración, contando desde o seu nomeamento como alumno, de tres anos ou de oito anos segundo se estableza na correspondente convocatoria en función da formación que se reciba e das funcións dos corpos a que se adscriban.

2. A renovación do compromiso dos militares de complemento só se poderá facer até un máximo de oito anos de servizo. Para a sinatura do novo compromiso será preceptivo ter sido avaliado previamente e declarado idóneo. Regulamentariamente estableceranse as condicións, requisitos e procedementos para as renovacións de compromiso.

3. Aos que ingresaron nun centro docente militar para o acceso a militar de carreira e cumplan durante o desenvolvemento do plan de estudos o seu compromiso, concederáselles unha ampliación que finalizará coa culminación dese plan ou coa baixa como alumno.

4. Os que formen parte de unidades militares ás cales se lles asignen misións fóra do territorio nacional, por un período igual ou superior a tres meses, poderán ampliar o seu compromiso até quince días despois de que conclúa a misión, se así o solicitan, cando o seu compromiso termine durante o desenvolvemento de tales misións.

Artigo 78. *Adquisición da condición e compromisos dos militares de tropa e mariñeiría.*

A condición de militar de tropa e mariñeiría adquirese ao incorporarse a unha escala unha vez superado o período de formación determinado na convocatoria de probas selectivas para o acceso a tal condición e asinado o compromiso inicial regulado na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, que establece as modalidades de relación, as renovacións e ampliacións e o compromiso de longa duración.

CAPÍTULO III

Historial militar

Artigo 79. *Historial militar.*

1. As vicisitudes profesionais do militar quedarán reflectidas no seu historial militar individual, de uso confidencial, que constará dos seguintes documentos:

- a) Folla de servizos.
- b) Colección de informes persoais.
- c) Expediente académico.
- d) Expediente de aptitude psicofísica.

2. No historial militar non figurará ningún dato relativo a raza, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, que puider constituír causa de discriminación.

3. O ministro de Defensa establecerá as características dos documentos que compoñen o historial militar adaptados ao tipo de relación de servizos profesionais e ditará as normas para a súa elaboración, custodia e utilización e para garantir o dereito ao acceso ao propio historial, salvo aos informes cualificados como confidenciais ou reservados.

Artigo 80. *Folla de servizos.*

1. A folla de servizos é o documento obxectivo, en papel ou soporte informático, en que se expoñen os feitos e circunstancias de cada militar desde a súa incorporación ás Forzas Armadas.

Inclúe a escala a que se accede, os empregos, ascensos, destinos, especialidades e situacións administrativas, a descrición dos feitos notables e actos meritorios, as recompensas e felicitacións persoais ou colectivas, ben como os delitos ou faltas e as penas ou sancións correspondentes que non fosen canceladas.

2. A cancelación dunha anotación de sanción por falta grave ou sanción disciplinaria extraordinaria, de acordo co establecido na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, producirá o efecto de anular a inscrición na folla de servizos sen que se poida certificar dela, salvo cando o soliciten as autoridades competentes para isto exclusivamente para os efectos das avaliacións regulamentarias, da concesión de recompensas e da asignación daqueles destinos cuxo desempeño se considere incompatible coa natureza das condutas que tiveren determinado as sancións de que se trate. A posibilidade de certificar as anotacións xa canceladas estenderase ás penas impostas en calquera xurisdición.

3. As faltas de carácter académico e as disciplinares leves dos alumnos do ensino de formación limitarán os seus efectos ao período escolar e non figurarán na folla de servizos do interesado.

Artigo 81. *Informes persoais.*

1. O informe persoal de cualificación é a valoración obxectiva duns conceptos predeterminados que permitan apreciar as calidades, méritos, aptitudes, competencia e forma de actuación profesional do militar.

Os informes serán realizados por xuntas de cualificación constituídas por tres cualificadores, un dos cales será o superior xerárquico do interesado.

Por orde do ministro de Defensa establecerase a periodicidade dos informes e os casos en que, en función da estrutura orgánica, o superior xerárquico actuará como único cualificador.

2. O superior xerárquico do cualificado que forme parte da xunta deberá, en todo caso, informar e orientar o interesado sobre a súa competencia e forma de actuación profesional. O interesado poderá formular alegacións ao respecto, que se deberán unir ao informe persoal de cualificación.

3. O informe persoal de cualificación, xunto coas alegacións, elevarase a través do superior xerárquico do responsable de informar, segundo o número anterior, o mando ou xefatura de persoal do exército correspondente. O referido superior xerárquico fará unha valoración individual e de conxunto dos informes e anotará

cantas observacións avaliábeis considere convenientes para establecer a valoración obxectiva das cualificacións efectuadas e das alegacións presentadas.

4. Na colección de informes persoais incluíranse cantos sexan utilizados nas avaliacións reguladas nesta lei, ben como o resultado destas no que afecte a cada interesado. Tamén se poderán incluír estudos ou valoracións dirixidos a identificar a súa actuación profesional, baseados en informacións doutros militares que tivesen relación profesional co interesado.

5. O ministro de Defensa determinará as normas reguladoras dos informes persoais con indicación expresa dos procedementos de alegación de que disporá o militar obxecto de informe. O modelo de informe persoal de cualificación será común para todos os militares de carreira sen prexuízo de que se fixen condicións específicas para os diferentes corpos e escalas. Con criterios semellantes estableceranse os correspondentes aos demais militares profesionais.

Artigo 82. *Expediente académico.*

No expediente académico constarán as cualificacións académicas, certificacións e acreditacións das titulacións obtidas e estudos realizados dentro do ensino nas Forzas Armadas, ben como as correspondentes a outros títulos ou estudos recoñecidos tanto no ámbito civil como no do ensino militar doutros países.

Artigo 83. *Expediente de aptitude psicofísica.*

1. No expediente de aptitude psicofísica figurarán os resultados dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas e físicas, que se realizarán co contido e periodicidade que se establezan regulamentariamente segundo o emprego, corpo, escala ou especialidade, idade e outras circunstancias persoais. Estes recoñecementos e probas poderanse realizar en calquera momento, por iniciativa fundamentada do propio interesado ou do xefe da súa unidade, centro ou organismo.

2. Os recoñecementos e probas poderán comprender análises e comprobacións con carácter obrigatorio, encamiñadas a detectar os estados de intoxicación e o consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

3. Nas normas regulamentarias que establezan as regras de comportamento do militar figurarán as referidas á atención e coidado da saúde e á prevención de condutas que atenten contra ela e cuxo incumprimento quedará reflectido no réxime disciplinario das Forzas Armadas.

O Ministerio de Defensa fomentará a educación física e as prácticas deportivas, ao seren elementos importantes no mantemento das condicións psicofísicas e que, ademais, favorecen a solidariedade e a integración.

4. Os resultados dos recoñecementos médicos quedarán salvagardados polo grao de confidencialidade que a lexislación en materia sanitaria lles atribúa.

Artigo 84. *Rexistro de persoal.*

1. No Ministerio de Defensa existirá un rexistro de persoal en que estarán inscritos todos os militares profesionais e no cal se anotarán os datos de transcendencia administrativa do historial militar.

2. O ministro de Defensa establecerá as normas xerais reguladoras do rexistro de persoal e do seu funcionamento, tendo en conta a lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO IV

Avaliacións

Artigo 85. *Finalidade das avaliacións.*

Os militares profesionais serán avaliados para determinar a súa aptitude para o ascenso ao emprego superior, para seleccionar os asistentes a cursos e para comprobar a existencia de insuficiencia de facultades profesionais ou de condicións psicofísicas.

Os que manteñan unha relación de servizos mediante compromisos serán avaliados para determinar a súa idoneidade para a súa renovación.

Artigo 86. *Normas xerais das avaliacións.*

En cada avaliación analizaranse as circunstancias dos interesados nos aspectos da súa personalidade, condicións psicofísicas, competencia e actuación profesional relacionados co obxecto dela, considerando a seguinte documentación:

- a) O historial militar.
- b) A información complementaria fornecida polo interesado, por instancia do órgano de avaliación ou por iniciativa propia, sobre a súa actuación profesional que for de interese e puiden non estar reflectida no seu historial militar.
- c) As certificacións a que se refire o artigo 80.2.
- d) Calquera outro informe que considere oportuno o órgano de avaliación, especialmente os que completen a información sobre a actuación profesional dos interesados.

Artigo 87. *Órganos de avaliación.*

1. Existirán órganos de avaliación para efectuar as que se definen nesta lei. Estarán constituídos por persoal militar de maior emprego que os avaliados. Regulamentariamente determinarase a súa composición, adecuándose no posible á aplicación equilibrada do criterio de xénero, as incompatibilidades e as normas de funcionamento.

2. Nas avaliacións para o ascenso ao emprego de xeneral de brigada ou que afecten membros da categoría de oficiais xenerais, actuará como órgano de avaliación o Consello Superior do Exército correspondente. Nos demais casos corresponderá a xuntas de avaliación.

3. O ministro de Defensa, precedendo informe dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, establecerá con carácter xeral os méritos e aptitudes que deben considerar os órganos de avaliación segundo a finalidade desta, ben como os procedementos e as normas obxectivas de valoración. Estas normas obxectivas, que se publicarán no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», conterán a valoración dos destinos, especialidades e títulos, ben como de cantas vicisitudes profesionais reflectidas no historial militar identifican a traxectoria profesional dos avaliados.

CAPÍTULO V

Ascensos

Artigo 88. *Réxime e sistemas de ascensos.*

1. O réxime de ascensos ten como finalidade asegurar que se dispoña dos profesionais coas aptitudes e experiencia adecuadas nos sucesivos empregos de cada escala, para conseguir a máxima eficacia e cohesión das Forzas Armadas. Debe potenciar o mérito e a capacidade

dos seus membros e incentivar a súa preparación e dedicación profesional.

2. Os ascensos aos diferentes empregos produciranse aplicando os seguintes sistemas:

- a) Elección. Os ascensos produciranse entre aqueles militares máis capacitados e idóneos para acceder ao emprego superior.
- b) Clasificación. Os ascensos produciranse pola orde derivada dun proceso de avaliación.
- c) Concurso ou concurso-oposición. Os ascensos efectuaranse entre aqueles que o soliciten na orde obtida no correspondente proceso selectivo.
- d) Antigüidade. Os ascensos efectuaranse segundo a orde de escalafón dos interesados.

3. Os ascensos dos militares profesionais produciranse ao emprego inmediato superior sempre que se reúnan as condicións establecidas nesta lei e con ocasión de vacante na escala correspondente salvo nos ascensos por antigüidade en que se producirá o ascenso unha vez cumprido o tempo de servizos que se determine regulamentariamente para cada emprego e escala.

Artigo 89. *Ascenso aos diferentes empregos.*

1. Os ascensos aos diferentes empregos en cada unha das escalas efectuaranse aplicando os seguintes sistemas:

- a) Aos empregos de oficiais xenerais: o de elección.
- b) A coronel: o de elección.
- c) A tenente coronel e a comandante: o de clasificación.
- d) A capitán: o de antigüidade.
- e) A suboficial maior: o de elección.
- f) A subtenente e a brigada: o de clasificación.
- g) A sarxento primeiro: o de antigüidade.
- h) A cabo maior: o de elección.
- i) A cabo primeiro e a cabo: o de concurso ou concurso-oposición.

2. Os ascensos ao emprego de tenente coronel nas escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros e na escala de oficiais enfermeiros efectuaranse polo sistema de elección.

Artigo 90. *Condicións para o ascenso.*

1. Para o ascenso a calquera emprego militar requírese ter cumpridos no anterior o tempo de servizos e o de permanencia en determinado tipo de destinos que estableza o ministro de Defensa para cada escala e emprego.

2. Para o ascenso aos empregos que regulamentariamente se determinen será preceptivo ter superado cursos de actualización; para o ascenso a tenente coronel exixíranse titulacións, específicas militares ou do sistema educativo xeral, obtidas no ámbito do perfeccionamento e para o ascenso a cabo maior a titulación de técnico do sistema educativo xeral, todo isto cos criterios que estableza o ministro de Defensa, tendo en conta o previsto no artigo 75.

3. Á muller daráselle especial protección en situacións de embarazo, parto e posparto para cumprir as condicións para o ascenso a calquera emprego militar.

4. Deixarán de ser avaliados para o ascenso por elección ou por clasificación os que o tiveren sido no número máximo de ciclos que para cada escala e emprego se determine por orde do ministro de Defensa.

5. Para o ascenso a un emprego militar, até o de xeneral de brigada inclusive, é condición indispensable

ter sido avaliado da forma regulada neste capítulo e segundo as normas obxectivas de valoración a que fai referencia o artigo 87.3.

Artigo 91. *Vacantes para o ascenso.*

1. Daranse para o ascenso as vacantes que se produzan nos distintos empregos de cada escala por algúns dos seguintes motivos:

- a) Ascenso.
- b) Incorporación a outra escala.
- c) Paso ás situacións administrativas en que se teña a condición militar en suspenso e á de suspensión de emprego.
- d) Paso á situación de reserva ou ao retiro, no caso de que se faga desde as situacións administrativas non previstas no parágrafo anterior.
- e) Perda da condición militar.
- f) Ao cesar o prisioneiro ou desaparecido na situación de servizo activo.
- g) Falecemento ou declaración de falecido.

2. As vacantes existentes na cadro de persoal indistinto de oficiais xenerais ben como os postos desa categoría na Casa de Súa Maxestade El-Rei e en organizacións internacionais ou noutros organismos no estranxeiro, poderán orixinar ascenso entre os pertencentes a calquera corpo que reúnan as condicións para isto.

O nomeamento dun oficial xeneral para ocupar eses postos producirá vacante na do seu corpo se previamente ocupase un destino dos expresamente asignados a el. O excedente de cadro de persoal que se poida orixinar ao cesar no cargo será amortizado consonte o establecido no artigo 16.5.

O oficial xeneral en cadro de persoal indistinto, ben como o que ocupe postos na Casa de Súa Maxestade El-Rei ou en organismos internacionais ou noutros organismos no estranxeiro, poderá ascender ao emprego inmediato superior do seu corpo se reúne as condicións para isto.

3. Cando se produza unha vacante considerárase como data desta a do día que produza efectos o acto administrativo que a ocasionou. Cando esa vacante dea lugar a ascensos nos empregos inferiores, a data de antigüidade con que se conferirán os novos empregos será a mesma para todos eles e determinarase segundo o establecido no artigo 23.2.

Artigo 92. *Avaliacións para o ascenso.*

1. As avaliacións para o ascenso teñen por obxecto determinar a aptitude ou a non aptitude para el e, se for o caso, as condicións de idoneidade e prelación, baseadas no mérito e a capacidade, que darán orixe á correspondente clasificación dos avaliados. Realizaranse periodicamente e afectarán os militares profesionais que se encontren nas zonas de escalafón que se determinen de conformidade cos artigos seguintes e, se for o caso, os que opten ao ascenso polo sistema de concurso ou concurso-oposición.

Nos ascensos por elección e clasificación as avaliacións producirán efecto durante un ciclo de ascensos e nos de concurso ou concurso-oposición e antigüidade até que se conceda o ascenso correspondente, a non ser, en todos os sistemas, que sobreveña algunha circunstancia que aconselle avaliar de novo o afectado.

A duración dos ciclos nos ascensos por elección e clasificación será dun ano. O ministro de Defensa, precedendo informe do xefe de Estado Maior do exército correspondente, poderá modificar esa duración cando circunstancias especiais así o aconsellen.

2. Existirán avaliacións para seleccionar os que deban asistir a determinados cursos de actualización, no número que fixe o ministro de Defensa, realizadas por órganos de avaliación, segundo as normas obxectivas de valoración a que fai referencia o artigo 87.3. A designación dos que deben entrar en avaliación e dos que asistirán aos citados cursos corresponderá aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, precedendo informe do Consello Superior respectivo.

3. Unha vez establecidas as zonas de escalafón para o ascenso e os que deben entrar en avaliación para asistir aos cursos de actualización, abrírase un prazo para que aqueles interesados que o desexen poidan solicitar a súa exclusión da avaliación. Os que renuncien a ser avaliados para o ascenso en dúas ocasións permanecerán no seu emprego até o seu paso á situación de reserva e os que renuncien dúas veces a asistir a cursos de actualización non volverán ser convocados.

Artigo 93. *Avaliacións para o ascenso por elección.*

1. Serán avaliados para o ascenso por elección os do emprego inmediato inferior que reúnan ou poidan reunir durante o ciclo de ascensos as condicións establecidas no artigo 90 e se encontren nas zonas de escalafón que para cada emprego e escala determinen os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire. Por orde do ministro de Defensa, precedendo informe do xefe de Estado Maior do Exército correspondente, establecerase para cada período cuatrienal de cadros de persoal o máximo e o mínimo da relación entre o número de avaliados en cada ciclo e o de vacantes previstas, concretándoos para cada emprego e escala.

2. A avaliación especificará as condicións de prelación e idoneidade de todos os avaliados canto ás facultades e capacidades profesionais requiridas para o desempeño dos destinos do emprego superior.

A avaliación para o ascenso a xeneral de brigada será realizada polo Consello Superior do exército correspondente e elevada ao ministro de Defensa polo xefe de Estado Maior do exército respectivo, quen engadirá o seu propio informe para os efectos previstos no artigo 97.1.

As avaliacións para os ascensos aos empregos das categorías de oficial, suboficial e tropa e mariñeira aos cales se ascende por elección serán realizadas por órganos de avaliación e, unha vez sometidas a informe do Consello Superior correspondente, elevadas ao xefe de Estado Maior do Exército respectivo, quen engadirá o seu propio informe e lle propondrá ao ministro de Defensa para a súa aprobación a ordenación definitiva para o ascenso para os efectos previstos no artigo 97.4.

Artigo 94. *Avaliacións para o ascenso por clasificación.*

1. Serán avaliados para o ascenso polo sistema de clasificación os que reúnan ou poidan reunir, antes do inicio do ciclo de ascensos, as condicións establecidas no artigo 90 e se encontren nas zonas de escalafón que para cada emprego e escala determinen os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire. Por orde do ministro de Defensa, precedendo informe do xefe de Estado Maior do exército correspondente, establecerase para cada período cuatrienal de cadros de persoal o máximo e o mínimo da relación entre o número de avaliados en cada ciclo e o de vacantes previstas, concretándoos para cada emprego e escala.

2. As avaliacións indicarán a aptitude ou, motivándoa, a non-aptitude dos avaliados para o ascenso e ana-

lizarán as condicións de prelación e idoneidade canto ás facultades e capacidades profesionais requiridas para o desempeño dos destinos do emprego superior, que determinarán a clasificación dos avaliados.

A avaliación, unha vez informada polo Consello Superior correspondente, será elevada ao xefe de Estado Maior do exército respectivo, quen, tendo en conta, ademais, a súa propia valoración, declarará en primeiro termo a aptitude ou non-aptitude dos avaliados para o ascenso e aprobará a súa orde de clasificación.

Artigo 95. Avaliacións para o ascenso por concurso ou concurso-oposición.

1. Serán avaliados para o ascenso por concurso ou concurso-oposición todos os do emprego inmediato inferior que voluntariamente concorran coas condicións e tempo no emprego cumpridos. Nas correspondentes convocatorias, que serán aprobadas polos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, fixaranse a zona de escalafón, as especialidades, se for o caso, e as condicións requiridas para participar no concurso ou concurso-oposición. As prazas nas correspondentes convocatorias poderanse ofertar a zonas de escalafón diferentes, materializándose os procesos de selección por separado.

2. No sistema de concurso a valoración dos méritos establecidos na convocatoria, realizada polo órgano de avaliación correspondente, segundo os criterios xerais e baremos establecidos polos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, para cada emprego e escala, determinará o resultado do concurso e, en consecuencia, a relación dos que deben ascender no número de prazas convocadas, pola orde resultante.

No sistema de concurso-oposición, alén da valoración dos méritos establecidos no parágrafo anterior, teranse en conta as puntuacións obtidas na fase de oposición segundo o que se especifique na correspondente convocatoria.

Artigo 96. Avaliacións para o ascenso por antigüidade.

1. Serán avaliados para o ascenso polo sistema de antigüidade con anterioridade a cumprir os tempos de servizos fixados para cada emprego e escala, os que reúnan as condicións establecidas no artigo 90.

2. A avaliación especificará a aptitude ou, motivándoa, a non-aptitude dos avaliados para o ascenso.

Unha vez efectuada a avaliación, será elevada ao xefe de Estado Maior correspondente, quen declarará a aptitude ou non-aptitude dos avaliados para o ascenso.

A declaración de aptitude para o ascenso terá validez até se producir o ascenso, sen prexuízo do establecido no artigo 92.1. Os declarados non aptos volverán a ser avaliados na seguinte avaliación que corresponda aos do seu emprego e escala.

Artigo 97. Concesión dos ascensos.

1. Os ascensos aos empregos da categoría de oficiais xenerais concederanse por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, quen, para efectuala, oirá o xefe de Estado Maior do exército correspondente. Nos ascensos a xeneral de brigada será preceptivo valorar as avaliacións reguladas no artigo 93 e en todos os casos se terá en conta a idoneidade para ocupar os cargos ou postos vacantes a que deban acceder os ascendidos.

2. Nos corpos en que o emprego máximo da escala de oficiais é o de xeneral de división, segundo o previsto no título III, poderanse alcanzar os empregos superiores se se ocupa un dos cargos ou postos que constitúen

cadro de persoal indistinto de oficiais xenerais ou na Casa da Súa Maxestade El-Rei ou en organizacións internacionais ou outros organismos no estranxeiro. Ao cesar neses cargos ou postos pasarase á situación de reserva.

3. Os ascensos a xeneral de brigada do Corpo de Músicas Militares previstos no artigo 40.2 concederanse por real decreto acordado en Consello de Ministros por proposta do ministro de Defensa, quen para efectuala terá en conta o parecer da Xunta Superior a que se refire o artigo 15.3, reunida con carácter extraordinario con esta finalidade.

4. A concesión dos ascensos polo sistema de elección, non previstos no número 1, é competencia do xefe de Estado Maior do exército correspondente seguindo a ordenación aprobada polo ministro de Defensa segundo o previsto no artigo 93.

5. A competencia para a concesión dos ascensos polos sistemas de clasificación, concurso ou concurso-oposición e antigüidade corresponde ao mando ou xefatura de persoal do exército correspondente.

Artigo 98. Declaración de non-aptitude para o ascenso.

1. A declaración de non-aptitude para o ascenso do militar profesional, baseada nas avaliacións reguladas nos artigos anteriores, é competencia do xefe de Estado Maior do exército correspondente. Os que sexan declarados non aptos para o ascenso non poderán ascender até seren novamente avaliados.

2. Se un militar profesional é declarado non apto máis de dúas veces na avaliación para o ascenso ao mesmo emprego, o xefe de Estado Maior do exército correspondente elevará a proposta ao ministro de Defensa, quen, se procede, declarará o afectado non apto para o ascenso con carácter definitivo.

3. Os militares profesionais que sexan declarados non aptos para o ascenso con carácter definitivo permanecerán no seu emprego até pasaren á situación de reserva, salvo que da resolución que se adopte no expediente regulado no artigo 119 derive o paso a retiro ou, se for o caso, a resolución do compromiso.

CAPÍTULO VI

Destinos

Artigo 99. Destinos.

1. O militar profesional poderá ocupar cargos e destinos nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, incluídos os dos seus órganos directivos, que se asignarán en función dos criterios determinados nas correspondentes relacións de postos militares ou de postos de traballo, segundo corresponda.

2. Tamén poderá ocupar cargos e destinos na Presidencia do Goberno e, no caso de que se trate de postos orgánicos relacionados con seguranza e defensa, en organizacións internacionais ou noutros departamentos ministeriais.

3. O militar profesional poderá ser nomeado para ocupar cargos ou destinos na Casa de Súa Maxestade El-Rei. O seu nomeamento e substitución realizarase conforme o disposto no artigo 65.2 da Constitución.

4. Para participar en misións fóra do territorio nacional, para suplir ausencias do destino por causas previstas nesta lei ou cando outras necesidades do servizo o requiran, os militares profesionais poderán ser designados para realizar comisións de servizo de carácter temporal, conservando o seu destino se o tiveren.

Artigo 100. Clasificación dos destinos.

1. Os destinos, segundo a súa forma de asignación, son de libre designación, de concurso de méritos e de provisión por antigüidade.

2. Son destinos de libre designación aqueles para os cales se precisan condicións profesionais e persoais de idoneidade, que apreciará discrecionalmente a autoridade facultada para concedelos entre os que cumpran os requisitos exixidos para o posto, reunindo previamente a información que sexa necesaria sobre as citadas condicións. Regulamentariamente estableceranse os criterios para determinar os postos que polas súas especiais exixencias e responsabilidade se deben cubrir por este procedemento.

3. Son destinos de concurso de méritos aqueles que se asignan tendo en conta os méritos que se posúan en relación cos requisitos exixidos para o posto.

4. Son destinos de provisión por antigüidade os que se asignan por orde de escalafón, entre os interesados que cumpran os requisitos exixidos para o posto.

5. Nas relacións de postos militares concretarase a forma de asignación de cada un dos destinos tendo en conta os perfís profesionais e aplicando os criterios que determine o ministro de Defensa.

Artigo 101. Provisión de destinos.

1. As normas xerais de provisión de destinos incluírán o tempo mínimo e, se for o caso, máximo de permanencia nos destinos e os procedementos de asignación en ausencia de peticionarios, atendendo ás características da vacante, aos historiais militares dos que poidan ser destinados e á mobilidade xeográfica a que están suxeitos os militares profesionais. Nesas normas estableceranse, con criterios obxectivos, as limitacións para o acceso a determinados destinos, sen que se poida producir ningún tipo de discriminación.

2. As vacantes de destinos publicaranse no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», facendo constar a denominación específica do posto na unidade, centro ou organismo correspondente, as súas características, incluídas as retributivas, a forma de asignación, os requisitos que se exixan para a súa ocupación conforme as relacións de postos militares e os prazos para a presentación de solicitudes.

Os destinos de xefe de unidade, centro ou organismo e os daqueles que se incorporen a unha escala ou superen determinados cursos de perfeccionamento poderanse outorgar sen publicación previa de vacante nos casos que estableza o subsecretario de Defensa ou o xefe de Estado Maior do exército correspondente.

Entre os requisitos exixidos para ocupar determinados destinos poderanse incluír límites de idade e establecer condicións psicofísicas especiais que serán acreditadas en función do expediente a que fai referencia o artigo 83.

3. A muller militar vítima de violencia de xénero que se vexa obrigada a cesar no seu destino para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral terá dereito preferente, nas condicións que regulamentariamente se determinen, a ocupar outro destino que se encontre vacante e cuxa provisión sexa necesaria.

4. Nas relacións de postos militares estarán identificados os destinos que non poderán ser ocupados por aqueles que deixasen de ser avaliados para o ascenso por elección ou clasificación, renunciasen dúas veces a ser avaliados para o ascenso ou a asistir a cursos de actualización, fosen declarados con carácter definitivo non aptos para o ascenso ou fosen sometidos a un expediente de insuficiencia de facultades profesionais ou de

condicións psicofísicas en función do resultado de tales expedientes.

5. Os destinos dos militares de tropa e mariñeiría durante o compromiso inicial axustaranse ao que se especifique neste; non obstante, con carácter voluntario poderán optar a outros nas condicións que regulamentariamente se determinen. A partir da primeira renovación de compromiso estarán suxeitos ás normas xerais de provisión de destinos.

6. Durante o período de embarazo a muller militar terá dereito a ocupar, por prescripción facultativa, un posto orgánico ou cometido adecuado ás circunstancias do seu estado que poderá ser distinto do que estiver a desempeñar. A aplicación deste suposto non implica perda do destino.

Artigo 102. Nomeamentos e cesamentos de oficiais xenerais.

1. O Consello de Ministros determinará mediante acordo os cargos correspondentes a tenentes xenerais e xenerais de división cuxo nomeamento efectuará o propio Consello de Ministros mediante real decreto, por proposta do ministro de Defensa.

2. O nomeamento e o cesamento dos demais cargos correspondentes a oficiais xenerais é competencia do ministro de Defensa.

Artigo 103. Asignación de destinos.

1. A asignación dos destinos de libre designación corresponde ao ministro de Defensa, salvo os destinos do persoal dos exércitos a postos da estrutura orgánica destes, que corresponden, segundo ao que pertenza o destinado, aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

2. A asignación dos destinos por concurso de méritos e de provisión por antigüidade corresponde ao órgano competente da Subsecretaría de Defensa, salvo os destinos do persoal dos exércitos a postos da estrutura orgánica destes, que corresponden, segundo ao que pertenza o destinado, ao mando ou xefatura de persoal do respectivo exército.

Artigo 104. Cesamento nos destinos.

1. As normas xerais de provisión de destinos incluírán as causas de cesamento. En todo caso, os destinos de libre designación poderán ser revogados libremente pola autoridade que os concedeu.

2. A facultade de destituír do seu destino un militar profesional, cando aquel fose asignado por concurso de méritos ou por antigüidade, corresponde ás autoridades que teñen a competencia para a súa asignación segundo o previsto no artigo anterior. O cesamento deberá ser motivado con indicación das causas, despois de apertura, se for o caso, dun expediente en que se requirirá a audiencia do interesado, cuxas manifestacións constarán por escrito.

3. Os xefes de unidade, centro ou organismo poderán propor o cesamento no destino de calquera subordinado por falta de idoneidade no desempeño dos cometidos propios do seu destino, elevando á autoridade que o conferiu informe razoado das causas que motivan a proposta de cesamento. Este producirase, se for o caso, conforme o establecido nos números anteriores.

4. A imposición de condena por sentenza firme que imposibilite para o exercicio das funcións propias do destino que se ocupe implicará o cesamento neste desde o momento en que o Ministerio de Defensa teña testemuño da resolución xudicial. O dito cesamento será acordado pola autoridade que concedeu o destino.

Artigo 105. *Asignación de destinos e cesamentos por necesidades do servizo.*

O ministro de Defensa poderá destinar, acordar o cesamento nun destino ou denegar a súa adxudicación, de forma motivada, cando as necesidades do servizo o aconsellen.

Artigo 106. *Nomeamentos e cesamentos no ámbito da xurisdición militar.*

Os nomeamentos e cesamentos dos que, no ámbito da xurisdición militar, exerzan funcións xudiciais, fiscais e de secretarios relatores efectuaranse segundo o previsto na Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, sobre competencia e organización da xurisdición militar.

CAPÍTULO VII

Situacións administrativas

Artigo 107. *Situacións administrativas.*

1. Os militares profesionais encontraranse nalgunha das seguintes situacións administrativas:

- a) Servizo activo.
- b) Servizos especiais.
- c) Excedencia.
- d) Suspensión de funcións.
- e) Suspensión de emprego.
- f) Reserva.

2. Á situación administrativa de reserva só poderán acceder os militares de carreira.

3. Cando en normas con rango de lei se regulen supostos de aplicación xeral para os funcionarios ao servizo da Administración xeral do Estado en relación coas situacións administrativas, regulamentariamente determinarase as adecuacións necesarias para a súa adaptación ao militar profesional.

4. O militar en calquera situación administrativa, salvo nos casos en que así se especifica, está suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

Artigo 108. *Situación de servizo activo.*

1. Os militares profesionais estarán en situación de servizo activo se ocupan algún dos cargos ou destinos a que se refire o artigo 99.

2. Tamén se encontrarán nesta situación cando estean pendentes de asignación de destino por teren cesado no que tiñan ou por proceder de situación administrativa distinta, se non lles corresponder o paso a outra, e cando permanezan como alumnos do ensino nas Forzas Armadas.

3. Regulamentariamente determinarase o tempo que poderán permanecer na situación de servizo activo os prisioneiros e desaparecidos, tendo en conta o establecido no Código civil.

Artigo 109. *Situación de servizos especiais.*

1. Os militares de carreira e os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración serán declarados en situación de servizos especiais cando:

a) Sexan designados membros do Goberno ou dos órganos de goberno das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, membros das institucións da Unión Europea ou de organizacións internacionais ou sexan nomeados altos cargos das citadas administracións públicas ou institucións, sen prexuízo do establecido no artigo anterior en relación co 99.

b) Sexan autorizados polo ministro de Defensa para realizaren unha misión por período determinado superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.

c) Sexan nomeados para desempeñaren postos ou cargos en organismos públicos ou entidades dependentes ou vinculados ás administracións públicas que, de conformidade co que estableza a respectiva Administración pública, estean asimilados no seu rango administrativo a altos cargos.

d) Sexan designados como candidatos a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou resulten elixidos nelas.

e) Sexan elixidos polas Cortes Xerais ou as asembleas lexislativas das comunidades autónomas para formaren parte dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios ou outros cuxa elección corresponde ás cámaras e ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

f) Presten servizos no Tribunal Constitucional, Defensor do Pobo, Consello Xeral do Poder Xudicial e Tribunal de Contas.

g) Presten servizos no Tribunal Supremo ou noutros órganos xurisdicionais.

h) Presten servizos nos gabinetes de ministros e secretarios de Estado en postos orgánicos non relacionados especificamente coa seguranza e defensa.

i) Sexan autorizados polo ministro de Defensa para participaren no desenvolvemento de programas específicos de interese para a defensa en entidades, empresas ou organismos alleos ao Ministerio de Defensa.

j) Adquiran a condición de persoal estatutario permanente do Centro Nacional de Intelixencia.

k) Adquiran a condición de persoal estatutario da Organización do Tratado do Atlántico Norte, no caso de que non ocupen postos orgánicos relacionados con seguranza e defensa nesta organización.

2. Percibirán as retribucións do posto ou cargo que desempeñen e non as que lles correspondan como militares profesionais, sen prexuízo do dereito a percibiren os trienios que teñan recoñecidos.

3. O tempo permanecido nesta situación será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

4. O militar profesional en situación de servizos especiais poderá ascender se ten cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

5. O militar profesional durante o tempo de permanencia nesta situación terá a súa condición militar en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

Artigo 110. *Situación de excedencia.*

1. Os militares profesionais poderán pasar á situación de excedencia nas seguintes modalidades:

- a) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- b) Excedencia voluntaria por interese particular.
- c) Excedencia voluntaria por agrupación familiar.
- d) Excedencia por coidado de familiares.
- e) Excedencia por razón de violencia de xénero.

2. Os militares de carreira quedarán en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público cando pasen á situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas ou pasen a prestar servizos nelas ou en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais,

sempre que se trate do desempeño de postos con carácter de funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo.

Para poder optar a isto, será condición ter cumprido o tempo de servizos que regulamentariamente se determine desde a adquisición da condición de militar de carreira ou desde que finalizasen os cursos de perfeccionamento que para estes efectos fosen fixados polo ministro de Defensa. En ambos os supostos, o tempo que se fixe, que non poderá ser superior a oito anos, gardará unha proporción adecuada aos custos e duración dos estudos realizados e terá presente as necesidades do planeamento da defensa.

Durante o tempo de permanencia nesta situación terán a súa condición militar en suspenso e, en consecuencia, deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares pero poderán ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

Durante o tempo permanecido nesta situación non terán dereito a retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

3. Os militares de carreira e os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración poderán obter a excedencia voluntaria por interese particular cando o soliciten co aviso previo que se determine regulamentariamente cos mesmos prazos que os establecidos para os funcionarios da Administración xeral do Estado, sempre que non estean designados para participaren en operacións fóra do territorio nacional, non se lles estea a instruír un procedemento disciplinario e tiveren cumprido o tempo de servizos que regulamentariamente se determine desde a adquisición da condición de militar de carreira ou de militar de tropa e mariñeiría ou desde que finalizasen os cursos de perfeccionamento que, para estes efectos, fosen fixados polo ministro de Defensa.

En ambos os supostos, o tempo que se fixe, que non poderá ser superior a doce anos, gardará unha proporción adecuada aos custos e duración dos estudos realizados e terá presente as necesidades do planeamento da defensa.

Nesta situación poderase permanecer un tempo mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupaba nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela finalizará a inmovilización pero a perda de posto será definitiva. Se se lle conceder esta situación por segunda ou sucesivas veces, quedará inmovilizado no posto que tiver no escalafón correspondente no momento da concesión.

O militar profesional nesta situación terá a súa condición militar en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares, pero poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

Durante o tempo que permanezan nesta situación non terán dereito a retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

4. Aos militares profesionais poderáselles conceder a excedencia voluntaria por agrupación familiar, sen o requisito de teren prestado tempo de servizos, cando o cónxuxe resida noutra localidade por ter obtido e estar a desempeñar un posto de traballo de carácter definitivo como funcionario de carreira ou como laboral fixo en calquera das administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público dependentes ou vinculados a elas, nos órganos constitucionais ou do

Poder Xudicial e órganos similares das comunidades autónomas, ben como na Unión Europea ou en organizacións internacionais ou nun destino dos determinados no artigo 99.

Nesta situación poderase permanecer un tempo mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupaba nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela finalizará a inmovilización pero a perda de posto será definitiva. Se se lle conceder esta situación por segunda ou sucesivas veces quedará inmovilizado no posto que tiver no escalafón correspondente no momento da concesión.

O militar profesional nesta situación terá a súa condición militar en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares, pero poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

Durante o tempo que permanezan nesta situación non terán dereito a retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría con menos de seis anos de servizos, unha vez transcorridos dous anos desde a data teórica de finalización do seu compromiso, causarán baixa nas Forzas Armadas a non ser que antes desa data se reincorporen á situación de servizo activo.

5. Aos militares profesionais poderáselles conceder a excedencia por coidado de familiares cando o soliciten para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza ou como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo. Neste suposto, terán dereito a un período non superior a tres anos, contado desde a data de nacemento de cada fillo ou, se for o caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender ao coidado dun familiar que se encontre ao seu cargo, até o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, doenza ou discapacidade, non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante der orixe a outra excedencia, o seu inicio porá fin ao que se estiver a desfrutar.

En caso de que máis dun militar profesional xere o dereito a desfrutalo polo mesmo suxeito causante, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas coas necesidades do servizo.

O militar profesional nesta situación terá a súa condición militar en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares, pero poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

Durante o tempo que permanezan nesta situación non terán dereito a retribucións pero será computable para efectos de trienios e dereitos pasivos e, durante o primeiro ano de cada excedencia, como tempo de servizos.

Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría con menos de seis anos de servizos, unha vez transcorridos dous anos desde a data teórica de finalización do seu compromiso, causarán baixa nas Forzas Armadas a non ser que antes desa data se reincorporen á situación de servizo activo.

6. As mulleres militares profesionais vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, poderán solicitar a situación de excedencia sen que teñan prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que sexa exixible prazo de permanencia.

Os seis primeiros meses seranlles computables para efectos de tempo de servizos, condicións para o ascenso, reserva do destino que ocupaban, trienios e dereitos pasivos. Cando as actuacións xudiciais o exixan poderase prorrogar este período por tres meses, cun máximo de dezoito, con idénticos efectos aos sinalados anteriormente, co fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.

Durante os dous primeiros meses desta excedencia terase dereito a percibir as retribucións íntegras do seu último destino.

Artigo 111. *Situación de suspensión de funcións.*

1. O paso á situación de suspensión de funcións do militar profesional poderase acordar como consecuencia do procesamento, inculpación ou adopción dalgunha medida cautelar contra o imputado nun procedemento penal ou pola incoación dun expediente gubernativo.

2. O ministro de Defensa, valorando a gravidade dos feitos imputados, a existencia ou non de prisión preventiva, o prexuízo que a imputación infira ás Forzas Armadas ou a alarma social producida, poderá acordar a suspensión no exercicio das súas funcións, determinando expresamente se a suspensión significa o cesamento no destino. De igual forma actuará en relación co militar ao cal lle sexa incoado un expediente gubernativo. O militar en situación de suspensión de funcións permanecerá inmovilizado no posto que ocupe no escalafón correspondente.

O período máximo de permanencia nesta situación será de seis meses ou o da duración da prisión preventiva, caso que o acordase a autoridade xudicial nalgún momento do procedemento e fose superior a seis meses.

3. No suposto de cesamento na situación de suspensión de funcións por levantamento da prisión preventiva, o ministro de Defensa poderá acordar, por resolución motivada en que se deberán valorar os feitos imputados, a transcendencia social e o interese do servizo, a prohibición de solicitar e obter destino por un período de tempo que non poderá exceder o momento de se ditar sentenza firme ou auto de sobresemento.

4. O tempo que se permaneza na situación de suspensión de funcións non será computable como tempo de servizos nin para efectos de trienios e dereitos pasivos.

5. En caso de sobresemento do procedemento, sentenza absolutoria ou terminación do expediente gubernativo sen declaración de responsabilidade, será repostado no seu destino se ao seu dereito conviñer, recuperará a súa situación no escalafón correspondente e o ascenso que lle puiden corresponder. O tempo transcorrido nesa situación seralle computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

Cando o período de tempo que se permaneceu na situación de suspensión de funcións sexa superior á duración da condena por sentenza firme ou da sanción disciplinaria por expediente gubernativo, a diferenza seralle computable para todos os efectos.

6. A suspensión de funcións acordada polas autoridades con potestade disciplinaria, segundo o previsto na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, non terá máis efectos que o cesamento do militar inculpado no exercicio das súas funcións por un período máximo de tres meses.

7. Para efectos de cadros de persoal, os militares profesionais na situación de suspensión de funcións contabilizarán de igual forma que os que se encontren na de servizo activo.

Artigo 112. *Situación de suspensión de emprego.*

1. Os militares profesionais pasarán á situación de suspensión de emprego por algunha das seguintes causas:

a) Condena, en sentenza firme, á pena de prisión do Código penal militar ou do Código penal, mentres se encontre privado de liberdade e sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, ou ás penas, principal ou acesoria, de suspensión de emprego ou cargo público.

b) Imposición de sanción disciplinaria extraordinaria de suspensión de emprego.

2. O ministro de Defensa tamén poderá acordar o paso dos militares profesionais á situación de suspensión de emprego á vista da sentenza en que se impuxer a pena de inhabilitación especial para profesión, oficio ou calquera outro dereito, cando a inhabilitación impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.

3. O paso á situación de suspensión de emprego por algunha das causas definidas na alínea 1.a) e no número 2, producirá, ademais do cesamento no destino do militar, os mesmos efectos que os establecidos para a situación de suspensión de funcións, determinándose regulamentariamente o alcance compensatorio do tempo permanecido nesta última con relación á duración e efectos da situación de suspensión de emprego.

A suspensión de emprego polo suposto definido na alínea 1.b) producirá os efectos previstos na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, cesando o afectado no destino só cando a sanción imposta sexa por un período superior a seis meses.

4. O militar profesional que pase á situación de suspensión de emprego polo suposto definido na alínea 1.b), se a sanción disciplinaria extraordinaria executada for posteriormente revogada con carácter definitivo, en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu destino, se ao seu dereito conviñer, recuperará a súa situación no escalafón correspondente e o ascenso que lle puiden corresponder e o tempo transcorrido nesa situación seralle computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos pasivos.

Artigo 113. *Situación de reserva.*

1. Os militares de carreira pasarán á situación de reserva ao cumpriren:

a) Catro anos no emprego de xeneral de brigada, sete anos entre os empregos de xeneral de brigada e xeneral de división e dez anos entre os anteriores e o de tenente xeneral.

b) Seis anos no emprego de coronel, no de tenente coronel das escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros e da escala de oficiais enfermeiros e no de suboficial maior. Os que, ao lles corresponder pasar a esta situación, teñan menos de cincuenta e oito anos de idade, farano na data que cumbran a citada idade.

O punto de partida para contabilizar os tempos en cada emprego será o da data do real decreto ou resolución pola cal se concedeu o ascenso, salvo que neles se fixer constar a do día seguinte a aquel en que se produciu a vacante que orixinou o ascenso.

2. Por decisión do Goberno, os oficiais xenerais poderán pasar á situación de reserva, mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa.

3. Os militares de carreira poderán pasar á situación de reserva con carácter voluntario nas cotas que autorice periodicamente o ministro de Defensa para os distintos empregos, zonas de escalafón, escalas e especialidades, conforme as previsións do planeamento da defensa, sempre que se teñan cumpridos vinte e cinco anos de tempo de servizos nas Forzas Armadas.

Nas cotas, empregos, escalas e especialidades en que así se especifique, ademais de con carácter voluntario, parte das prazas poderase ofertar para seren solicitadas con carácter anuente. De non existir suficientes peticionarios con carácter voluntario ou anuente para cubrir estas prazas, completaranse co paso á reserva con carácter forzoso dos do emprego correspondente de maior antigüidade nel e sempre que deixasen de ser avaliados para o ascenso.

4. Os militares de carreira das categorías de oficiais e suboficiais pasarán en todo caso á situación de reserva ao cumpriren sesenta e un anos de idade e os da categoría de tropa e mariñeiría ao cumpriren cincuenta e oito anos.

5. O paso á situación de reserva producirase por resolución do subsecretario de Defensa, excepto no suposto do número 2, e causará o cesamento automático do interesado no destino ou cargo que ocupaba, salvo nos casos que, conforme o número 8, estean asignados indistintamente a servizo activo e reserva.

6. O militar de carreira que, ao lle corresponder pasar á situación de reserva segundo o disposto neste artigo, non conte con vinte anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de militar profesional, pasará directamente a retiro.

7. Na situación de reserva non se producirán ascensos.

8. Nas relacións de postos militares determinaranse os destinos que poderán ocupar os militares profesionais en situación de reserva, ben como o seu carácter e réxime de asignación e permanencia. Regulamentariamente determinaranse as condicións e circunstancias en que poderán ser designados para desempeñaren comisións de servizo de carácter temporal. En ambos os supostos se manterá a situación de reserva sen recuperar a de servizo activo.

O militar profesional en situación de reserva, destinado ou en comisión de servizo, exercerá a autoridade e funcións que lle correspondan segundo o seu emprego e corpo, con exclusión do exercicio do mando na Forza dos Exércitos.

9. Desde a situación de reserva poderase pasar ás demais situacións, excepto á de servizo activo. Ao cesar nelas, o interesado reintegrarase á de reserva.

10. Ao pasar á situación de reserva conservaranse as retribucións do persoal en servizo activo sen destino até cumprir a idade de sesenta e tres anos. A partir dese momento as retribucións do militar profesional estarán constituídas polas retribucións básicas e polo complemento de dispoñibilidade que se determine nas normas que regulen o sistema retributivo do persoal das Forzas Armadas.

O que pase con carácter forzoso ou, se for o caso, anuente en aplicación do número 3 percibirá por unha soa vez unha prima da contía que se estableza regulamentariamente tendo en conta os anos que lle falten para alcanzar as idades determinadas no número 4.

11. O tempo transcorrido na situación de reserva será computable para efectos de trienios e dereitos pasivos.

CAPÍTULO VIII

Cesamento na relación de servizos profesionais

Artigo 114. *Paso a retiro.*

1. A relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas cesa en virtude de retiro.

2. O retiro do militar de carreira declararase de oficio ou, se for o caso, por instancia de parte, nos seguintes supostos:

a) Ao cumprir a idade de sesenta e cinco anos.

b) Por aplicación do disposto no artigo 113.6.

c) Con carácter voluntario, nas condicións establecidas para a xubilación voluntaria na lexislación de clases pasivas do Estado.

d) Por insuficiencia de condicións psicofísicas que implique inutilidade permanente para o servizo.

e) Por insuficiencia de facultades profesionais.

Nos supostos das alíneas b) e e) o retiro terá a condición de forzoso.

3. Os militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal e os alumnos dos centros docentes militares de formación poderán pasar a retiro por incapacidade permanente para toda profesión ou oficio, nos termos previstos na lexislación de clases pasivas do Estado.

Artigo 115. *Militares retirados.*

Os militares de carreira, ao pasaren ao retiro, cesarán definitivamente na relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas e deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

Terán a consideración de militar retirado, na cal desfrutarán dos dereitos pasivos determinados na lexislación de clases pasivas do Estado e manterán os asistenciais no ámbito do réxime de seguridade social das Forzas Armadas.

Manterán, se o solicitan, unha especial relación coas Forzas Armadas, mediante a súa adscrición á unidade militar que elixan, precedendo conformidade do mando ou xefatura de persoal do exército correspondente. Poderán asistir a actos e cerimoniais militares en que esa unidade participe, usar o uniforme en actos militares e sociais solemnes e dispor da correspondente tarxeta de identificación.

Facilitaráselles o acceso á información sobre prestacións a que teñen dereito e outros asuntos que poidan ser do seu interese.

Artigo 116. *Perda da condición de militar de carreira.*

1. Os militares de carreira perderán a súa condición por algunha das causas seguintes:

a) En virtude de renuncia, cos requisitos que se establecen no artigo seguinte.

b) Perda da nacionalidade española.

c) Pena principal ou accesoria de perda de emprego, de inhabilitación absoluta ou de inhabilitación especial para emprego ou cargo público. O ministro de Defensa poderá conceder a rehabilitación, por petición do interesado, de quen foi condenado a pena principal ou accesoria de inhabilitación especial para emprego ou cargo público até tres anos, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido e sempre que se cumprise a pena.

d) Sanción disciplinaria de separación do servizo que adquirise firmeza.

2. Coa perda da condición de militar de carreira deixárase de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares. O tempo de servizos cumprido seralle considerado para efectos da determinación, no seu momento, da pensión que lle corresponda.

Artigo 117. Renuncia á condición de militar de carreira.

1. Os militares de carreira poden renunciar á súa condición se teñen cumpridos os tempos de servizos, desde o ingreso na súa escala ou desde que finalizasen os cursos de perfeccionamento que para estes efectos fosen fixados polo ministro de Defensa. Os tempos estarán en relación cos custos e duración dos estudos realizados, terán presente as necesidades do planeamento da defensa e non poderán ser superiores a dez anos.

2. De non teren cumpridos os tempos establecidos no número anterior, para renunciaren deberán resarcir economicamente o Estado e efectuar un aviso previo de seis meses. As cantidades que se deban resarcir economicamente ao Estado serán fixadas polo ministro de Defensa para cada proceso de formación para o acceso ás diferentes escalas e para os cursos de perfeccionamento, tendo en conta os tempos de servizos citados no número anterior e o custo da formación recibida e as retribucións percibidas durante o proceso.

Igualmente, establecerá porcentaxes de redución desa indemnización de aplicación por períodos de tempo de servizos cumprido na data en que teña efecto a renuncia. Esta non se poderá conceder até o interesado aboar a contía que se determine como indemnización.

Artigo 118. Finalización e resolución de compromisos dos militares cunha relación de servizos profesionais de carácter temporal.

1. Os compromisos dos militares de complemento e dos militares de tropa e mariñeiría finalizarán na súa data de vencemento e resolveranse polas causas establecidas no artigo 10.2 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría para os compromisos de longa duración, sempre que o interesado cumprise polo menos tres anos entre o compromiso inicial e, se for o caso, o de renovación, perdendo a súa condición militar.

Durante os tres primeiros anos de compromiso este resolverase por algunha das seguintes causas:

- a) Por petición expresa do interesado por circunstancias extraordinarias e nas condicións que regulamentariamente se determinen.
- b) Pola adquisición da condición de militar de carreira ou de militar de complemento.
- c) Polo ingreso nun centro de formación da Garda Civil ou da Policía Nacional.
- d) Polo ingreso en corpos e escalas de funcionarios ou adquisición da condición de persoal laboral fixo das administracións públicas e organismos públicos dependentes delas. Para estes efectos, terán a mesma consideración o nomeamento como funcionario en prácticas e a designación para realizar os períodos de proba nos procesos selectivos de persoal laboral.
- e) Pola perda da nacionalidade española.
- f) Por insuficiencia de facultades profesionais.
- g) Por insuficiencia de condicións psicofísicas.
- h) Pola imposición de sanción disciplinaria extraordinaria por aplicación da Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.
- i) Por condena por delito doloso.
- j) Por incumprimento, en contra do declarado polo interesado, das condicións para optar á convocatoria para o ingreso no correspondente centro docente militar de formación.

Tamén se resolverá o compromiso dos militares de complemento, ben como o dos militares de tropa e mariñeiría con menos de seis anos de servizos, cando se dea algunha das circunstancias polas cales un militar de carreira pasa á situación de servizos especiais, segundo o artigo 109.1, ou á de excedencia por prestación de servizos no sector público, regulada no artigo 110.2. Neste último suposto tamén se resolverá o dos militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración.

2. Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal encontraranse na situación legal de desemprego para efectos da protección correspondente, cando finalice o compromiso que teñan suscrito ou se resolva por causas independentes da súa vontade.

3. O Ministerio de Defensa xestionará e convirá con institucións públicas e entidades privadas accións orientadas á incorporación laboral dos militares de complemento e dos militares de tropa e mariñeiría.

Artigo 119. Avaliacións para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais.

1. Cando se produza a declaración definitiva de non-aptitude para o ascenso, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire ordenarán o inicio do expediente para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais. Tamén o poderán ordenar como consecuencia dos informes persoais de cualificación.

2. Os efectos destes expedientes poderán ser a limitación para ocupar determinados destinos, o paso ao retiro ou a resolución do compromiso, segundo corresponda. Para tramitar estes expedientes, cos procedementos que regulamentariamente se determinen, existirá un órgano de avaliación en cada exército cuxas conclusións serán elevadas ao xefe de Estado Maior do exército correspondente, o cal, despois de informe do Consello Superior respectivo, presentará ao ministro de Defensa a proposta de resolución que proceda.

Artigo 120. Avaliacións para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas.

1. Como consecuencia dos recoñecementos médicos ou das probas psicolóxicas e físicas a que se refire o artigo 83, poderase iniciar un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para efectos da limitación para ocupar determinados destinos segundo as exixencias que figuren nas relacións de postos militares, do paso ao retiro ou da resolución do compromiso, segundo corresponda.

O expediente, no cal constará o ditame do órgano médico pericial competente, será valorado por un órgano de avaliación en cada exército e elevado ao subsecretario de Defensa, para a resolución que proceda.

2. Regulamentariamente determinaranse os procedementos para a tramitación destes expedientes e o cadro de condicións psicofísicas que permitan ao órgano pericial competente emitir os ditames oportunos.

3. Aos militares profesionais que, como resultado dos recoñecementos médicos ou das probas psicolóxicas e físicas, se lles abra un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas e, como consecuencia disto, se estableza unha incapacidade que carrete unha limitación para ocupar determinados destinos, segundo as exixencias que figuren nas relacións de postos militares ou de traballo, garantiráselles o principio de igualdade de trato nos destinos a que poidan acceder.

Regulamentariamente estableceranse os medios e procedementos para que poidan seguir desenvolvendo

a súa carreira militar, reorientando, se for o caso, o seu perfil profesional co ensino de perfeccionamento que sexa necesario e adecuado.

Na configuración das condicións e métodos de traballo nos destinos a que teñan acceso, adoptaranse as medidas que permitan a eliminación de toda discriminación ou desvantaxe.

Artigo 121. *Insuficiencia de condicións psicofísicas.*

1. O militar profesional ao cal, como consecuencia dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas e físicas a que se refire o artigo 83, lle sexa apreciada unha insuficiencia de condicións psicofísicas para o servizo, motivada por lesión ou doenza que resulte reversible, permanecerá na situación administrativa en que se encontre.

2. Se o afectado é un militar de carreira, no momento en que a insuficiencia citada no número anterior se presuma definitiva ou, en todo caso, transcorrido un período de doce meses desde que lle foi apreciada, iniciárase o expediente que se regula no artigo anterior. O afectado cesará no seu destino, se o tiver, e manterá a mesma situación administrativa até a finalización do referido expediente.

3. Se o afectado é un militar que mantén unha relación de servizos de carácter temporal, no momento en que a insuficiencia citada no número 1 se presuma definitiva ou transcorridos seis meses desde que lle foi apreciada ou ao finalizar o compromiso que teña asinado, iniciárase o expediente que se determina no artigo anterior. O afectado cesará no seu destino, se o tiver, e manterá a mesma situación administrativa, prorrogándose, se for o caso, o compromiso até a conclusión do referido expediente.

Se non proceder o retiro e se resolver o compromiso ou a súa prórroga por insuficiencia de condicións psicofísicas, o interesado pasará a recibir asistencia polo Sistema Nacional de Saúde. Se continuar na situación de servizo activo, seranlle de aplicación as normas xerais sobre a sinatura de sucesivos compromisos.

4. O militar profesional que cesase na súa relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas por insuficiencia de condicións psicofísicas ocasionada en acto de servizo, ademais dos dereitos pasivos, asistenciais e doutra orde que teña recoñecidos nas leis, manterá, se o solicita, unha especial vinculación coas Forzas Armadas, mediante a súa adscrición á unidade militar que elixa, precedendo conformidade do mando ou xefatura de persoal do exército correspondente, e poderá asistir aos actos e cerimoniais militares en que esta participe.

TÍTULO VI

Reservistas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 122. *Reservistas.*

1. Son reservistas os españois que, en aplicación do dereito e deber constitucionais de defender España, poden ser chamados a se incorporaren ás Forzas Armadas para participar nas misións definidas na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, nas circunstancias e condicións que se establecen nesta lei.

2. Para efectos desta lei, os reservistas clasifícanse en:

a) Reservistas voluntarios: os españois que tendo solicitado participar na correspondente convocatoria resulten seleccionados e superen os períodos de forma-

ción militar, básica e específica, que regulamentariamente se determinen para adquirir tal condición.

b) Reservistas obrigatorios: os españois que sexan declarados como tales segundo o previsto no capítulo III deste título.

3. Tamén existen reservistas de especial dispoñibilidade, que son os militares de tropa e mariñeiría que adquiren esta condición ao finalizaren o seu compromiso de longa duración. Seralles de aplicación o previsto na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría e con carácter supletorio as disposicións deste título.

Artigo 123. *Incorporación de reservistas.*

1. En situacións de crise en que as necesidades da defensa nacional non poidan ser atendidas polos efectivos de militares profesionais, o Consello de Ministros poderá adoptar, con carácter excepcional, as medidas necesarias para a incorporación ás Forzas Armadas de reservistas voluntarios e de especial dispoñibilidade.

2. Se o Consello de Ministros prevé que non quedarán satisfeitas as necesidades da defensa nacional coas medidas previstas no número anterior e considerase necesaria a incorporación dun número maior de efectivos ás Forzas Armadas, solicitará do Congreso dos Deputados autorización para a declaración xeral de reservistas obrigatorios.

Tendo en conta a evolución da crise, as necesidades da defensa nacional e as solicitudes nas sucesivas convocatorias para acceder a reservista voluntario, o Consello de Ministros poderá acordar a incorporación de reservistas obrigatorios, respectando o principio de contribución gradual e proporcionada á situación que sexa necesario afrontar.

3. Cando o Consello de Ministros acorde a incorporación de reservistas, especificará a contía de efectivos, o tipo de reservistas a que afecta, o prazo para efectuar as incorporacións e o tempo máximo de permanencia na situación de activado nas Forzas Armadas, habilitando os créditos extraordinarios que se precisen para financiar o seu custo.

4. O ministro de Defensa tamén poderá determinar a incorporación de reservistas voluntarios que manifestasen a súa disposición a participaren en misións no estranxeiro, en actuacións das Forzas Armadas en colaboración coas institucións do Estado e as administracións públicas para preservar a seguranza e benestar dos cidadáns ou para prestar servizo nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa.

5. O Ministerio de Defensa establecerá os medios e aplicará os procedementos adecuados que permitan a incorporación dos reservistas.

6. Ao reservista citado para a súa incorporación ás Forzas Armadas que non se presentase abríraselle un expediente, para verificar as causas do incumprimento. Cando como resultado do expediente se aprecie a inexistencia de causa xustificada perderá a súa condición de reservista e poderá dar lugar á adopción doutras medidas que se fixarán regulamentariamente.

Artigo 124. *Asociacións de reservistas.*

As administracións públicas apoiarán as asociacións de reservistas que axuden a manter relacións entre os seus propios membros e da sociedade coas súas Forzas Armadas, ben como coas de carácter similar doutros países, co obxectivo de difundir a cultura de seguranza e defensa no marco da solidariedade e do mantemento da paz.

CAPÍTULO II

Reservistas voluntarios**Artigo 125. *Condicións para o ingreso dos reservistas voluntarios.***

1. Todo español poderá optar ás prazas de reservista voluntario que se convoquen sempre que acredite as titulacións que regulamentariamente se determinen para cada categoría, exército e, se for o caso, corpo e especialidade.

2. Para adquirir a condición de reservista voluntario haberá que obter unha das prazas ofertadas en convocatoria pública e superar os períodos de formación, básica e específica, a que se refire o artigo 127.1.

Na citada convocatoria teranse en conta os principios a que se refire o artigo 56.1 e valorarase a formación e experiencia acreditadas en relación cos cometidos que se van desempeñar.

3. As probas selectivas efectuaranse de forma individualizada, con parámetros e criterios de selección obxectivos establecidos na correspondente convocatoria.

4. Serán condicións xerais para solicitar o ingreso posuír a nacionalidade española, ter cumpridos dezaoito anos, acreditar as aptitudes que se determinen na convocatoria, non alcanzar unha idade máxima de cincuenta e oito anos para oficiais e suboficiais e cincuenta e cinco anos para tropa e mariñeiría.

5. A condición de reservista voluntario considerase actividade exceptuada do réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6. Cando o Consello de Ministros decreta a incorporación de reservistas voluntarios en situacións de crise efectuaranse cantas convocatorias sexan precisas para satisfacer as necesidades das Forzas Armadas.

Artigo 126. *Compromiso dos reservistas voluntarios.*

1. Os reservistas voluntarios asinarán un compromiso inicial de tres anos no cal mostrarán a súa dispoñibilidade para seren incorporados nas situacións de crise a que se refire o artigo 123.1, ben como para participaren nas actividades incluídas nos plans anuais de formación continuada previstos no artigo 127.2. Posteriormente poderán asinar novos compromisos, de conformidade co procedemento que regulamentariamente se establece, por períodos de tres anos, sempre que non se exceda a idade máxima de sesenta e un anos para oficiais e suboficiais e cincuenta e oito anos para tropa e mariñeiría. Se for o caso, o último compromiso terá unha duración axustada aos citados límites de idade. Nas convocatorias a que se fai referencia no artigo 125.6, o compromiso inicial poderá ser dun ano.

2. Os reservistas voluntarios poderán manifestar, ademais, a súa disposición para se incorporaren ás Forzas Armadas nos casos previstos no artigo 123.4 ou para unha operación ou colaboración determinada da forma que se determine regulamentariamente.

3. O compromiso poderase resolver nas condicións que regulamentariamente se determinen adaptando as que son de aplicación aos militares que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter temporal.

Artigo 127. *Formación dos reservistas voluntarios.*

1. Os aspirantes seleccionados nas convocatorias correspondentes incorporaranse a un centro de formación para a realización do período de formación militar básica. Posteriormente, farano á unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa a que corresponda

a praza asignada, para realizaren a súa formación militar específica.

Os aspirantes a reservista voluntario, durante os períodos de formación militar, básica e específica, terán a mesma consideración que os alumnos para o acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría e recibirán as compensacións económicas a que se refire o artigo 132.2.

2. Os reservistas voluntarios poderán ser activados para manter e actualizar os seus coñecementos por medio de programas anuais de formación continuada, aprobados polo subsecretario de Defensa. Estes programas poden comprender exercicios de instrución e adestramento, cursos e seminarios de perfeccionamento ou prácticas.

3. Os reservistas voluntarios aos cales se lles requira ser activados para desenvolver os programas de formación continuada poderán solicitar a suspensión da activación polas causas que se establezan regulamentariamente.

Artigo 128. *Empregos dos reservistas voluntarios.*

Os reservistas voluntarios terán inicialmente os empregos de alférez, sarxento e soldado, segundo a categoría a que accedesen na correspondente convocatoria de prazas. Regulamentariamente determinarase a forma de ascender a empregos superiores, establecendo as súas atribucións e os procedementos, requisitos e condicións, especialmente as referidas aos tempos mínimos en que deberán ter permanecido activados.

Artigo 129. *Dereitos dos reservistas voluntarios.*

1. O reservista voluntario poderá vestir o uniforme, co distintivo específico de reservista voluntario, nos actos castrens e sociais e poderá participar en actos e celebracións das unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa.

2. Co obxecto da súa identificación facilitaráselles a correspondente tarxeta de identidade militar para persoal reservista.

3. Finalizado o compromiso adquirido, cesará na condición de reservista voluntario, recibirá o título de oficial reservista honorífico, suboficial reservista honorífico ou «emprego de tropa e mariñeiría alcanzado» reservista honorífico e as distincións que establezan o ministro de Defensa en función da duración dos compromisos e servizos prestados, mantendo os dereitos regulados nos números 1 e 2 na forma que se establece regulamentariamente.

4. Nas convocatorias para o acceso ao ensino de formación nas Forzas Armadas considerase como mérito o tempo que se permaneceu como reservista voluntario.

5. O tempo como reservista voluntario considerase como mérito nos sistemas de selección respecto dos corpos, escalas, prazas de funcionario e actividades de carácter laboral das administracións públicas, en todos os supostos en que as súas funcións garden relación cos servizos prestados como reservista, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen.

Artigo 130. *Acceso a reservistas voluntarios dos militares profesionais.*

1. Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría que finalizasen ou resolvesen o seu compromiso coas Forzas Armadas poderán solicitar a súa incorporación como reservistas voluntarios, asinando os compromisos correspondentes regulados neste capítulo.

Os militares de carreira que renunciaren á súa condición militar tamén poderán solicitar a incorporación.

2. Os militares profesionais que accedan a esta condición manterán o emprego que tiveren alcanzado. Seranlles de aplicación os programas anuais de formación continuada a que se refire o artigo 127.2.

Artigo 131. *Activación de reservistas voluntarios.*

1. Os reservistas voluntarios pasarán á situación de activado por algunha das causas seguintes:

a) Ao se incorporaren ás unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa para os períodos de formación continuada a que se refire o artigo 127.2.

b) Ao se incorporaren para prestar servizo en diferentes unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, tanto en España como no estranxeiro, nas diferentes situacións a que se refire o artigo 123.

2. Os que no recoñecemento médico, obrigatorio e previo ás incorporacións para prestar servizo a que se refire o número 1.b), presenten algunha limitación psíquica ou física circunstancial non poderán pasar á situación de activados mentres persistan esas limitacións.

3. A partir do seu paso á situación de activado para prestar servizo actualizaráselles a súa formación militar.

Artigo 132. *Réxime de persoal dos reservistas voluntarios.*

1. Os reservistas voluntarios terán condición militar sempre que se lles active para se incorporaren ás Forzas Armadas, debendo cumprir as regras de comportamento do militar e estando suxeitos ás leis penais e disciplinares militares. O seu réxime, incluído o retributivo, determinarase regulamentariamente.

2. Cando a activación sexa para levar a cabo algún dos programas de formación continuada establecidos no artigo 127.2, recibirán as compensacións económicas que regulamentariamente se determinen.

Artigo 133. *Destinos dos reservistas voluntarios.*

1. Os reservistas voluntarios incorporaranse aos postos que teñan previamente asignados en función da convocatoria en que fosen seleccionados, ben que poderán manifestar a súa dispoñibilidade para calquera outro posto relacionado coa súa especialidade.

2. Os reservistas que exerzan unha profesión de aplicación específica nas Forzas Armadas poderán ser destinados a postos ou especialidades distintos aos inicialmente previstos e acordados coa súa capacitación.

3. Na sinatura dos novos compromisos previstos no artigo 126.1, o reservista voluntario poderá optar por continuar no posto que tiver previamente asignado ou solicitar outro dos ofrecidos nas últimas convocatorias.

Artigo 134. *Dereitos de carácter laboral e de seguridade social dos reservistas voluntarios.*

1. Os reservistas voluntarios e os aspirantes a adquirir tal condición, no suposto de que sexan traballadores por conta allea, terán os seguintes dereitos:

a) Os períodos de formación militar, básica e específica, e de formación continuada a que se refire o artigo 127 terán a consideración de permisos retribuídos, precedendo acordo coa empresa.

b) A activación dos reservistas para prestaren servizos en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, previstos no artigo 123, considerarase, tamén co acordo previo coa empresa, causa de suspensión da relación laboral con reserva de posto de traballo e cómputo de antigüidade.

2. Os reservistas voluntarios e os aspirantes a adquirir tal condición, no caso de que sexan funcionarios ao servizo das administracións públicas, terán os seguintes dereitos:

a) Os períodos de formación militar, básica e específica, e de formación continuada a que se refire o artigo 127 serán considerados como permiso regulado no artigo 48 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

b) Os períodos de activación para prestar servizos en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, previstos no artigo 123, serán considerados como situación de servizos especiais para os funcionarios de carreira.

3. Nos períodos de formación militar, básica e específica, e de formación continuada os aspirantes e os reservistas seguirán adscritos ao réxime de seguridade social a que pertencen, compensando o Ministerio de Defensa das cotizacións correspondentes ao empregador. Os que ao se incorporaren non estiveren adscritos a ningún réxime da Seguridade Social, adscribiranse ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

No suposto de que estean a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego no momento da súa incorporación para recibir a formación, seguirán percibindo esa prestación ou subsidio, salvo que, por aplicación dos artigos 215.3 e 219.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, proceda a suspensión do subsidio ou da prestación.

4. Nos períodos de activación para prestar servizos en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, previstos no artigo 123, os reservistas voluntarios adscribiranse ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, séndolles de aplicación o réxime de clases pasivas nos mesmos termos que aos militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal.

A pensión de clases pasivas que, se for o caso, sexa recoñecida polo órgano competente será incompatible con outra que a mesma persoa cause ou poida causar noutro réxime público de previsión social polos mesmos feitos. Nestes casos o interesado poderá exercer un dereito de opción polo cobramento da prestación que xulgue máis conveniente, sen que este dereito se poida exercer máis dunha vez. Non obstante, cando por aplicación de disposicións de carácter xeral resulte alterada a contía dalgunha das prestacións incompatibles, poderase exercer de novo tal dereito de opción unha soa vez para cada caso.

5. Así mesmo, durante os períodos de activación para prestar servizos en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, os reservistas voluntarios, salvo que sexan funcionarios de carreira, quedarán incluídos no ámbito da protección por desemprego, debendo cotizar por esa continxencia tanto o reservista como o Ministerio de Defensa.

Os reservistas voluntarios a que se refire o parágrafo anterior encontraranse en situación legal de desemprego para efectos da protección correspondente cando finalice a súa misión ou conclúa o tempo máximo de permanencia na situación de activado.

A activación dos reservistas para prestaren servizos nas Forzas Armadas considerarase causa de suspensión ou extinción da prestación ou do subsidio por desemprego, conforme o establecido, respectivamente, nos artigos 212.1.d) e 213.1.d) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

6. Os aspirantes e os reservistas voluntarios que, ao finalizaren os seus períodos de formación militar, básica e específica, e de activación, se encontren en

situación de incapacidade temporal por accidente ou doenza derivada do servizo, poderán continuar nas Forzas Armadas nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 135. *Colaboración coas administracións públicas e co sector privado.*

1. O Ministerio de Defensa promoverá a colaboración coas administracións públicas, ben como con empresas do sector privado para facilitar o desenvolvemento do modelo de reservistas voluntarios, a súa formación e incorporación, se for o caso, ás Forzas Armadas.

2. O Goberno promoverá acordos con entidades empresariais para que faciliten a incorporación dos seus empregados como reservistas voluntarios e colaboren na contratación de militares de complemento e militares de tropa e mariñeira unha vez que finalizasen o seu compromiso coas Forzas Armadas. En tales acordos estableceranse os beneficios derivados desas colaboracións.

CAPÍTULO III

Reservistas obrigatorios

Artigo 136. *Declaración de reservistas obrigatorios.*

1. O Goberno, obtida a autorización a que se refire o artigo 123.2, establecerá mediante real decreto as normas para a declaración xeral de reservistas obrigatorios, que afectará os que no ano cumpran unha idade comprendida entre dezanove e vinte e cinco anos. O Goberno irá concretando a súa aplicación con criterios obxectivos por anos de nacemento, a todo o conxunto ou a un número determinado.

2. As administracións públicas prestarán a colaboración necesaria para formalizar as listas correspondentes, fornecendo as bases de datos para proceder á súa identificación e declaración como tales. A xestión desta información realizarase conforme a lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

3. Os reservistas obrigatorios poderán ser asignados a prestar servizos nas Forzas Armadas ou noutras organizacións con fins de interese xeral para satisfacer as necesidades da defensa nacional.

4. As causas de carácter persoal, profesional, de xénero ou doutra índole que permitan suspender a súa incorporación estableceranse regulamentariamente.

Artigo 137. *Comunicación aos reservistas obrigatorios.*

1. Conforme as normas para a declaración de reservistas obrigatorios, ás cales se refire o artigo anterior, notificaráselle a cada un dos interesados a súa declaración como tal e remitiráselles unha ficha cos datos de identificación que irá acompañada dun cuestionario, que se poderá responder con carácter voluntario, no cal figurará o seguinte:

a) Declaración sobre datos esenciais da saúde e estado físico, que poderá ir acompañada de certificados médicos acreditativos.

b) Preferencia canto a prestar servizo no Exército de Terra, na Armada e no Exército do Aire e, dentro deles, en postos ou unidades da Forza ou do Apoio á Forza ou en organizacións con fins de interese xeral.

c) Cando for o caso, declaración de obxección de conciencia de conformidade co disposto no artigo seguinte.

2. Os interesados devolverán a ficha de reservista, coas alegacións e emenda de erros que se achen proce-

des, á cal, se for o caso, xuntarán o cuestionario coas respostas.

Artigo 138. *Obxección de conciencia dos reservistas obrigatorios.*

1. Os reservistas obrigatorios poderán efectuar declaración de obxección de conciencia a prestar servizo nas Forzas Armadas e noutras organizacións con fins de interese xeral en que se requira o emprego de armas. Esta declaración, efectuada polo interesado, non requirirá ningún outro trámite de recoñecemento.

2. Os que se declarasen obxectores de conciencia só poderán ser asignados a organizacións con fins de interese xeral en que non se requira o emprego de armas.

Artigo 139. *Activación dos reservistas obrigatorios.*

1. Cando se acorde a incorporación de reservistas obrigatorios consonte o previsto no artigo 123 e o fagan ás Forzas Armadas, efectuaráselles recoñecementos médicos e probas psicolóxicas e físicas e de determinación de aptitudes que permitan identificar a súa adecuación ás diferentes áreas de cometidos dentro das Forzas Armadas ou noutras organizacións con fins de interese xeral.

2. Tendo en conta o previsto no número anterior, a manifestación de preferencias dos interesados e as súas alegacións, asignaranse os destinos correspondentes aos reservistas obrigatorios en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa ou noutras organizacións con fins de interese xeral. Se for o caso, os reservistas poderán ser declarados excluídos para a prestación de servizos por limitacións psicofísicas, segundo o cadro que se determine regulamentariamente.

Artigo 140. *Réxime de persoal dos reservistas obrigatorios.*

1. Os reservistas obrigatorios, ao se incorporaren ás Forzas Armadas, quedarán na situación de activados, terán condición militar co emprego de soldado, deberán cumprir as regras de comportamento do militar e estarán suxeitos ás leis penais e disciplinarias militares. Seralles de aplicación o réxime de clases pasivas nas mesmas condicións que aos reservistas voluntarios activados e o seu réxime, incluído o retributivo, determinarase regulamentariamente.

2. Os que se incorporen a organizacións con fins de interese xeral terán o réxime que corresponda á prestación voluntaria de servizos nesas organizacións e non terán condición militar.

TÍTULO VII

Recursos

Artigo 141. *Recursos.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas nesta lei poderase interpor recurso de alzada.

2. Contra os actos e resolucións adoptados en exercicio das competencias atribuídas nesta lei polo Consello de Ministros e polo ministro de Defensa que non sexan resolución dun recurso de alzada, poderase interpor recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

3. Nos procedementos en materia de avaliacións, ascensos, destinos, situacións e recompensas cuxa concesión se deba realizar por solicitude do persoal das

Forzas Armadas, se a Administración non notificar a súa decisión no prazo de tres meses ou, se for o caso, no establecido no correspondente procedemento, considerárase desestimada a solicitude, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Carreira militar do Príncipe de Asturias.*

A carreira militar de Súa Alteza Real Don Felipe de Borbón, Príncipe de Asturias, axústase a un réxime propio e diferenciado regulado mediante real decreto aprobado en Consello de Ministros, baseado no réxime do persoal das Forzas Armadas e tendo en conta as exixencias da súa alta representación e as circunstancias que concorren na súa persoa como herdeiro da Coroa de España.

Disposición adicional segunda. *Recompensas militares.*

1. As recompensas militares son: Cruz Laureada de San Fernando, Medalla Militar, Cruz de Guerra, Medalla do Exército, Medalla Naval e Medalla Aérea, Cruces do Mérito Militar, do Mérito Naval e do Mérito Aeronáutico, con distintivo vermello, azul, amarelo e branco, Citación como distinguido na Orde Xeral e Mención Honorífica.

2. A constancia no servizo e a intachable conduta dos militares de carreira, oficiais e suboficiais, das Forzas Armadas e da Garda Civil, recompensárase co ingreso na Real e Militar Orde de Santo Hermenexildo.

No caso dos demais militares profesionais das Forzas Armadas e da Garda Civil recompensárase coa Cruz á Constancia no Servizo.

3. Regulamentariamente estableceranse os feitos ou servizos e as circunstancias que determinarán a concesión das diferentes recompensas, ben como os trámites e procedementos.

Disposición adicional terceira. *Carácter de axente da autoridade.*

Os membros das Forzas Armadas que presten os seus servizos como policía militar, naval ou aérea ou que interveñan nas operacións descritas no artigo 16.e) da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, terán carácter de axentes da autoridade no exercicio das súas funcións, nas circunstancias e coas condicións que regulamentariamente se determinen.

Disposición adicional cuarta. *Emprego do idioma oficial.*

1. Todos os militares teñen o deber de coñecer e o dereito a usar o castelán, lingua española oficial do Estado que se empregará nos actos e relacións de servizo.

2. Nas dependencias onde se desenvolvan actividades de información administrativa e de rexistro con servizo ao público empregaranse, na atención ao cidadán, as linguas oficiais españolas conforme a lexislación aplicable na Administración xeral do Estado.

Disposición adicional quinta. *Sanidade Militar.*

1. Corresponde á Sanidade Militar, con independencia dos dereitos derivados da protección social dos militares:

a) Prestar a asistencia sanitaria aos continxentes militares españois destacados en misións internacionais, formando parte de forzas expedicionarias, de dotacións de buques e o seu persoal embarcado ou participando en exercicios tácticos. Tamén lle corresponde

prestar a atención sanitaria que se desenvolva no ámbito loxístico-operativo ou no do destino.

b) Determinar a existencia das condicións psicofísicas precisas para o ingreso nos centros docentes militares de formación e para a perda da condición de alumno, consonte o establecido no artigo 56.5 e no artigo 71.2, ben como ditaminar sobre a insuficiencia temporal ou definitiva desas condicións para os fins de baixa temporal no servizo ou de limitación para ocupar determinados destinos, paso a retiro por inutilidade permanente para o servizo ou resolución do compromiso, segundo corresponda. Non obstante, no caso de que a baixa temporal se prevexa inferior a un mes, o órgano competente para acordar poderá omitir o ditame da Sanidade Militar se existe informe do facultativo que corresponda no ámbito da protección social.

c) Determinar o grao inicial de incapacidade, ben como a súa agravación, e a existencia de lesións permanentes non invalidantes, respecto á prestación de inutilidade para o servizo do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

2. Para os efectos de ditaminar sobre a insuficiencia temporal ou definitiva de condicións psicofísicas, segundo o previsto no número 1.b), o Ministerio de Defensa poderá establecer convenios de colaboración da Sanidade Militar con outras entidades públicas.

Disposición adicional sexta. *Acceso de estranxeiros a militar de complemento no Corpo Militar de Sanidade.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 56, tamén poderán acceder a militar de complemento no Corpo Militar de Sanidade na especialidade de medicina, sen posuíren a nacionalidade española, os nacionais dos países que regulamentariamente se determinen de entre aqueles que manteñen con España especiais vínculos históricos, culturais e lingüísticos, nas prazas que se determinen na provisión anual correspondente.

2. Seralles de aplicación o réxime dos militares de complemento establecido nesta lei, tendo en conta que o seu compromiso terá unha duración, contando desde o seu nomeamento como alumno, de oito anos e que poderán acceder á condición de militar de carreira, de acordo co previsto no artigo 62, unha vez adquirida a nacionalidade española.

Disposición adicional sétima. *Acción social.*

1. Dentro do apoio ao persoal das Forzas Armadas existirá un sistema de acción social, complementario da protección social, no cal se desenvolverán programas de formación e de lecer para os militares profesionais e as súas familias e outras medidas de benestar social.

2. O Ministerio de Defensa ampliará os programas de acción social e os seus correspondentes créditos orzamentarios para conseguir que sexan de aplicación xeral a todos os membros das Forzas Armadas e impulsará os dedicados aos militares de tropa e mariñeiría, dentro do proceso para consolidar a súa plena profesionalización, nos cales se proporcionará aos que teñan subscrito un compromiso de longa duración prestacións similares ás dos militares de carreira.

Disposición adicional oitava. *Servizo de asistencia relixiosa.*

1. O Goberno garantirá a asistencia relixiosa aos membros das Forzas Armadas nos termos previstos no ordenamento.

2. A asistencia relixioso-pastoral aos membros católicos das Forzas Armadas exerceuse por medio do Arcebispo Castrense, nos termos do Acordo do 3 de

xaneiro de 1979 entre o Estado español e a Santa Sé, sendo prestada polos corpos eclesiásticos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, declarados a extinguir, e polo Servizo de Asistencia Relixiosa das Forzas Armadas.

Os sacerdotes integrados no Servizo de Asistencia Relixiosa, que son capeláns castrenses nos termos que establece o citado acordo coa Santa Sé, rexeranse polo previsto nel, pola lexislación canónica correspondente e por esta disposición.

Para a atención relixioso-pastoral poderanse establecer convenios con dioceses e ordes relixiosas para incorporar, por proposta do arcebispo castrense, sacerdotes colaboradores.

3. Os militares evanxélicos, xudeus ou musulmáns poderán recibir asistencia relixiosa da súa propia confesión, se o desexan, de conformidade co determinado nos correspondentes acordos de cooperación establecidos entre o Estado español e a Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, Federación de Comunidades Israelitas de España e Comisión Islámica de España.

4. Os demais militares profesionais poderán recibir, se o desexan, asistencia relixiosa de ministros de culto das igrexas, confesións ou comunidades relixiosas, inscritas no Rexistro de entidades relixiosas, nos termos previstos no ordenamento e, se for o caso, de conformidade co que se estableza nos correspondentes acordos de cooperación entre o Estado español e esas entidades.

5. O réxime do persoal do Servizo de Asistencia Relixiosa das Forzas Armadas, adscrito á Subsecretaría de Defensa, réxese polos seguintes criterios:

a) A relación de servizos profesionais constitúese con persoal vinculado con carácter permanente ou temporal, que non adquira condición militar.

b) A duración máxima da relación de servizos con carácter temporal é de oito anos. Para acceder con carácter permanente cómpre superar as probas que se determinen regulamentariamente e ter prestado servizo con carácter temporal durante, ao menos, tres anos.

c) O réxime de asignación de postos e a conseguinte mobilidade é o do persoal das Forzas Armadas, coas debidas adaptacións.

d) As situacións administrativas regúlanse de forma similar ás dos funcionarios da Administración xeral do Estado no que lles sexa aplicable.

e) O réxime retributivo e de apoio á mobilidade establécense de forma similar ao do persoal das Forzas Armadas coas adaptacións obrigadas pola natureza da relación de servizos.

f) O réxime disciplinario é o aplicable aos funcionarios da Administración xeral do Estado coas modificacións necesarias para atender ás características do ámbito en que exercen a súa función e á natureza desta.

g) O persoal pertencente ao Servizo de Asistencia Relixiosa nas Forzas Armadas poderá optar por recibir a prestación de asistencia sanitaria a través do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, da forma que se estableza regulamentariamente.

6. Os membros dos corpos eclesiásticos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, declarados a extinguir, continuarán nos corpos de procedencia, cos mesmos dereitos e obrigas, séndolles de aplicación a situación de reserva regulada no artigo 113.

Disposición adicional novena. *Racionalización e simplificación dos procedementos administrativos.*

No desenvolvemento regulamentario e nas normas de aplicación desta lei, impulsárase a racionalización e a simplificación dos procedementos administrativos que dela deriven.

Na tramitación deses procedementos promoverase o principio de celeridade administrativa, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e fomentárase o emprego e aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, adoptando as medidas de organización e técnicas necesarias para asegurar a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e conservación da información.

Disposición adicional décima. *Reordenamento dos escalafóns das escalas auxiliares e do corpo auxiliar de especialistas do Exército de Terra.*

1. Esta disposición é de aplicación aos oficiais das escalas auxiliares de infantaría, cabalaría, artillaría, enxeñeiros, intendencia, sanidade, farmacia e veterinaria e do corpo auxiliar de especialistas do Exército de Terra que se encontraban en servizo activo en calquera emprego no día 21 de abril de 1974, data de entrada en vigor da Lei 13/1974, do 30 de marzo, de organización das escalas básica de suboficiais e especial de xefes e oficiais do Exército de Terra, que declarou a extinguir aquelas. Quedan excluídos os que non realizaron ou non superaron o curso de aptitude para o acceso ás escalas auxiliares e ao corpo auxiliar de especialistas.

Tamén é aplicable, nas mesmas condicións, aos suboficiais que poidan acceder ás mencionadas escalas de acordo co previsto nos números 1 e 2 da disposición adicional oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

2. O Ministerio de Defensa procederá a:

a) Reordenar, dentro das escalas do número anterior, os oficiais e suboficiais en servizo activo e reserva, con independencia do seu emprego, por cursos de aptitude para o acceso ás citadas escalas e, dentro de cada curso, pola puntuación nel obtida.

b) Asignar, dentro dese ordenamento teórico, o emprego e a antigüidade resultado de aplicar a cada un deles os efectos do criterio máis favorable derivado da execución das sentenzas xurisdiccionais sobre ordenamento de escalafóns de calquera destas escalas, posteriores á entrada en vigor da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional.

A aplicación dese criterio farase co límite de que non supoña a asignación dun emprego e antigüidade posteriores á data en que o afectado cumpra ou teña cumprido 61 anos de idade.

c) Publicar, antes de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a reordenación teórica por escalas especificando o emprego e a antigüidade que corresponde a cada un, habilitando un prazo de tres meses para a presentación de alegacións, que se deberán resolver antes de seis meses contando desde a data límite para a súa presentación.

d) Publicar a reordenación definitiva por escalas, unha vez resoltas as alegacións citadas no parágrafo anterior.

3. O persoal en servizo activo e cos datos desa reordenación definitiva será reincorporado de oficio polo Ministerio de Defensa, o día primeiro do mes seguinte ao da data en que cada un pase á situación de reserva, á posición no escalafón que lle corresponda coa asignación do novo emprego e antigüidade.

Aos que pasasen á reserva nunha data posterior á entrada en vigor desta lei, aplicaráselles a incorporación con efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao da citada data.

Para os que, á entrada en vigor desta lei, se encontraren en situación de reserva a materialización da nova posición no escalafón farase con efectos dese día.

4. Os oficiais en retiro á entrada en vigor desta lei procedentes destas escalas poderán solicitar no prazo de seis meses a partir da publicación da reordenación definitiva, o emprego e antigüidade asignados ao que lles seguise no curso de aptitude para o acceso a estas escalas que figure nesa reordenación por encontrarse en servizo activo ou reserva e sempre co límite de que non supoña un emprego e antigüidade posteriores á data en que o afectado cumpriu 61 anos de idade.

5. A aplicación destas medidas ao persoal procedente de reserva transitoria quedará suxeita a que as datas de antigüidade nos empregos resultantes da reordenación sexan anteriores á data en que cada un se integrou na reserva transitoria. A partir dese cambio de situación só se lle recoñecerá un ascenso en aplicación do Real decreto 1000/1985, do 19 de xuño, polo que se establece a situación de reserva transitoria no Exército de Terra.

6. Os que, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, tivesen limitación legal para alcanzaren determinados empregos ou tivesen perdido postos no escalafón por aplicación da lexislación vixente manterán estas limitacións.

7. Calquera das novas situacións xeradas en aplicación desta disposición non terá para ningún dos interesados efectos económicos anteriores á data de entrada en vigor desta lei e, no caso dos de servizo activo, ningún anterior á data do seu paso á reserva.

Disposición adicional décimo primeira. Prestación de grande invalidez ao persoal do Corpo de Mutilados de Guerra pola Patria.

O persoal militar pertencente ao corpo a extinguir de Mutilados de Guerra pola Patria que pasase a retirado ou á situación de segunda reserva de oficiais xenerais, en aplicación da disposición derradeira sexta da Lei 17/1989, continuará excluído da acción protectora da pensión de inutilidade para o servizo e da prestación de grande invalidez, salvo que pasase a retirado coa clasificación de absoluto, caso en que poderá acceder á prestación de grande invalidez a que se refire o artigo 22.2 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño, sempre que á entrada en vigor desta lei non tivese atinxido a idade establecida para o retiro no artigo 114.2.a).

O cálculo da contía das prestacións de grande invalidez realizarase conforme as regras que determina o artigo 23. 2 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño. Para a súa determinación tomarase como referencia a pensión de clases pasivas que lle correspondese na data de paso a retirado, tendo en conta as revalorizacións que experimentase a citada prestación desde esa data.

Disposición transitoria primeira. Cadros de persoal regulamentarios e ascensos.

1. Até o 30 de xuño do ano 2009 seguiranse aplicando os sistemas de ascenso establecidos na Lei 17/1999, do 18 de maio, e continuarán en vigor os cadros de persoal aprobados polo Real decreto 1311/2004, do 28 de maio, que fixa os cadros de persoal regulamentarios de cadros de mando das Forzas Armadas para o período 2004-2009, excepto os de oficiais xenerais e coroneis que para os ciclos 2007-2008 e 2008-2009 serán fixados polo ministro de Defensa iniciando os axustes para alcanzar os efectivos previstos no artigo 16.2 antes do 30 de xuño de 2013.

2. Nas normas regulamentarias de ascenso que serán de aplicación a partir do 1 de xullo do ano 2009

establecerase o réxime transitorio das exixencias de titulación para o ascenso fixadas nesta lei.

3. A partir da entrada en vigor desta lei non se outorgará no emprego de soldado ou mariñeiro a distinción do grao militar de soldado ou mariñeiro de primeira. Os que teñan o grao de soldado ou mariñeiro de primeira conservarán esa distinción.

Disposición transitoria segunda. Adaptación do ensino de formación.

1. En canto non entre en funcionamento o sistema de centros universitarios da Defensa manteranse os procesos de ingreso e formación para o acceso ás escalas superiores de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, coas correspondentes equivalencias aos títulos do sistema educativo xeral.

2. O Ministerio de Defensa promoverá actuacións encamiñadas a facilitar aos oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña e aos alumnos dos centros docentes militares de formación de oficiais, a obtención de títulos de grao universitario.

3. A partir do ano 2008 non se producirán novos ingresos nos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas e de infantaría de mariña, definidas na Lei 17/1999, do 18 de maio, manténdose os sistemas de formación para os que se encontren neses centros.

4. Nos corpos e escalas non citados nos números anteriores, en canto non se proceda ao desenvolvemento regulamentario desta lei, manterase o sistema de ingreso e formación para o seu acceso e as correspondentes equivalencias aos títulos do sistema educativo xeral.

Disposición transitoria terceira. Relacións de postos militares, historiais militares e destinos.

1. As relacións de postos militares deberanse aprobar con anticipación ao 1 de xullo do ano 2008 e aplicaranse a partir desa data.

2. As disposicións contidas nesta lei sobre historiais militares e destinos serán de plena aplicación a partir do 1 de xullo do ano 2009.

Disposición transitoria cuarta. Constitución de corpos e escalas.

1. Até o 30 de xuño do ano 2009 manteranse os corpos e escalas da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas e a partir desa data permanecerán para os supostos previstos nesta disposición. O 1 de xullo dese ano constituiranse os corpos e escalas definidos nesta lei consonte o que se dispón nos seguintes números.

2. Incorporaranse ás novas escalas os membros das Forzas Armadas que se encontren en calquera situación administrativa, salvo na de reserva. Os que estean en situación de reserva permanecerán nas súas escalas de orixe até o seu paso a retiro. Tamén permanecerán nas súas escalas de orixe os que, segundo o previsto nos números seguintes, renunciaren á incorporación ás novas escalas ou non superen o curso de adaptación a que se refire esta disposición.

3. Os declarados non aptos para o ascenso, os retirados no emprego e os que renunciaren a un curso preceptivo para o ascenso ou non o superasen manterán as limitacións derivadas da Lei 17/1999, do 18 de maio, e disposicións que a desenvolven. Así mesmo, os declarados aptos con limitación para ocuparen determinados destinos manterana.

4. Os oficiais xenerais de todos os corpos incorporaranse ás novas escalas o 1 de xullo do ano 2009 segundo o seu emprego e antigüidade.

5. O ciclo de ascensos 2008-2009 aos empregos de tenente a coronel e de sarxento primeiro a suboficial maior finalizará o 30 de abril do ano 2009. Desde o 1 de maio ao 1 de xullo non se producirán ascensos aos mencionados empregos. O ciclo de ascensos 2009-2010 comezará o día 2 de xullo do ano 2009.

6. As incorporacións ás novas escalas realizaranse a partir do 1 de xullo do ano 2009 sobre a base, aínda que se produzan en datas posteriores, do emprego e antigüidade que cada un dos que accedan ás novas escalas teña o 1 de maio do ano 2009.

7. Para os oficiais dos corpos xerais e de especialistas do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire aplicaranse as seguintes normas:

a) Os procedentes das escalas superiores de oficiais dos corpos xerais incorporaranse en todo caso ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais correspondentes.

b) A incorporación dos procedentes das escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais terá carácter voluntario. Os que non desexen incorporarse deberán renunciar antes do 31 de marzo do ano 2008, pero serán tidos en conta ao aplicar o criterio de proporcionalidade no proceso de ordenación para a incorporación.

Os que non renunciaren á incorporación serán convocados para realizaren un curso de adaptación cuxos aspectos relativos a contido, duración, calendario de realización, normas de adiamento, repetición, renuncia, requisitos para a súa superación e réxime de avaliacións e cualificacións, ben como os casos en que o curso terá carácter de actualización para os efectos previstos no artigo 90.2, serán establecidos por orde do ministro de Defensa antes do 31 de xaneiro do ano 2008.

As convocatorias ao curso de adaptación deberanse realizar a partir do 30 de abril do ano 2008.

Os compoñentes desas escalas que non superen o curso permanecerán na súa escala de orixe cos efectos previstos no número 16 para os que renunciaren á incorporación.

c) Os coroneis das escalas superiores de oficiais dos corpos xerais incorporaranse ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais correspondentes o día 1 de xullo do ano 2009, segundo o seu emprego e antigüidade.

d) Os tenentes coroneis, os comandantes e os capitáns das escalas superiores de oficiais e das escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas dos exércitos ordenaranse para incorporarse ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais de cada exército por empregos de forma proporcional aos efectivos de cada emprego e de cada unha das procedencias. Nesa ordenación modificaranse as datas de antigüidade no emprego de forma que se obteña unha lista decrecente de antigüidade e sen que a ningún dos escalafonados se lle asigne unha menor da que tivese na súa escala de procedencia.

A incorporación dos procedentes das escalas superiores de oficiais farase efectiva o 1 de xullo do ano 2009 e a dos procedentes das escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas o 1 de xullo de cada ano, a partir de 2009, cando se teña superado o curso de adaptación a que se refire esta disposición. En todo caso, materializarase na posición derivada da ordenación do parágrafo anterior.

e) Os tenentes das escalas superiores de oficiais dos corpos xerais incorporaranse ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais correspondentes o día 1 de xullo do ano 2009, segundo o seu emprego e antigüidade.

f) Os tenentes das escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas incorporaranse ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais do respectivo exército ao ascenderen a capitán polo sistema de antigüidade. O ascenso e a incorporación produciranse o 2 de xullo do ano 2009 e o 1 de xullo dos anos sucesivos cando se leven máis de oito anos de tempo de servizos entre os empregos de alférez e tenente na escala de procedencia, e sempre que se teña superado o curso de adaptación.

Cada un dos que accederon a estas escalas co emprego de tenente ascenderá a capitán e incorporaranse ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais do respectivo exército o mesmo día do ascenso do que o preceda no escalafón e sempre que teña superado o curso de adaptación.

En caso de igualdade na antigüidade, a orde de ascenso a capitán dos procedentes do corpo xeral e do corpo de especialistas determinarase aplicando o criterio de proporcionalidade segundo o número de efectivos de cada procedencia que en cada caso se integren.

g) Os alféreces das escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas a partir do 2 de xullo do ano 2009 ascenderán a tenente na súa escala de orixe polo sistema de antigüidade ao cumpriren tres anos de tempo de servizos no emprego. Incorporaranse ás novas escalas de oficiais dos corpos xerais de cada exército ao ascenderen a capitán na forma prevista no número 7.f).

h) No ciclo de ascensos 2008-2009, os tenentes e os alféreces a que se refiren as alíneas f) e g) deste número, ben como os do número 10, ascenderán ao emprego de capitán e tenente, respectivamente, polo sistema de antigüidade sempre que cumpran as exixencias de tempo de servizos establecidas nelas.

8. Os membros das escalas de suboficiais dos corpos xerais e de especialistas incorporaranse o 1 de xullo do ano 2009 ás novas escalas de suboficiais dos corpos xerais de cada exército, segundo o seu emprego e antigüidade. En caso de igualdade na antigüidade ordenaranse de forma proporcional aos efectivos dos da mesma antigüidade de cada unha das procedencias.

9. Os militares de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter permanente terán a condición de militares de carreira desde a entrada en vigor desta lei. Tanto estes como os de carácter temporal reincorporaranse o 1 de xullo do ano 2009 ás escalas de tropa ou mariñeiría dos corpos xerais de cada exército segundo o seu emprego e antigüidade. En caso de igualdade na antigüidade ordenaranse de forma proporcional aos efectivos dos da mesma antigüidade de cada unha das procedencias.

10. No Corpo de Infantaría de Mariña aplicaranse os mesmos criterios dos números anteriores para a incorporación á nova escala de oficiais dos membros da escala superior de oficiais e da escala de oficiais e para constituíren a escala de suboficiais e a escala de tropa deste corpo. A esta última incorporaranse os que posúan as especialidades de infantaría de mariña e de música.

11. Nos corpos de intendencia e enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e nos corpos comúns das Forzas Armadas con data do 1 de xullo do ano 2009 aplicaranse as seguintes normas:

a) Os membros das escalas superiores de oficiais incorporaranse ás novas escalas de oficiais dos corpos correspondentes segundo o seu emprego e antigüidade.

b) Os membros das escalas técnicas de oficiais dos corpos de enxeñeiros incorporaranse ás novas escalas técnicas, segundo o seu emprego e antigüidade. Os alféreces incorporaranse á nova escala ao ascenderen a tenente polo sistema de antigüidade ao cumpriren tres anos de tempo de servizos no emprego.

c) Os membros da escala de oficiais do Corpo Militar de Sanidade incorporaranse á nova escala de oficiais enfermeiros, segundo o seu emprego e antigüidade. Os alféreces reincorporaranse á nova escala ao ascenderen a tenente polo sistema de antigüidade ao cumpriren tres anos de tempo de servizos no emprego.

d) Os membros da escala de suboficiais do corpo de Músicas Militares reincorporaranse á nova escala de igual denominación, segundo o seu emprego e antigüidade.

12. Cando concorra persoal de distintas procedencias e sexa necesario utilizar criterios de proporcionalidade, aplicaráselle a cada un dos membros das diferentes procedencias a seguinte fórmula:

$$C = (P - 0.5) / N \text{ na cal:}$$

C = Coeficiente para a ordenación.

P = Número de orde que o interesado ocupa no colectivo de procedencia da súa escala constituído polos do mesmo emprego ou os do mesmo emprego e antigüidade, segundo corresponda.

N = Número de compoñentes do colectivo anterior.

A seguir, ordenaranse os das distintas procedencias tomando os coeficientes de menor a maior, resolvéndose en caso de igualdade a favor do de maior idade.

13. Aos que finalicen o seu período de formación despois do 1 de xullo do ano 2009 aplicaráselles as seguintes normas:

a) Incorporaranse ás novas escalas de oficiais, cando a formación sexa para o acceso ás escalas superiores de oficiais dos corpos xerais, de infantaría de mariña, de intendencia e de enxeñeiros dos exércitos e dos corpos comúns das Forzas Armadas.

b) Accederán co emprego de alférez ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas e de infantaría de mariña da Lei 17/1999, do 18 de maio, cando a formación sexa para esas escalas e seranlles de aplicación as normas de ascenso e incorporación ás novas escalas definidas nesta disposición.

c) Tamén se accederá ao emprego de alférez cando a formación sexa para as escalas técnicas de oficiais dos corpos de enxeñeiros dos exércitos ou á escala de oficiais do Corpo Militar de Sanidade, séndolles de aplicación as normas de ascenso e incorporación ás novas escalas definidas nesta disposición até o 1 de xullo do ano 2012, data en que todos os alféreces ascenderán a tenente polo sistema de antigüidade e se incorporarán ás novas escalas. A partir desa data o acceso ás mencionadas escalas será co emprego de tenente.

d) A incorporación ás novas escalas de suboficiais e tropa e mariñeiría efectuarase cos criterios desta disposición segundo as normas de adaptación que para estes efectos determine o ministro de Defensa.

14. Os militares profesionais que se incorporen ás novas escalas manterán as especialidades que tivesen nas de orixe. Para efectos de condicións para o ascenso computaranse todos os destinos ocupados no seu emprego.

15. Existirá unha oferta de especialización para os afectados polo proceso de constitución de corpos e escalas, para os efectos de completar, no ámbito do ensino de perfeccionamento, a preparación para o desempeño profesional na escala correspondente e para, se for o caso, a reorientación ou adaptación do perfil de carreira a que se refire o artigo 75.1.

16. Os compoñentes das escalas de oficiais dos corpos xerais, de infantaría de mariña e de especialistas dos exércitos que non se incorporen ás novas escalas, por renuncia ou outras causas, permanecerán nas súas escalas de orixe, que quedan declaradas a extinguir a partir

do 1 de xullo do ano 2009, coa denominación de «escala a extinguir de oficiais» dos corpos correspondentes.

Nestas escalas, ao emprego de tenente coronel ascenderase polo sistema de elección, sempre que se teñan cumpridos polo menos catro anos de tempo de servizos no emprego de comandante e con ocasión de vacante nos cadros de persoal que para este emprego determine o ministro de Defensa.

Ao emprego de comandante ascenderase polo sistema de clasificación, sempre que se teñan cumpridos ao menos sete anos de tempo de servizos no emprego de capitán e con ocasión de vacante nas cadros de persoal que para este emprego determine o ministro de Defensa.

O ascenso a capitán producirase por antigüidade ao cumprir nove anos de tempo de servizos entre os empregos de tenente e alférez. Cada un dos que accederon a estas escalas no emprego de tenente ascenderá a capitán o mesmo día do ascenso do que o preceda no escalafón, computándose en canto condicións para o ascenso todos os destinos ocupados no emprego.

O ascenso a tenente producirase por antigüidade ao cumprir tres anos de tempo de servizos no emprego.

Nas relacións de postos militares especificaranse aqueles que poidan ser ocupados por persoal destas escalas a extinguir de oficiais.

O paso á situación de reserva deste persoal producirase ao cumprir a idade prevista no artigo 113.4; nas cotas reguladas no artigo 113.3, tanto de forma voluntaria ou anuente como con carácter forzoso entre os de maior antigüidade no emprego correspondente, e por cumprir trinta e tres anos desde a obtención da condición de militar de carreira segundo o previsto na disposición transitoria oitava, número 4. Este último suposto non será de aplicación aos tenentes coroneis que pasarán á reserva ao cumpriren seis anos de permanencia no emprego, ben que os que, ao corresponderlles pasar a esta situación contén con menos de cincuenta e seis anos de idade, o farán na data en que cumbran esa idade.

Disposición transitoria quinta. *Réxime dos militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio.*

1. Os que á entrada en vigor desta lei teñan a condición de militar de complemento continuarase a rexer polo réxime de compromisos e ascensos establecido na Lei 17/1999, do 18 de maio, e na disposición derradeira primeira da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, coas modificacións establecidas nesta disposición que tamén será de aplicación aos que, encontrándose en período de formación, accedan á citada condición.

2. Os que leven menos de cinco anos de servizos poderán optar por cumprir o seu compromiso e causar baixa nas Forzas Armadas ou renovoalo por un novo até completar seis anos de servizos, precedendo declaración de idoneidade, e rexeranse a partir dese momento polo establecido nos números seguintes.

3. Os que leven máis de cinco anos de servizos e os do número anterior segundo os vaian cumprindo poderán optar por asinar, despois da declaración de idoneidade, un compromiso de longa duración até os corenta e cinco anos co réxime establecido para a tropa e mariñeiría na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría e nesta lei. Os que teñan o emprego de alférez ascenderán a tenente con efectos da data da sinatura do compromiso e todos terán dereito a trienios a partir do inicio do compromiso de longa duración. Os que non asinen ese compromiso causarán baixa nas Forzas Armadas ao finalizar o que tivesen subscrito.

Os militares de complemento que teñan subscrito un compromiso de longa duración poderán ingresar na Real e Militar Orde de Santo Hermenexildo se cumpren os

requisitos de intachable conduta e tempos de servizos, contabilizados na súa forma de vinculación profesional coas Forzas Armadas, exixidos aos militares de carreira nas normas regulamentarias correspondentes.

4. Os militares de complemento poderán acceder por promoción interna ao ensino militar de formación para a incorporación co emprego de tenente ás diversas escalas de oficiais, segundo os criterios establecidos no artigo 66 da Lei 17/1999, do 18 de maio, adaptados regulamentariamente á estrutura de corpos e escalas e ao ensino de formación reguladas nesta lei.

Aos militares de complemento que posúan as titulacións exixidas para o ingreso nos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de oficiais dos corpos comúns da Defensa ou dos corpos de enxeñeiros dos exércitos, reservaránselles prazas específicas nas provisións anuais.

5. Cumprido o compromiso de longa duración, pasárase a reservista de especial dispoñibilidade nas condicións establecidas na Lei de tropa e mariñeiría, percibindo unha asignación por dispoñibilidade de 1,9 veces a correspondente aos militares de tropa e mariñeiría e quedando incluídos no artigo 122.3 desta lei. Se for o caso, terase dereito a percibir a prima por servizos prestados nos casos e coa contía que se determine regulamentariamente.

O militar de complemento cun compromiso de longa duración que, con 45 anos de idade non cumprise os 18 de servizos e teña posibilidade de alcanzalos antes de cumprir os 50 anos de idade, poderá ampliar o seu compromiso até adquirir o tempo de servizos mencionado.

Tamén poderán prorrogar o seu compromiso até os 50 anos os militares de complemento que, á entrada en vigor desta lei, teñan cumpridos 42 anos.

6. Os militares de complemento que causen baixa nas Forzas Armadas e non pasen a reservista de especial dispoñibilidade poderán acceder a reservista voluntario consonte o establecido no artigo 130 para os militares profesionais.

7. Os militares de complemento que teñan subscrito un compromiso de longa duración poderán acceder á condición de permanente nas prazas que se determinen nas provisións anuais a partir do ano 2009, conservando o emprego que tivesen. Para participar nos correspondentes procesos de selección requirirase ter cumpridos dez anos de servizo como militar de complemento e as demais condicións que se determinen regulamentariamente. Os que accedan a esa relación de servizos de carácter permanente adquirirán a condición de militar de carreira.

Poderanse alcanzar os empregos de capitán e comandante, aos cales se ascenderá polos sistemas de antigüidade e elección respectivamente.

Seránlles de aplicación as situacións administrativas reguladas para os militares de carreira e, en consecuencia, pasarán a reserva en condicións análogas ás establecidas para os compoñentes das escalas a extinguir de oficiais a que se fai referencia na disposición transitoria anterior.

8. O ministro de Defensa, tendo en conta o previsto nesta disposición, determinará os cadros de persoal por empregos dos militares de complemento adscritos aos diversos corpos e escalas, diferenciando as de militares de carreira.

9. Os reservistas de especial dispoñibilidade, tanto os procedentes de militar de complemento como de tropa e mariñeiría, manterán, se o solicitan, unha especial relación coas Forzas Armadas, mediante a súa adscrición á unidade militar que elixan, precedendo conformidade do mando ou xefatura de persoal do exército correspondente. Poderán asistir a actos e cerimoniais militares en que esa unidade participe, usar o uniforme en actos militares e sociais solemnes e dispor da correspondente tar-

xeta de identificación. Facilitaráselles o acceso á información sobre prestacións a que teñen dereito e outros asuntos que poidan ser do seu interese.

Disposición transitoria sexta. *Ascensos en reserva.*

Os tenentes coroneis e os comandantes que pasen á situación de reserva a partir da entrada en vigor desta lei, pertencen a unha escala en que exista o emprego de coronel, non teñan limitación legal para ascender e cumplan dez anos no seu emprego computando o tempo en reserva, poderán obter, se reúnen esas condicións antes do 30 de xuño do ano 2019 e o solicitan, o emprego de coronel ou tenente coronel, respectivamente. Concederáselles con efectos do 1 de xullo seguinte á data en que reúnan as condicións.

Disposición transitoria sétima. *Ascenso de suboficiais ao emprego de tenente.*

1. Todos os suboficiais que obtivesen o emprego de sarxento a partir do 1 de xaneiro de 1977 e con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1990, data de entrada en vigor da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, e que non tivesen limitación legal para alcanzaren o emprego de subtenente, poderán obter o emprego de tenente das escalas de oficiais da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, no momento do seu paso á situación de reserva se o solicitan previamente, con antigüidade, tempo de servizos e efectos económicos desde a data de ascenso.

2. O persoal do número anterior que se encontre na situación de reserva e que non se puidese acoller ao previsto na disposición adicional oitava.3 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, poderá obter o emprego de tenente se o solicita no prazo de seis meses, a partir da entrada en vigor desta lei, con antigüidade, tempo de servizos e efectos económicos do 1 de xaneiro de 2008.

Disposición transitoria oitava. *Adaptación das situacións administrativas.*

1. Ao militar profesional que se encontre nalgunha das situacións administrativas cuxa regulación quede modificada por esta lei seralle de aplicación a nova normativa con efectos desde a súa entrada en vigor, pasando, se for o caso, de oficio á situación que corresponda, sen prexuízo dos dereitos adquiridos até esa data. O persoal que se encontre en situación de reserva manterase nesa situación con independencia das novas condicións de paso a ela establecidas nesta lei.

2. O paso á situación de reserva, conforme o establecido no artigo 113.1.b), por seis anos de permanencia no emprego de coronel aplicarase a partir do 1 de agosto do ano 2013. Até esa data os suboficiais maiores pasarán á situación de reserva por seis anos de permanencia no emprego sempre que teñan máis de cincuenta e seis anos de idade; se non os teñen farano na data en que cumplan a citada idade.

Os tenentes coroneis das escalas de oficiais dos corpos xerais e de especialistas e de infantaría de mariña continuarán pasando á reserva ao cumpriren seis anos de permanencia no emprego até o 30 de xuño do ano 2009. Os que ao corresponderlles pasar a esta situación contén con menos de cincuenta e seis anos de idade, farano na data que cumplan esa idade.

Os tenentes coroneis das escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e da escala de oficiais enfermeiros do Corpo Militar de Sanidade aos que corresponde pasar á reserva por cumpriren seis anos de permanencia no emprego

farano até o 30 de xuño do ano 2013 sempre que teñan máis de cincuenta e seis anos de idade; se non os teñan farano na data en que cumpran a citada idade.

3. Caso de non existiren suficientes voluntarios ou anuentes para cubrir as cotas establecidas no artigo 113.3 para o paso á situación de reserva, só se completarán con carácter forzoso nas cotas que autorice o ministro de Defensa a partir do 1 de xullo do ano 2008.

4. Até o 31 de xullo do ano 2013 seguirá sendo de aplicación o suposto de paso á situación de reserva, previsto no artigo 144.2.b) da Lei 17/1999, do 18 de maio, para os pertencentes aos corpos xerais, de infantaría de mariña e de especialistas, estendido a partir do 1 de xullo do ano 2009 aos tenentes coroneis procedentes das escalas de oficiais dos citados corpos que se integrasen nas novas escalas. No caso de que non se teñan cumpridos os cincuenta e seis anos, atrasarase o paso á reserva ao momento de cumprir esa idade.

Até o 30 de xuño de 2017 o persoal mencionado no parágrafo anterior, ben como os tenentes coroneis procedentes das escalas de oficiais que non se integrasen nas novas escalas e os suboficiais maiores dos citados corpos, con máis de trinta e tres anos desde o seu ingreso nas Forzas Armadas, poderán solicitar o paso voluntario á reserva sempre que teñan cumpridos cincuenta e oito anos de idade, séndolles de aplicación o previsto no artigo 113.6. No caso de que non teñan cumprida esa idade no momento da petición, concederáselles con efectos da data en que a cumpran.

5. Os xenerais de brigada que tivesen o dito emprego con anterioridade á entrada en vigor desta lei pasarán tamén á situación de reserva á idade establecida no artigo 144.1.a) da Lei 17/1999, do 18 de maio.

Disposición transitoria novena. Réxime retributivo na situación de reserva.

1. Os militares de carreira que á entrada en vigor desta lei se encontren na situación de reserva por aplicación do artigo 144 da Lei 17/1999, do 18 de maio, manterán as retribucións de servizo activo até a idade sinalada no artigo 113.10 desta lei. Este réxime retributivo aplicase igualmente aos coroneis que pasasen á situación de reserva por aplicación da disposición adicional décimo sexta da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

2. O establecido no número anterior será igualmente de aplicación aos militares de carreira que pasen á situación de reserva pola disposición transitoria oitava.

3. Aos oficiais xenerais, en situacións de servizo activo ou reserva, que accedesen ao emprego de xeneral de división con anterioridade á entrada en vigor desta lei seguiralles sendo de aplicación o previsto no artigo 144.10 parágrafo segundo da Lei 17/1999, do 18 de maio.

Disposición transitoria décima. Acceso a unha relación de servizos de carácter permanente de militares de tropa e mariñeiría.

Os militares de tropa e mariñeiría que se reincorporan ás Forzas Armadas cun compromiso de longa duración, en aplicación da disposición transitoria primeira da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, poderanse presentar a unha convocatoria con carácter extraordinario para adquirir a condición de permanente, sen estaren sometidos a límites de idade, titulacións exhibibles e número previo de convocatorias.

Disposición transitoria décimo primeira. Reservistas.

1. A partir da entrada en vigor desta lei non se producirán novos accesos á condición de reservista temporal.

2. Os reservistas temporais que, en aplicación da Lei 17/1999, do 18 de maio, manteñan esa condición o 30 de xuño do ano 2009 cesarán nesa data. Durante ese período poderán solicitar o seu paso á condición de reservista voluntario da forma prevista no artigo 130.

3. Os españois que tendo realizado o servizo militar obrigatorio en calquera das súas formas e que á entrada en vigor desta lei superen os corenta anos de idade poderán solicitar a consideración de reservistas voluntarios honoríficos.

Disposición transitoria décimo segunda. Adecuación de rango normativo.

Até se aprobaren, polo real decreto, as reais ordenanzas para as Forzas Armadas conforme o previsto no artigo 4.3 desta lei, os artigos 1 ao 4, 6, 10, 14 ao 19, 25, 27, 30 ao 33, 35 ao 48, 51 ao 78, 80 ao 83, 85, 86, 88 ao 167, 189 e 191 da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas, terán o rango de real decreto.

Disposición derogatoria única. Derrogacións e vixencias.

1. Quedan derogados os artigos 5, 7 ao 9, 11 ao 13, 20 ao 24, 26, 28, 29, 34, 49, 50, 79, 84, 87, 168, 170 ao 173, 175, 176, 179, 183 ao 184, 186 ao 188, 190 e 192 ao 224 da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas, quedando vixentes os artigos 169, 174, 177, 178, 180, 181, 182 e 185.

Quedan derogadas a Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, excepto os artigos 150 a 155 e 160 a 162, a disposición derradeira segunda e as disposicións que se citan no número seguinte, que continuarán en vigor, e a Lei 32/2002, do 5 de xullo, que modifica a Lei 17/1999, do 18 de maio, co obxecto de permitir o acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría.

Tamén quedan derogadas a Lei 50/1969, do 26 de abril, básica de mobilización nacional, a Lei 48/1984, do 26 de decembro, reguladora da obxección de conciencia e da prestación social substitutoria; a disposición adicional terceira, número 1, do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño, e todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei.

2. Seguirán en vigor en canto subsista persoal a que lle sexan de aplicación as seguintes disposicións da Lei 17/1999, do 18 de maio: disposición adicional oitava, acceso de suboficiais ao emprego de tenente; disposición adicional décimo primeira, paso á reserva; disposición adicional décimo segunda, perfeccionamento de trienios; disposición transitoria terceira, réxime do persoal de escalas a extinguir; disposición transitoria sétima, situación de segunda reserva dos oficiais xenerais; disposición transitoria oitava, paso á situación de reserva de oficiais xenerais; o número 2 da disposición transitoria décima, réxime transitorio de paso á situación de reserva; disposición transitoria décimo primeira, reserva transitoria; disposición transitoria décimo quinta, Corpo de Mutilados de Guerra pola Patria; disposición transitoria decimo sexta, persoal ao servizo de organismos civís e o número 4 da disposición derogatoria única.

3. Nas disposicións vixentes, as referencias e remisións á Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, entenderanse efectuadas a esta lei, salvo en relación ás materias da citada lei que quedan en vigor segundo esta disposición.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño.*

O texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Campo de aplicación.*

1. Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación deste réxime especial:

a) Os militares de carreira das Forzas Armadas.

b) Os militares de complemento, mentres manteñan a súa relación de servizos coas Forzas Armadas.

c) Os militares profesionais de tropa e mariñeira, mentres manteñan a súa relación de servizos coas Forzas Armadas.

d) Os alumnos do ensino militar de formación.

e) Os militares de carreira da Garda Civil e os alumnos dos centros docentes de formación dese corpo.

f) Os funcionarios civís de corpos adscritos ao Ministerio de Defensa que non exercen a opción de se incorporar ao Réxime Especial de Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado, ben como, se for o caso, os funcionarios en prácticas para o ingreso neses corpos.

g) O persoal rexido polo Estatuto de persoal do Centro Nacional de Intelixencia.

A citada obrigatoriedade manterase calquera que fora a situación administrativa en que se encontre o persoal enumerado, salvo nos casos de excedencia en que o tempo de permanencia non sexa computable para efectos de dereitos pasivos.

2. Tamén queda obrigatoriamente incluído no campo de aplicación deste réxime especial o persoal comprendido nalguna das alíneas do número anterior que pase a retiro ou xubilación.

3. O persoal que por motivos distintos dos aludidos no número anterior perda a condición de militar ou funcionario civil ou se encontre na situación de excedencia en que o tempo de permanencia non sexa computable para efectos de dereitos pasivos, e os reservistas de especial dispoñibilidade, poderán estar no ámbito de aplicación desta lei, sempre que en tales situacións non pertenzan a ningún outro réxime de Seguridade Social e aboan ao seu cargo a contía íntegra das cotizacións a cargo do Estado e dos interesados que fixe a Lei de orzamentos xerais do Estado.

4. Cando unha única prestación de servizos sexa causa de inclusión obrigatoria neste réxime especial e noutro ou outros réximes de Seguridade Social, poderase optar, por unha soa vez, por pertencer exclusivamente ao regulado nesta lei, salvo que a dobre afiliación afecte este e outro réxime especial de funcionarios, e neste caso poderase optar, tamén por unha soa vez, por pertencer a calquera dos dous.

5. Queda excluído desta lei e continuará a se rexer polas súas normas específicas o persoal civil, non-funcionario, que preste servizos na Administración militar.»

Dous. O número 2 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«2. A determinación da condición de beneficiario neste réxime especial establecerase regulamentariamente».

Tres. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Contido da asistencia sanitaria.*

A prestación de asistencia sanitaria comprende:

a) Os servizos de atención primaria, incluída a atención primaria de urxencia en réxime ambulatorio ou a domicilio, e a atención especializada, xa sexa en réxime ambulatorio ou hospitalario e os servizos de urxencia hospitalaria, todos eles cun contido análogo ao establecido para os beneficiarios do Sistema Nacional de Saúde.

b) A prestación farmacéutica, que inclúe as fórmulas maxistras e preparados oficinais, as especialidades e os efectos e accesorios farmacéuticos, coa extensión determinada para os beneficiarios do Sistema Nacional de Saúde. Os beneficiarios participarán mediante o pagamento dunha cantidade porcentual por receita, ou, se for o caso, por medicamento, que se determinará regulamentariamente.

c) As prestacións complementarias cuxa definición e contido se determinarán regulamentariamente.»

Catro. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Sanidade militar.*

O disposto nesta sección 1.^a débese entender sen prexuízo das funcións que, conforme a lexislación vixente, corresponden á sanidade militar no ámbito loxístico-operativo, ben como en canto se refire á apreciación das condicións psicofísicas precisas para o servizo.»

Cinco. Ao artigo 22.6.b) engádeselle un segundo parágrafo coa seguinte redacción:

«Neste caso, tamén se recoñecerá o dereito dos interesados ás prestacións incluídas nesta sección cando con anterioridade á declaración de retiro cesasen no destino que ocupaban na situación de reserva, sempre que o cesamento se producise con ocasión do inicio dun expediente de insuficiencia psicofísica que dea lugar á citada declaración.»

Seis. Á disposición transitoria única dáselle un novo título, quedando redactado do seguinte modo:

«Disposición transitoria única. Prestacións de inutilidade para o servizo anteriores ao 15 de xuño de 2000.»

Sete. Á disposición transitoria única engádeselle unha nova alínea C) coa seguinte redacción:

«C) Polo texto modificado dos artigos 22 e 23, de conformidade coa redacción establecida no artigo 49 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, se os feitos causantes se produciron desde o 1 de xaneiro de 1998 até o 14 de xuño de 2000, ambos inclusive.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil.*

Ao artigo 18 da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil, engádeselle un novo parágrafo coa seguinte redacción:

«Tamén se inscribirá no Rexistro Civil central o falecemento das persoas de nacionalidade

estranxeira ao servizo das Forzas Armadas e das Forzas de Seguranza españolas, sempre que o falecemento ocorrese durante unha misión ou operación fóra de España e que o sistema rexistral do Estado onde ocorrese o feito non practicase a pertinente inscrición, sen prexuízo de trasladar a inscrición realizada ao rexistro do Estado do cal fose nacional a persoa falecida.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.*

O número 2 do artigo 152 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, que continúa en vigor segundo o previsto no número 1 da disposición derogatoria única desta lei, queda redactado do seguinte modo:

2. Só para os efectos retributivos e de fixación dos haberes reguladores para a determinación dos dereitos pasivos do persoal militar, aplicaranse as seguintes equivalencias entre os empregos militares e os grupos de clasificación dos funcionarios ao servizo das administracións públicas:

Xeneral de exército a tenente: subgrupo A1.

Alférez e suboficial maior a sarxento: subgrupo A2.

Cabo maior a soldado con relación de servizos de carácter permanente: subgrupo C1.

Cabo primeiro a soldado con relación de servizos de carácter temporal: subgrupo C2.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.*

O número 2 do artigo 2 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, queda redactado do seguinte modo:

«2. O ministro de Defensa fixará cuadrialmente os cadros de persoal de militares de tropa e mariñeiría en servizo activo, diferenciando os que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente ou temporal, para os diferentes empregos de cada escala e, se for o caso, especialidades. Non figurará o emprego de soldado ou mariñeiro cuxos efectivos serán os que resulten do obxectivo que determine anualmente a Lei de orzamentos xerais do Estado e a correspondente provisión anual de prazas.»

Disposición derradeira quinta. *Réxime do persoal do Centro Nacional de Intelixencia.*

1. O militar profesional que preste os seus servizos no Centro Nacional de Intelixencia quedará sometido ao único estatuto de persoal a que se refire o artigo 8 da Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, ao cal no seu número 1 se lle engaden dous novos parágrafos coa seguinte redacción:

«e) Os supostos, as condicións e os efectos en que o persoal do centro poida pasar a desempeñar postos de traballo nas administracións públicas, con reincorporación ou non ao seu corpo ou escala de procedencia nos casos que así corresponda.

f) O réxime de dereitos e deberes que conxugará o da función pública e o do persoal suxeito a disciplina militar.»

2. O persoal militar que se incorpore ao centro cunha relación de servizos de carácter temporal permanecerá na situación de servizo activo no seu corpo e escala de orixe; cando adquira o carácter de permanente pasará á situación de servizos especiais. En ambos os supostos cum-

prirá condicións para ser avaliado para o ascenso, da forma que se determine regulamentariamente.

Disposición derradeira sexta. *Corpos de Enxeñeiros dos Exércitos e Corpo Militar de Sanidade.*

1. Cando en función da reforma das titulacións de grao e posgrao de enxeñeiros se actualicen as súas atribucións profesionais e se adecue a súa integración nos grupos de clasificación dos funcionarios ao servizo das administracións públicas e tendo en conta a estrutura xeral de corpos, escalas e especialidades desta lei, o Goberno deberá remitir ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei que regule o réxime, escalas, empregos e funcións dos enxeñeiros nas Forzas Armadas.

2. En semellantes termos se actuará en relación co corpo militar de Sanidade, tendo en conta a ordenación das profesións sanitarias unha vez que se concreten no ámbito das administracións públicas as titulacións exixidas para o seu exercicio e a súa integración nos grupos de clasificación dos funcionarios.

Disposición derradeira sétima. *Adaptación do réxime do persoal do corpo da Garda Civil.*

1. O Goberno deberá remitir ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei que actualice o réxime do persoal do corpo da Garda Civil, cunha nova estrutura de escalas, na cal a escala superior de oficiais e a de oficiais se integren nunha soa e na que se regulen os sistemas de ensino e promoción profesional dos seus membros.

2. A formación para o acceso á nova escala de oficiais do Corpo da Garda Civil comprenderá, por unha parte, a formación militar e a de corpo de seguranza do Estado e, por outra, a correspondente a un título de grao universitario do sistema educativo xeral.

A formación militar e a de corpo de seguranza do Estado impartiranse na Academia de Oficiais da Garda Civil cos períodos que se determinen en centros docentes militares de formación das Forzas Armadas.

Os ministerios de Defensa e do Interior promoverán a creación dun centro universitario adscrito a unha ou varias universidades públicas en que se impartirán as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de grao universitario que se determinen conxuntamente para satisfacer as exixencias do exercicio profesional na Garda Civil. A titularidade dese centro, que se situará na Academia de Oficiais da Garda Civil, corresponderá ao Ministerio do Interior.

3. No artigo 26.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, suprimese a frase seguinte: «... non ter recoñecida a condición de obxector de conciencia nin estar en trámite a súa solicitude...»

Disposición derradeira oitava. *Recoñecemento do servizo militar.*

As Cortes Xerais expresan o seu recoñecemento a todos os españois que, cumprindo coas súas obrigas, serviron a España mediante a realización do servizo militar e rende especial homenaxe a aqueles que perderon a vida.

Disposición derradeira novena. *Recoñecemento de servizos prestados no territorio de Ifni-Sahara.*

1. As Cortes Xerais recoñecen a entrega e sacrificio dos que, cumprindo o servizo militar obrigatorio, estiveron integrados en unidades expedicionarias das Forzas Armadas destacadas no territorio de Ifni-Sahara e participaron na campaña dos anos 1957 a 1959.

2. O Ministerio de Defensa desenvolverá programas de apoio que permitan recoñecer o labor levado a

cabo polos que participaron nas citadas campañas, contribuírá ás actividades das asociacións que os agrupan e elaborará unha lista de participantes na contenda para estudar posteriormente axudas nominais.

Disposición derradeira décima. *Xuramento ou promesa dos españois ante a bandeira de España.*

1. Os españois que o soliciten poderán manifestar o seu compromiso coa defensa de España, prestando o xuramento ou promesa ante a bandeira, coa seguinte fórmula:

«Españois! Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado, con lealdade a El-Rei, e se preciso for, entregar a vosa vida en defensa de España?» ao cal responderán: «Si, facémolo!»

2. O acto de xuramento ou promesa ante a bandeira celebrarase de forma similar á establecida no artigo 7.

3. O ministro de Defensa establecerá o procedemento para solicitar e exercer este dereito.

Disposición derradeira décimo primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.^a da Constitución.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19885 *ORDE EHA/3352/2007, do 19 de novembro, pola que se aproban o modelo 140, de solicitude do aboamento anticipado das deducións do imposto sobre a renda das persoas físicas por maternidade e por nacemento ou adopción, e o modelo 141, de solicitude do pagamento único por nacemento ou adopción de fillo, se determina o lugar, forma e prazo da súa presentación e se modifica a Orde do 27 de decembro de 1991, pola que se ditan instrucións verbo do réxime económico financeiro da Axencia Estatal de Administración Tributaria. («BOE» 278, do 20-11-2007.)*

O artigo 81 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio (en

diante, Lei do imposto), regula a dedución por maternidade, en virtude da cal e a teor do establecido no punto 1 do citado artigo, as mulleres con fillos menores de tres anos con dereito á aplicación do mínimo por descendentes a que se refire o artigo 58 da citada lei, que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dadas de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade, poderán minorar a cota diferencial do imposto sobre a renda das persoas físicas ata en 1.200 euros anuais por cada fillo menor de tres anos.

Nos supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, a dedución poderase practicar, con independencia da idade do menor, durante os tres anos seguintes á data de inscrición no Rexistro Civil. Cando a inscrición non sexa necesaria, a dedución poderase practicar durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare. En caso de falecemento da nai, ou cando a garda e custodia se atribúa de forma exclusiva ao pai ou, de ser o caso, a un titor, este terá dereito á práctica da dedución pendente, sempre que cumpra os requisitos previstos para ter dereito á súa aplicación.

O punto 2 do citado artigo 81 dispón que a dedución se calculará de forma proporcional ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos establecidos no punto 1 e terá como límite, para cada fillo, o importe íntegro sen bonificacións das cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades devengadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento ou adopción.

Pola súa banda, o punto 3 establece que se lle poderá solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o aboamento da dedución de forma anticipada, e no 4 habilitase a norma regulamentaria para a regulación do procedemento e condicións para ter dereito á práctica da dedución, así como os supostos en que se poida solicitar de forma anticipada o aboamento desta.

En uso da referida habilitación normativa, o artigo 60 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo (en diante, Regulamento do imposto), dispón no seu punto 5, ordinal 1.^o, que os contribuíntes con dereito á aplicación da dedución por maternidade poderán solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o seu aboamento de forma anticipada por cada un dos meses en que estean dados de alta e cotizando no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade, con carácter xeral, durante un mínimo de quince días.

Polo que respecta á tramitación do aboamento anticipado da dedución, o ordinal 2.^o deste mesmo punto habilita o ministro de Economía e Facenda para establecer o lugar, forma e prazo de presentación da solicitude do aboamento anticipado mensual da dedución, así como para determinar os casos en que a devandita solicitude se poderá formular por medios telemáticos ou telefónicos. A Axencia Estatal de Administración Tributaria, á vista da solicitude recibida e dos datos existentes no seu poder, aboará, se procede, de oficio e á conta do importe da dedución por maternidade, mediante transferencia bancaria, a cantidade mensual e sen rateos de 100 euros por cada fillo. Non obstante, cando concorran circunstancias que o xustifiquen, o ministro de Economía e Facenda poderá autorizar o aboamento por cheque cruzado ou nominativo.

Finalmente, o ordinal 3.^o do comentado punto sinala que os contribuíntes con dereito ao aboamento anticipado da dedución por maternidade estarán obrigados a lle comunicar á Administración tributaria as variacións que afecten o seu aboamento anticipado, así como cando, por algunha causa ou circunstancia sobrevida, incumpran algún dos requisitos para a súa percepción. A comunicación efectuarase utilizando o modelo que, para estes efectos, aprrobe o ministro de Economía e Facenda, quen